



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL DO
PLENO

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA
TRES DE SETEMBRO DO ANO 2021**

No Auditorio Municipal de Ourense, sendo as nove horas do día **tres de setembro de dous mil vinte e un**, previa convocatoria en legal forma, reuníronse na casa do concello os concelleiros e concelleiras: **Rafael Rodríguez Villarino; Natalia González Benítez; Javier Rey Rey; Rosa Martínez Rodríguez; Wilson Domingo Jones Romero; Juana María Ageitos Gude; Borja López Trigás; Jesús Vázquez Abad; Eugenia Díaz Abella; Flora Moure Iglesias; Jorge Pumar Tesouro; Ana María Fernández Morenza; Sonia Ogando Vázquez; José Mario Guede Fernández; Gonzalo Pérez Jácome; Armando Ojea Bouzo; Telmo Manuel Ucha Álvarez; José Araújo Fernández; Xosé Luís Seara Fernández; Rhut Marina Reza Álvarez; María Teresa Rodríguez Garrido; José Miguel Caride Domínguez; María del Mar Fernández Dibuja; Laureano Bermejo Ansia**. Presididos polo Sr. Alcalde, **don Gonzalo Pérez Jácome**. Asistidos polo Sr. Interventor, **don Gonzalo Alonso Álvarez**, e por min, o secretario xeral do Pleno, **don Luís María Bermúdez de la Puente Villalba**, para celebrar sesión **ordinaria**, conforme á orde do día cursada oportunamente.

NON ASISTEN: Don José Rúas Araújo e don Manuel Álvarez Fernández.

ALCALDÍA: Hoxe comeza o curso político 2021-2022, basicamente. O primeiro pedirilles desculpas polo tema de que non se poden facer hoxe as fotos para a nova páxina web do concello en que se ían sacar as fotos de todos os concelleiros. Desculpas porque chegaron uns minutos antes.

E dicirlles tamén que neste pleno nos acaba de avisar de que se retira a emenda 5.7, unha emenda que fai na 5.7 do PSOE, que fai unha emenda, pois retiran esa emenda.

Temos un pleno que, en principio, é bastante áxil con 8 puntos de debate, que realmente quedan en 7 porque hai dúas mocións que se van debater conxuntamente, que son as mocións 5.5 e 5.7, que se debaten conxuntamente e se votan por separado.

Hai un punto, parte resolutiva, que si sería vinculante, e logo as mocións. Entón quedan 7 mocións, 6 debates no que serían aqueles puntos non vinculantes.

Imos dar lectura e pasar punto por punto.

1.- Aprobación da acta do Pleno Ordinario do 2 de xullo de 2021

Posta a aprobación da acta do Pleno da sesión ordinaria do día 2 de xullo de 2021, apróbase por asentimento unánime.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

2.- Posta en coñecemento das resolucións ditadas dende a data de celebración do último Pleno e, en especial, dos seguintes:

- Decreto núm. 6011, do 4/08/2021, sobre delegación temporal da Alcaldía no tenente de alcalde, don Armando Ojea Bouzo, o día 5 de agosto de 2021.
- Decreto núm. 6066, do 10/08/2021, sobre delegación temporal das funcións da Área de Servizos Sociais, que están atribuídas á concelleira dona Eugenia Díaz Abella, na concelleira dona Ana María Fernández Morenza dende o día 9 ao 13 de agosto de 2021, ambos os dous incluídos, e na concelleira dona Flora Moure Iglesias dende o día 17 ao 25 de agosto, ambos os dous incluídos.
- Decreto núm. 6120, do 10/08/2021, sobre delegación temporal das funcións da Área de Medio Ambiente, que están atribuídas ao concelleiro don Jorge Pumar Tesouro, na concelleira dona Ana María Fernández Morenza dende o día 14 ao 22 de agosto de 2021, ambos os dous incluídos.

O Concello Pleno deuse por informado dos decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende a data de celebración do último Pleno.

3.- Posta en coñecemento do decreto da Alcaldía-Presidencia sobre o nomeamento de representantes dos cidadáns nas xuntas de área (III)

“DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA SOBRE O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DOS CIDADÁNS NAS XUNTAS DE ÁREA (III).- Ourense, na data de sinatura electrónica.

O artigo 123.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, dentro do seu Título X introducido polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003, de 16 de decembro; establece que lle corresponde ao Pleno, entre outras a seguinte atribución: *“A determinación dos niveis esenciais da organización municipal, entendendo por tales as grandes áreas de goberno [...], sen prexuízo das atribucións do Alcalde para determinar o número de cada un de tales órganos e establecer niveis complementarios inferiores.”*

O Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense, aprobado polo Pleno da Corporación do Concello de Ourense, fiel ao mandato legal recollido no artigo 123, dispón no seu artigo 118.1 que *“Os servizos administrativos do Concello estrutúranse en áreas, que se determinarán tendo en conta os grandes contidos da actividade administrativa municipal de acordo co previsto no artigo 123.1 da Lei 7/1985.”*

O apartado 2 do mencionado artigo 118 atribúelle ao Alcalde o establecemento da organización e estrutura da administración municipal executiva, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Pleno en materia de organización municipal. Asemade, correspóndelle precisar o contido competencial de cada unha, así como no seu caso refundir e detallar.

O artigo 121.1 do referido Regulamento Orgánico, establece que *“Dentro de cada Área, e referido a materias que non sexan exclusivas do Pleno, o Alcalde ou concelleiro en quen delegue poderá convocar reunións con carácter periódico, que se denominarán “Xuntas de Área”, das que formarán parte todos os grupos políticos de acordo coa súa representación proporcional no Concello, e que terán por obxecto dar conta do funcionamento ordinario da área. Durante cada*





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

sesión o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, ou funcionario en quen delegue, tomará as notas necesarias para redactar a acta na que se consignará:

- a) Lugar da reunión, con expresión do local onde se celebre.*
- b) Día, mes, ano e hora en que comeza.*
- c) Nome e apelidos do presidente e dos concelleiros presentes.*
- d) Cando concorra, nome e apelidos dos funcionarios que foran chamados para comparecer ou asistir.*
- e) Asuntos que se examinan.*
- f) Opinións sintetizadas dos concelleiros.*
- g) Incidentes que se produzan e sezan dignos de sinalarse.*
- h) Hora en que se levanta a sesión.”*

O artigo 8 do Regulamento orgánico de participación cidadá do Excmo. Concello de Ourense, aprobado polo Pleno do Concello o 07.07.2006 e publicado no BOP de Ourense núm. 153 do 04.07.2007, establece o seguinte:

“As Xuntas de Área do Concello poderá asistir con voz un representante dos cidadáns para se informar dos asuntos de interese xeral e do seu ámbito de actuación. Será nomeado polo alcalde a proposta da federación de veciños polo período dun ano ou tempo que se estableza na proposta.”

Visto o informe xurídico emitido polo Xefe da Asesoría Xurídica de data 14.06.2019 sobre a interpretación do artigo 8 do Regulamento orgánico de participación cidadá e no que conclúe a posibilidade de que as dúas federacións de asociacións de veciños existentes na actualidade en Ourense poidan participar nas Xuntas de área, séndolles aplicable ó réxime de obriga de reserva e sixilo previsto no artigo 16.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF)

Visto o decreto núm. 2021005934 do 29.07.2021 polo que se regula a determinación, composición e funcionamento das Xuntas de área e se revoga o decreto núm. 2021004089 do 20.05.2021.

Visto o escrito con rexistro de entrada WEB2021010901 do 29.07.2021 asinado electronicamente por don Manuel Mosquera Rodríguez en nome e representación e en calidade de presidente da Federación de AA.VV de Ourense “Limiar”, con CIF núm. G32226276, no que propón o nomeamento dos representantes da dita entidade para cada unha das xuntas de área do Concello.

Visto o escrito con rexistro de entrada WEB2021011857 do 20.08.2021 asinado electronicamente por dona Lorinda Fernández Faria en nome e representación e en calidade de presidenta da Agrupación Miño de Asociacións Veciñais do Rural e a Periferia de Ourense, con CIF núm. G32408023, no que propón o nomeamento dos representantes da dita entidade para cada unha das xuntas de área do Concello.

De conformidade co exposto, e ao abeiro do disposto no artigo 124.4 b) e k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación cos artigos 118 a 121 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense; e 8 do Regulamento orgánico de participación cidadá do Excmo. Concello de Ourense, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear, de conformidade coa proposta efectuada pola Federación de AA.VV de Ourense “Limiar” mediante un escrito con rexistro de entrada WEB2021010901 do 29.07.2021, os representantes dos cidadáns da dita entidade en cada unha das Xuntas de Área do Concello que se indican. O nomeamento farase polo período de dous anos. Antes de que finalice o dito período, a entidade deberá presentar unha nova proposta de nomeamento. Calquera cambio que se produza nos representantes antes da finalización do período de nomeamento deberase comunicar ó Concello.

URBANISMO E INFRAESTRUTURAS, EDUCACIÓN, PROMOCIÓN ECONÓMICA, CULTURA, CONTRATACIÓN E PERSOAL

Representante:





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

- Manuel Mosquera Rodríguez.

Suplentes:

- José Luis Lorenzo Blanco
- Senén Rodríguez Vázquez
- Rafael Camilo García Losada

PARTICIPACIÓN CIDADÁ, TURISMO E TERMALISMO

Representante:

- Manuel Mosquera Rodríguez.

Suplentes:

- Patricia Helvira Santamaría Hervella
- Milagros Fernández Fernández
- José Antonio Andrade Castro

COMERCIO, SERVIZOS XERAIS E SEGURIDADE CIDADÁ

Representante:

- Manuel Mosquera Rodríguez

Suplentes:

- José Luis Lorenzo Blanco con
- Rafael Camilo García Losada
- Patricia Helvira Santamaría Hervella

POLÍTICA SOCIAL, IGUALDADE, SANIDADE, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

Representante:

- Manuel Mosquera Rodríguez.

Suplentes:

- Miguel Ángel de Marcos Silván
- Milagros Fernández Fernández
- Alberto Rivero Fernández

MEDIO AMBIENTE E FACENDA

Representante:

- Manuel Mosquera Rodríguez.

Suplentes:

- José Luis Lorenzo Blanco
- Senén Rodríguez Vázquez
- Patricia Helvira Santamaría Hervella

Segundo.- Nomear, de conformidade coa proposta efectuada pola Agrupación Miño de Asociacións Veciñais do Rural e a Periferia de Ourense mediante un escrito con rexistro de entrada WEB2021011857 do 20.08.2021, os representantes dos cidadáns da dita entidade en cada unha das Xuntas de Área do Concello que se indican. O nomeamento farase polo período de dous anos. Antes de que finalice o dito período, a entidade deberá presentar unha nova proposta de nomeamento. Calquera cambio que se produza nos representantes antes da finalización do período de nomeamento deberase comunicar ó Concello.

URBANISMO E INFRAESTRUTURAS, EDUCACIÓN, PROMOCIÓN ECONÓMICA, CULTURA, CONTRATACIÓN E PERSOAL

Representante:

- José Manuel García Casares.

Suplente:





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

- Lorinda Fernández Faria.
- Rafael Mosquera Gómez.
- Manuel Solveira Pereira.
- Florencio Rodríguez López.
- Ángel Gómez Pazos

PARTICIPACIÓN CIDADÁ, TURISMO E TERMALISMO

Representante:

- Lorinda Fernández Faria.

Suplente:

- Ángel Gómez Pazos
- José Manuel García Casares
- Rafael Mosquera Gómez
- Manuel Solveira Pereira
- Florencio Rodríguez López

COMERCIO, SERVIZOS XERAIS E SEGURIDADE CIDADÁ

Representante:

- Ángel Gómez Pazos.

Suplente:

- Lorinda Fernández Faria.
- José Manuel García Casares
- Rafael Mosquera Gómez.
- Manuel Solveira Pereira.
- Florencio Rodríguez López.

POLÍTICA SOCIAL, IGUALDADE, SANIDADE, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

Representante:

- Ángel Gómez Pazos.

Suplente:

- Lorinda Fernández Faria.
- José Manuel García Casares
- Rafael Mosquera Gómez.
- Manuel Solveira Pereira.
- Florencio Rodríguez López.

MEDIO AMBIENTE E FACENDA

Representante:

- Ángel Gómez Pazos.

Suplente:

- Lorinda Fernández Faria.
- José Manuel García Casares
- Rafael Mosquera Gómez.
- Manuel Solveira Pereira.
- Florencio Rodríguez López.

Terceiro.- Esta resolución notificaráselle á Federación de AA.VV de Ourense “Limiar” e á Agrupación Miño de Asociacións Veciñais do Rural e da Perifeira de Ourense coa advertencia de que ós representantes das ditas entidades que acudan ás reunións das Xuntas de área fáiselles extensiva o réxime de obrigas previstas para os membros da Corporación recollido no artigo 16.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización,





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), consistente en gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten e evitar a reprodución da documentación que lles poida ser facilitada.

Cuarto.- Darlle traslado desta resolución aos concelleiros/as presidentes/as das Xuntas de Área respectivas, ó concelleiro-secretario da Xunta de Goberno local e ós funcionarios que realizan por delegación as funcións de secretarios das Xuntas de Área.

Quinto.- Darlle conta desta resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que teña lugar, sen prexuízo da súa efectividade dende o mesmo día da súa sinatura.

Sexto.- Derrogar o decreto núm. 2020006389 do 16.11.2020.

Sétimo.- Contra este acordo que pon fin a vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou ben, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, sen prexuízo da posibilidade de interpor calquera outro recurso que se estime procedente.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, do que eu como oficial maior accidental, dou fe.”

O Concello Pleno deuse por informado.

4.- Posta en coñecemento do informe de Tesouraría sobre o período medio de pago correspondente ao mes de xullo de 2021

INFORME DE TESOURERÍA

1.- NORMATIVA APLICABLE:

A lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecían as medidas de loita contra a morosidade das operacións comerciais, incorporou ó noso ordenamento xurídico a Directiva 200/35/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de xuño de 2000.

Transcorridos 5 anos dende a vixencia da citada norma, fíxose necesario a súa adaptación ós cambios producidos no entorno económico e modificación para que sexa aplicable, tanto no ámbito da empresa privada, como no do sector público. Esta modificación levouse a cabo coa Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 e decembro.

O artigo cuarto da citada norma establece:

“3.- Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

local, que incluíra necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4.- Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.”

O Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira”.

Con este Real Decreto dase cumprimento ó que establece a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, tras a reforma operada pola Lei Orgánica de Control da Débeda no Sector Público, que introduce o concepto de período medio de pago (PMP), como expresión do volume da débeda comercial, e establece a obriga de que todas as Administracións Públicas o apliquen e fagan público.

O obxectivo principal é contribuír a erradicar a morosidade das Administracións Públicas e controlar a débeda comercial, evitando a acumulación de atrasos no pago de facturas ós provedores.

A citada norma ten sido modificada no que se refire á **metodoloxía do cálculo do PMP** polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro. Como expón a información emitida polo propio Ministerio de Facenda, trátase con esa modificación de reforzar o cumprimento da normativa europea en materia de loita contra a morosidade, quedando a nova metodoloxía alineada coa normativa nacional, que traspón as directivas comunitarias, iniciándose o cómputo dos prazos, con carácter xeral, dende a aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, en lugar do criterio que se aplicaba ata a data, no que o inicio do prazo de cómputo producíase dende os 30 días seguintes á entrada da factura no rexistro administrativo.

A nova **metodoloxía do cálculo do PMP** non permite que o dato resultante tome valor negativo si a Administración paga antes de trinta días naturais dende a presentación das facturas ou certificacións de obra.

2.- INFORME:

Establece o Real Decreto 635/2014, modificado polo Real Decreto 1040/2017, unha metodoloxía económica común para o cálculo do período medio de pago a provedores, período medio que ven a medir o atraso no pagamento da débeda comercial en termos económicos.

Así, calcularase un período medio de pago global a provedores que comprenderá o de todas as entidades incluídas no artigo 2 da LO 2/2012 e, o período medio de pago de cada entidade. Para o cálculo do período medio de pago o Real Decreto precisa as facturas que deberán ser tidas en conta





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

e sinala, expresamente, aquelas que deberán ser excluídas. Estes cálculos, no caso das Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do TRLRFL aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo, será mensual.

A metodoloxía establecida para o cálculo do período medio de pago a provedores é a seguinte:

Artigo 4: “Cálculo do período medio de pago global a provedores”

\sum (período medio de pago de cada entidade * importe operacións da entidade)

período medio de pago = _____

global a provedores \sum importe operacións das entidades

“Se entenderá por importe de las operacións da entidade o importe total de pagos realizados e de pagos pendentes nos termos indicados nos artigos seguintes”

Artigo 5 (do RD 635/2014 de 25 de xullo, modificado polo RD 1040/2017, de 22 de decembro): “Cálculo do período medio de pago de cada entidade”

1.- Aos efectos do cálculo do período medio de pago global ao que se refire o artigo anterior, o período medio de pago de cada entidade calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

rateo operacións pagadas*importe total pagos realizados + ratio operacións pendentes de pago*importe total pagos pendentes

período = _____

medio de pago $\frac{\text{importe total pagos realizados} + \text{importe total pagos pendentes}}{\text{importe total pagos realizados} + \text{importe total pagos pendentes}}$

2.- Para os pagos realizados no mes, calcularase o cociente das operacións pagas de acordo coa seguinte fórmula:





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Σ (número de días de pago * importe da operación pagadas)

rateo das operacións = _____

pagadas Importe total de pagos realizados

Entenderase por número de días de pago, os días naturais transcorridos desde:

- A data de aprobación das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.
- A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.
- A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata a data de pago material por parte da Administración, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.

Nos supostos nos que non haxa obrigaición de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.

No caso das facturas que se paguen con cargo ao Fondo de Liquidez Autonómico ou con cargo á retención de importes a satisfacer polos recursos dos réximes de financiamento para pagar directamente aos provedores, considerarase como data de pago material a data da proposta de pago definitiva formulada pola Comunidade Autónoma ou a Corporación Local, segundo corresponda.

3. Para as operacións pendentes de pago ao final do mes calcularase a cociente de operacións pendentes de pago de acordo coa seguinte fórmula:

Σ (número de días pendentes de pago * importe da operación pendente de pago)

rateo de operacións = _____

pendentes de pago Importe total de pagos pendentes

Entenderase por número de días pendentes de pago, os días naturais transcorridos desde:

- A data de aprobación das certificacións de obra ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.
- A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.
- A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados,





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.

Nos supostos nos que non haxa obrigaón de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.”

Lémbrese que o concello de Ourense ten establecido o procedemento de conformidade de facturas para todos os bens ou servizos prestados polo que lle son de aplicación os apartados a) e b) de cada un dos supostos de cálculo do rateo de operacións pagadas e pendentes de pago

Aplicando a metodoloxía establecida no citado Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, os períodos medios de pago resultantes no mes de XULLO de 2021 son:

	Concello	Consello Municipal de Deportes (*)
Rateo de operacións pagadas	39,49	19,39
Importe de operación pagadas	1.842.548,80 €	51.098,28 €
Rateo de operacións pendentes de pago	56,06	17,00
Importe de operacións pendentes de pago	5.378.095,14 €	12.219,80 €
PMP de cada entidade	51,83	18,93
Período medio de pago global a provedores	51,54	

(*) datos proporcionados polo administrador do CMD, xúntase documentación xustificativa

No cálculo dos períodos medios de pago, tal e como establece o artigo 3 do Real Decreto 635/2014, só se serán en conta as facturas expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas e as certificacións de obra aprobadas dende a esa data. Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñen a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional, así mesmo, quedan excluídas as obrigas de pago que foron obxecto de retención dende esta Tesourería como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos similares ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Tendo en conta que o período medio de pago global resultante no Concello para o mes de XULLO de 2021 é de **51,54** días, estase a **incumprir** o prazo previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecían as medidas de loita contra a morosidade das operacións comerciais.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, establece no artigo 10: “Os órganos ou unidades administrativas que teñan atribuída a función de contabilidade nas Administracións Públicas efectuarán requirimentos periódicos de actuación respecto ás facturas pendentes de recoñecemento de obrigas, que serán dirixidos aos órganos competentes”.

endo en conta o sinalado, achégase como ANEXO I ó presente informe, copia do requirimento efectuado no mes de XULLO de 2021 dende esta Tesourería ós servizos municipais que teñen facturas sen tramitar no rexistro de facturas que tiveron entrada no rexistro xeral do Concello con antigüidade superior a 30 días, (sexa por non estar devoltas, correctamente conformadas ou por presentar algún tipo de defecto subsanable polo servizo esixido dende a Intervención), no que se solicita, á vista dos prazos establecidos pola normativa vixente para a aprobación das facturas, procedan a realizar as actuacións pertinentes que permitan a tramitación do recoñecemento das obrigas.(ANEXO I-1). Nº expediente Cividas 2021030496

Como **ANEXO II**, achégase o informe de resume xerado polo programa de contabilidade no que se recolle o importe total das operacións pagadas e as pendentes de pago correspondentes ó mes de XULLO de 2021 que xeraron os rateos e período medio de pago resultante para o Concello.(ANEXO II-1 e ANEXO II-2)

Como **ANEXO III**, achégase os informes de detalle e resume xerados polo programa de contabilidade no que se recollen as operacións pagadas e as pendentes de pago correspondentes ó mes de XULLO de 2021 que xeraron os rateos e período medio de pago resultante para o Consello Municipal de Deportes, enviados a esta Tesourería dende o Organismo Autónomo.

O Pleno deuse por informado.

5.- Parte resolutiva

5.1 Modificación puntual do PXOU de 1986. Cambio de uso da parcela sita en carretera de Vigo, 1B (referencia catastral 2497004NG9826S0001DK), antigamente destinada a estación de autobuses de Ourense.

De conformidade co informe xurídico do Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística, con data do 8 de agosto de 2021, e a proposta que contén da Concellería de Urbanismo, con data do 12 de agosto de 2021, a Comisión de Pleno, por seis votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, concelleira non adscrita; e catro abstencións do Grupo Municipal Socialista e do Grupo Municipal do BNG, adopta o seguinte **ACORDO**:

Ditaminar favorablemente e elevar ao Pleno a seguinte proposta:

1º) Aprobar, a pedimento da Xunta de Galicia – Consellería de Política Social – Secretaría XeralTécnica, a Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1986 para o cambio de uso parcial da parcela sita na Estrada de Vigo, 1B (referencia catastral 2497004NG9826S0001DK) antigamente destinada de xeito parcial a Estación de Autobuses de Ourense, e da súa contorna pasando as partes da mesma e da contorna





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

qualificadas co uso de sistema xeral de transportes e comunicaciónes ós usos de sistema xeral de equipamento asistencial, sistema local de equipamento deportivo e sistema local de zonas de esparcemento e parques, segundo a documentación técnica obrante no expediente de data 12 de xullo de 2021 e co CSV FG607QL6A3T791K7.

2º) Ordear a publicación de dita documentación técnica no Diario Oficial de Galicia, ó abeiro do disposto nos arts. 82.2 da Lei de Galicia 2/2016 e 199.2 do seu Regulamento.

3º) Remitir a presente modificación puntual ó Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, o abeiro dos arts. 88 da Lei de Galicia 2/2016 e 209 do seu Regulamento

Todo elo en base ós informes emitidos polo Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística (técnicos de datas 9 de xuño de 2021 e 12 de xullo de 2021 e xurídicos de datas 10 de xuño de 2021 e 11 de agosto de 2021), que se integran no presente acordo coma motivación do mesmo e dos que se dará traslado á administración autonómica promotora mediante copia simple dos mesmos que serán achegados xunto coa notificación que diste acordo sexa practicada.

RÉXIME DE RECURSOS

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, non pode interpoñerse recurso de reposición potestativo ante o órgano que o ditou o abeiro do disposto nos arts. 84.1 da Lei de Galicia 2/2016 e 201.1 do seu Regulamento, por tratarse dunha disposición de carácter xeral.

Cabe interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación do mesmo ou da súa publicación, de conformidade cos artigos 8.1; 10. 1. a) e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

ALCALDÍA: Basicamente a intención disto é facer unha modificación puntual do PXOU de 1986 para que se poida obviamente cambiar o que é o destino da estación, a parcela na que estaba a antiga estación de autobuses no Pino, que agora mesmo a nova estación que se fixo ao carón da do tren, pois obviamente a outra non é necesaria, e entón esa parcela a intención é utilizala para unha obra que é da Fundación de Amancio Ortega, que é para facer unha residencia da terceira idade, unha residencia, en principio, de gran nivel. Un investimento que superaría 10 millóns de euros, que podería xerar máis de 100 postos de traballo e que é realmente algo que vén, digamos, que non vén das administracións, senón que vén do capital privado, co cal, como se adoita dicir, a cabalo regalado non lle mires o dente. Pero neste caso é de agradecer que veñan millóns de euros





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

fóra de Ourense para facer unha obra que se entende que ten demanda na sociedade como son as residencias da terceira idade.

Entón, desde o grupo de goberno, non sei se Sonia Ogando, que es ti, facer a primeira exposición, e despois debaten os demais grupos municipais e procederíamos á votación.

SRA. OGANDO VÁZQUEZ (PP): Moi bo día. Grazas, señor alcalde.

Por solicitude da Consellería de Política Social e para facer posible a construción dunha residencia para a terceira idade, solíciáselle ao Concello de Ourense a través da Concellería de Urbanismo realizar o trámite oportuno para un cambio de uso de terreos, antes destinado a unha estación de autobuses que agora non existe, para un uso dotacional asistencial, parte de parcela que será zona verde e parte de parcela para equipamento deportivo.

A Lei do solo de Galicia no seu artigo 42.5 prevé que se poida facer este tipo de cambios de tipo dotacional en equipamentos públicos, sempre coa aprobación do pleno, como é neste caso.

A solicitude foi analizada polos técnicos municipais, que solicitaron aclaracións á Xunta de Galicia, basicamente referidas á implantación dunha futura residencia e de rematar unha zona verde restante que quedara a disposición da cidade e dos veciños.

O expediente obtivo todos os informes favorables preceptivos. A parcela da antiga estación de autobuses de 19537 metros pasará a destinar 14599,87 metros para equipamento asistencial, para residencia da terceira idade. O resto será zona verde e equipamento deportivo para uso dos veciños.

Quero destacar dúas cousas. Este trámite para cambio de uso, cuxo voto pido para a súa aprobación, soamente é de seu un trámite para o cambio de uso. Non se definen nin se refire a outras posibles cuestións. Soamente é o primeiro trámite para poder construír unha residencia para os nosos maiores cunha zona verde e outra deportiva.

É unha residencia financiada totalmente pola Fundación Amancio Ortega, promovida pola Xunta de Galicia, que, ademais, é a titular das dúas parcelas en que se vai situar a residencia e supón un investimento aproximado de 12 millóns de euros para a nosa cidade, máis de 100 empregos e con 120 prazas para os nosos maiores. Custo para os cidadáns, cero. Polo tanto, reitero a miña solicitude de voto favorable para a súa aprobación.

Moitas grazas.

Os concelleiros non adscritos renuncian a tomar a palabra neste punto.

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): Bo día a todas e a todos.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

O debate xerado arredor do soar da antiga estación de autobuses desde que se soubo que se ía trasladar é o exemplo do disparate, da falla de criterio e da inexistencia de modelo de concello, e rebela tamén como se pode cambiar de criterio sen se ruborizar.

No ano 16 o Pleno do Concello de Ourense aprobaba un acordo promovido polo Grupo Municipal Socialista no que se instaba ao goberno municipal a solicitar os informes técnicos e xurídicos necesarios para revisión e redacción dun novo contrato cos propietarios e propietarias que no seu día cederon os terreos ao concello. E tamén pedían que se consensuara coa veciñanza do barrio ideas e propostas co fin de encargar un proxecto integral e adaptado ás necesidades da zona para a construción dun novo parque público na barrio.

Cuestión importante. Ese acordo foi aprobado por unanimidade. Aos poucos meses prodúcense as primeiras viraxes por parte do goberno municipal, daquela o Partido Popular, do señor Araújo e do propio alcalde, don Jesús Vázquez, que a pesar de votaren a favor dunha moción para que se construíra unha gran zona verde, un gran parque nesa zona, nunha zona na que viven case 1000 persoas rodeadas por asfalto e coches propoñen a construción dun aparcamento disuasorio. A primeira na fronte.

Pasados algo máis de dous anos, desde o primeiro acordo plenario, Ourense en Común pide iniciar os trámites necesarios para a convocatoria dun concurso de ideas que respecte o acordo do ano 16 e se garanta o uso público dos terreos onde se asentaba a antiga estación de autobuses. Segundo disparate. Só votan a favor da proposta o grupo propoñente, Democracia Ourenzana, e votan en contra o Partido Popular e abstense o Grupo Socialista. Aínda así sae adiante a moción.

Un fito moi relevante. En abril de 2019, un mes antes de que rematase o mandato pasado, ás portas das eleccións, o concello cédelle unha parcela á Xunta no camiño real de Cudeiro, barrio do Vinteún, para a construción dunha residencia para maiores cunha capacidade para 120 prazas. A parcela cedida mide algo máis de 7800 metros. Remata o mandato, dá inicio un novo mandato e en outubro do BNG, xa co BNG novamente na corporación. Somos nós os que presentamos unha moción con 2 puntos de acordo, que o concello se dirixa á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para recuperar a cesión dese soar e que se convoque un concurso de ideas para que os veciños e veciñas definan o uso sempre público que se desenvolvera na estación de autobuses, nese soar, unha vez que quedase en desuso. O pleno aproba o primeiro punto da moción e rexeita o segundo, e curiosamente Democracia Ourenzana vota en contra cando votara meses antes a favor do mesmo punto a unha moción de Ourense en Común.

Conto todo isto porque isto é a demostración notoria da incongruencia política e, como dixen antes, da falla de rigor e de modelo.

Pasaron os anos e chegamos a xaneiro de 2020, cando a Xunta modifica o plan inicial respecto ao futuro centro de maiores previsto no barrio do Vinteún co obxectivo de, e cito textualmente, “ofrecer á Fundación Amancio Ortega unha superficie maior, mellor situada e con condicións de base máis adecuadas para o desenvolvemento do proxecto, ademais dunha tramitación administrativa máis sinxela”.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

E aquí é onde está nai do año. Por que tendo unha parcela no barrio do Vinteún a Xunta decide cambiar a localización para un espazo moito peor entre unha mole de formigón e rodeado de estradas nacionais? A resposta é ben sinxela, porque a Xunta, coa conivencia do goberno, ou cando menos dunha parte del, precisaba ter a coartada perfecta para construír o pendello da Ponte o máis axiña posible.

O proxecto da futura residencia foi presentado á veciñanza do barrio poucos días despois, o venres 31 de xaneiro de 2020, logrando un certo consenso veciñal, pois o temor da veciñanza é que unha vez que entrase en funcionamento a nova estación de autobuses ese espazo quedase abandonado e sen utilidade.

Escoitadas as explicacións das representantes da Xunta, as veciñas e veciños dixerón si á residencia, pero a cambio dunha serie de compromisos: ampliación da rúa D, máis espazo verde, estamos falando de que no Vinteún había unha residencia de 7800 metros para 120 persoas, hai agora, como acaba de dicir a concelleira, unha superficie de 14500 metros para unha residencia de 120 persoas e porén a zona verde non se incrementa. E ese era un dos temores da veciñanza.

Continuarei na miña segunda quenda.

O Grupo Municipal de Ciudadanos renuncia a tomar a palabra nesta primeira quenda.

SRA. GONZÁLEZ BENÉITEZ (PSdeG-PSOE): Bo día a todos.

Neste primeiro punto da orde do día, que eu discrepo co que di a concelleira de Urbanismo, non se trata só dun cambio de usos. Un cambio de usos, á parte de ser un cambio de usos, repercute calquera modificación dun plan de urbanismo economicamente e tamén no modelo de cidade, cando temos modelo de cidade. Cando non o temos, non.

Isto vén todo, o que imos debater hoxe, dentro da mala planificación urbanística na que leva sumida esta cidade nos últimos 6 anos, pero non soamente porque non haxa un plan de urbanismo vixente, esteamos cun do 86, senón porque historicamente precisamente no barrio do Pino, máis concretamente, xógase un pouco ao que se vén xogando toda esta lexislatura e anteriores. Non é Ourense nin un lugar para xogar ao tetrís como Jácome nin ao Monopoly como o Partido Popular. Isto é algo máis serio e aquí hai que pór rigor e responsabilidade.

O Partido Socialista neste tema eu creo que sempre seguiu unha mesma liña e hoxe, e mañá seguramente, non a imos cambiar porque nós si que temos un modelo de cidade e si que temos un criterio en materia urbanística.

O tema da Residencia de Maiores do Pino? Eu creo que ningún dos que estamos aquí estamos en contra de que se constrúa un novo equipamento en Ourense, ningún, pero tampouco imos asumir a responsabilidade de que se xestione mal urbanisticamente esta cidade, e menos nós.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Nós en 2016, como ben dicía Luís, chegamos ao pleno do concello e levamos unha moción na que pediamos que esa parcela, de acordo cos veciños e con todos os grupos políticos que estades hoxe aquí, se destinara a un parque público para uso e goce veciñal. Todo estabamos de acordo, incluído o Partido Popular e Democracia Ourensana, que gobernan hoxe. Era un cambio de uso que se podía incorporar no novo plan, era algo que eu creo que beneficiaba claramente aos veciños, no que se apostaba polo interese público. Todos o tiñamos claro. Ata que despois en 2019, en 2019 primeiro, paralelamente se produce unha cesión dunha parcela no Vinteún polo anterior goberno do PP para a construción dunha residencia de maiores moi necesaria, de 120 prazas, etc., etc. E logo, dalgunha maneira, cambiouse de criterio e díxose non, hai que facela na parcela da estación de autobuses. A ningún de nós se nos consultou. Aquí chegouse, presentouse un proxecto diante dos veciños.

O que eu digo, a escusa perfecta para unha demolición expreso dunha estación e para endosarnos o pendello da estación de autobuses, algo que só beneficiaba ao Partido Popular e á Xunta de Galicia, algo co que sabían que hipotecarían a cidade, algo que sabían, como xa advertiramos, primeiro, que non se respectaba o acordo de todos, que non se primaba o interese público desde o minuto un, pero que, claro, non ía rascar porque ninguén vai ir en contra dun equipamento novo para a cidade que non custa un duro. Pero nós sempre o dixemos, e volvemos a este pleno, volvemos a este pleno no 2020 e trouxemos unha moción que dicía, por un lado, que se arranxaran esas paradas provisionais que se colocaron cando se demoleu a estación antiga de autobuses e tamén dicíamos “advertimos que co cambio de usos que se quere facer ten que ter todas as garantías legais e xurídicas para que non haxa problemas no futuro para o Concello de Ourense”. Pois hoxe podemos dicir que dende o Partido Socialista non consideramos que haxa esas garantías legais, non o consideramos, nin legais nin xurídicas. De feito, só hai que ver o expediente, os informes para ver que hai portas abertas a moitas cousas aí.

Entón, á marxe diso, a localización para nós é inapropiada. É inapropiado que estea unha residencia de maiores nun cruzamento de estradas, ao carón da zona termal. E, á parte diso, que o proxecto global non inclúa o que si demandaban os veciños, unha zona verde apropiada, etc., etc. A Xunta tratou de presentar ese proxecto, comprometerse cos veciños e agora parece ser que unha vez que xa temos o obxectivo cumprido nos esquecemos das demandas comprometidas.

Para nós, todo non é simplemente un cambio de usos. Esa parcela non hai que ser moi listos para saber que unha parcela que pasa dun contrato dos 80 como uso para a estación de autobuses a unha residencia de maiores ten unha recualificación moi importante, unha revalorización moi importante e que pode ter consecuencias no futuro.

Entón nós, seguirei na segunda quenda, pero, en principio, nós non imos perder a responsabilidade e a coherencia política, nin imos asumir culpas cando as culpas son doutros.

ALCALDÍA: Eu creo que o PSOE amosa as súas cartas. O BNG máis do mesmo, pero é realmente algo impresionante, está en contra de baixar o ibi, de feito votaron en





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

contra de baixar o ibi cando se baixou un 20%, era un dos ibi máis altos de España, baixouse grazas a Democracia Ourenzana e ao Partido Popular. E o PSOE non só votou en contra, senón que de cando en vez din que están en contra desa baixada. Entendo que sexan sinceros e digan aos cidadáns que se algunha vez agardan as eleccións, se a gañan en 2023, o normal é que suban o ibi para ser coherentes, se están en contra.

O outro día o PSOE e o Bloque votaron en contra da baixa do imposto de vehículos para todos os cidadáns un 40%, pero é que o SOE votou en contra de mercar autobuses para a cidade de Ourense, de 40 autobuses, que é necesario renovar a flota de urxencia e votaron en contra. Votaron en contra, ademais, das escaleiras mecánicas, mentres a ten Vigo, onde gobernan os socialistas, mentres as ten Eibar e onde as ten Santa Coloma de Gramanet, onde gobernan alcaldes socialistas, eles votan en contra en Ourense. Néganlle a Ourense o que teñen outras cidades. E agora unha fundación privada quere investir, regalar máis de 10 millóns de euros a Ourense e máis de 100 postos de traballo, eles din que non. Por que? Pola frase aquela que no seu día se dixo no Parlamento español, canto peor, mellor. Canto peor estea Ourense, eles cren que máis oportunidades electorais terán. Son como aquilo de Salomón, parte o neno en dous porque se non é meu, é mellor que non o teña ninguén. Eles que Ourense estea totalmente o diñeiro no banco, sen gastar, que Ourense estea ancorado nunha década anterior, tal como o deixaron eles, que foron os que realmente Ourense comezou ir para abaixo, cando comezaron a gobernar eles. E agora, que comezan a vir investimentos, que se pode rescatar o diñeiro do banco e utilizar na cidade e que, ademais, vén xente de fóra, mira que é difícil que veña xente de fóra a investir aquí, e vén xente de fóra e regala un diñeiro para unha obra social e o PSOE di “nin de coñas”, non sexa que quede ben e lles dea votos aos outros. Canto peor estea Ourense, mellor para o PSOE. Iso é o que eles cren.

Eu non sei quen lles asesora a vostedes realmente pero creo que vostedes deberían despedir ao asesor que teñen electoralmente. De feito, así lles vai, obviamente así lles vai. Creo que foi o que lles asesorou durante as negociacións tamén para conseguir a deputación e a alcaldía, creo que é o mesmo asesor, que así ven como quedaron. Son malignos para Ourense, totalmente daniños, teñen malicia e, ademais, eu creo que teñen unha curtidade de luces porque, electoralmente, isto para eles é unha hecatombe. Á parte de ser malos, realmente son dunha tremenda falla de luces. É algo increíble. Pero o triste de todo é que quen se prexudican son os ourensáns. Canto menos cousas haxa en Ourense o PSOE entende que mellor. E hoxe o que fixeron aquí é algo impresionante.

O outro día votaron en contra de baixar o imposto de vehículos e hoxe, por unha cuestión de diñeiro, dicían non, é que ese diñeiro nos pode facer falta. E hoxe votan en contra de que veña diñeiro de fóra para Ourense. Pero tamén votan en contra de que se merquen autobuses e que se reformen os parques de Ourense, que votaron en contra, do xardín do Posío tamén na última modificación de crédito. É algo inaudito.

Sinceramente, creo que vostedes van bater o récord de Barquero cando conseguiu 6 concelleiros. Eu vaticínolles 5.

SRA. OGANDO VÁZQUEZ (PP):





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

En fin, eu oio falar aos meus compañeiros e non acredito. Eu non sei o que non se entende aquí. Aquí vimos soamente a aprobar un cambio de uso. É soamente un primeiro paso que nada ten que ver con outras cuestións e a súa tramitación posterior. É un tema limitado, non hai carencia de información ningunha e consta todo o necesario no expediente e é un trámite con todos os informes favorables. En numerosas ocasións o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista por unanimidade aprobaron cambios de uso solicitados por eles como a residencia de Barrocás, o parque temático e demais. Isto está permitido pola lei no artigo 42.5 da Lei do solo de Galicia e o artigo 66.5 do seu regulamento. Permite o cambio de usos sempre que se manteña a titularidade pública ou se incrementen as zonas verdes e espazos libres públicos.

Aquí as dúas parcelas son titularidade da Xunta de Galicia. Véñenme dicindo co cambio de situación, outras veces nas súas arengas co tema dos reversionistas. O cambio de localización. Este cambio de localización só atinxe á Xunta e non ao Concello de Ourense. Ela é a titular das parcelas, e sendo actualmente unha futura residencia ou unha magnífica finca, súa e decide situalos nunha situación privilexiada. Esa é a súa decisión.

Paréceme e resúltame doloroso, ademais, intervir neste momento porque me resulta incomprendible que sexan capaces de darlle as costas á cidade e bloquear un dos proxectos máis importantes dos últimos tempos. Tráese ao pleno só, repito, só o trámite, un simple trámite para un cambio de uso. Cambiar o uso da antiga estación de autobuses, que agora é inexistente e crear unha residencia de anciáns e de persoas maiores, dos nosos maiores, cun investimento de 12 millóns de euros, máis de 100 postos de traballo e 120 prazas para os nosos maiores.

Hai que axudar e facilitar en todo o posible a construción desta residencia de maiores, que cumpre con todas as garantías porque aquí só vimos a un cambio de uso. Eu non sei que gañan vostedes privando a esta cidade dun investimento semellante, non sei que explicación lles van aos cidadáns porque eu, reitero, isto simplemente é un simple trámite, un simple trámite para o cambio de uso. Non se refire a outras cuestións.

Moitas grazas.

ALCALDÍA: Recordo que é necesario nesta votación deste punto, non se pode ser tépedo porque é necesario realmente... non vale a maioría, non valería absterse porque é necesario 14 votos da corporación, co cal unha abstención equivalería realmente a votar en contra neste sentido, de facto.

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG):

Vou ser un pouco máis concreto. Antes fixen así un relato histórico.

Despois de escoitar o alegato do alcalde, eu lémbrolle que hai meses el pedía que se fixera aí un aparcamento nese soar no que agora di que se faga unha residencia.

A finca non é da Xunta, señora Ogando, a finca non é da Xunta, e voullo demostrar agora. Á vista da documentación e tendo en conta que descoñecemos o proxecto, que non





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

se sabe como pretende ocupar a Xunta esa parcela, vostedes, señores do goberno, poden afirmar aquí agora que as demandas das veciñas e veciños quedan plenamente garantidas? Alén de que nos parece que a localización da futura residencia de maiores non é a máis acaída e de que o modelo de xestión tampouco, nós non cuestionamos a necesidade dunha residencia. Todo o contrario, ao longo deste anos levamos pedindo ata a saciedade, tanto no concello como no Parlamento de Galiza, que o PP cumpra co prometido. E tampouco facemos causa dos mecanismos para o cambio de cualificación urbanística porque, como queda acreditado no expediente, están axustados a dereito. Máis hai algunhas cuestións que convén clarexar para evitar sobresaltos no futuro.

O que nos preocupa é que queden cuestións sen resolver que poidan acabar provocando problemas e, en consecuencia, un prexuízo para os intereses do concello. Sabemos que a parcela en cuestión é unha única parcela que agrupa tres fincas. Sabemos que os propietarios da fincas, como así consta, en escritura pública outorgada ante notario, cederon os terreos ao concello cunha serie de condicións, que os terreos obxecto da cesión teñen que destinarse exclusivamente a crear e instalar unha estación de autobuses de interese xeral e que non só non poderá ter outro destino que o previsto na cesión dos antigos propietarios.

As consecuencias do incumprimento destas condicións aparecen recollidas na estipulación quinta da devandita escritura notarial, establecéndose un dereito de reversión. Eu non sei o que saben os técnicos do concello a respecto desta cuestión, pero nós tamén pedimos información. Eu asegúrolle que eu falei coa persoa que levou a solicitude do dereito de reversión da finca Santa Mariña e que, por certo, gañou, onde tampouco había dereito de reversión. Simplemente o digo para que quede constancia de que aquí, cando tomamos decisións, tomámolas perfectamente asesorados. E, ademais, isto non o digo eu, díxoo o señor Caride, avogado de profesión e ata hai meses concelleiro de Infraestruturas, existe un posible dereito de reversión, dado que o convenio asinado entre concello e propietario foi finalista. E dixo máis, volvendo ao debate plenario dixo que en calquera caso hai que negociar cos antigos propietarios dese terreo porque, claro, evidentemente, hai outra solución, iniciar un procedemento expropietario, pero tamén é unha cuestión de profundo debate porque un procedemento expropietario pode custar arredor dos 3 millóns e medio de euros. Isto é o que dicía o señor Caride daquela.

O cambio que se pretende non só afecta a un cambio de uso, senón tamén a unha cualificación dos terreos como xa dixo a señora Natalia. É unha cuestión preocupante porque, insisto, nós debemos ter todas as cautelas posíbeis. E hai unha pregunta que se fai obrigada logo de escoitar o que dicía o señor Caride daquela, insisto, concelleiro de Infraestruturas.

Negociouse cos propietarios ou dáse por certo que os predios son titularidade da Xunta para todos os efectos? Porque se partimos da premisa de que os terreos son da Xunta insisto que podemos ter un problema futuro.

Estes aspectos, xunto coa pouca información a respecto do proxecto, non queda, desde logo, recollido, como dicían os técnicos a necesidade de que haxa un proxecto técnico que diga como se vai incorporar nese espazo todas as demandas das veciñas e





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

veciños. A nós por un principio de cautela o que nos obriga é a que esta cuestión se retire da orde do día e así o queremos solicitar.

Tamén o dicimos claramente, se non se acepta a retirada da orde do día, nós ímonos abster.

ALCALDÍA: Volvo reiterar que o punto da abstención neste debate é obviamente algo obstrucionista totalmente. É dicir, fan falla 14 votos, eu abstéñome e evito que isto saia adiante, co cal estou colaborando obviamente como se fose un non. É algo realmente increíble.

Agora vai falar o señor Pepe Araújo de Ciudadanos, que queremos saber cál é a súa postura xa que nos últimos meses amosou unha postura non obstrucionista e non daniña coa cidade, a diferenza do PSOE e Bloque, que manteñen esa liña.

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS): Grazas. Bo día a todas. Graciñas, señor alcalde. A verdade é que se vostede me bota así piropos, a continuación terei os dardos envelenados do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista. Pero terémonos que acostumar a todo iso.

O certo é que se falamos de política construtiva desde logo temos que ir por outro camiño completamente diferente.

En primeiro lugar, quixera aclarar aos veciños que todos os puntos da orde do día do pleno de hoxe, agora veñen as mocións nas que se reflicte o posicionamento político de cada un de nós nas cuestións importantes da cidade, cada un fai as súas exposicións, pero hai puntos da orde do día como este que si que son decisivos e onde si conta o voto, si que o voto que asumamos cada un implica que o futuro da cidade vaia por un camiño ou vaia polo outro.

Eu levo tempo escoitando no discurso, sobre todo do BNG e do Partido Socialista, a necesidade de prazas públicas para a cidade en xeral e sabemos todos que hai un déficit de prazas públicas na cidade, concretamente na materia de asistencia aos nosos maiores.

Quixera facer un aparte para ter un recoñecemento coa Fundación Amancio Ortega, que é un exemplo de éxito empresarial, concretamente o grupo Zara e todo o que representa. E, desde logo, eu polo menos o vexo así, eu creo que todas as corporacións das grandes cidades debiamos ter ese recoñecemento para unha persoa, para unha familia que ten demostrado un éxito empresarial a nivel mundial e que decide facer doazóns a cada unha das cidades galegas e a moitos recunchos de Galicia, doutros lugares do Estado para que mellore a calidade de vida dos seus veciños, que podería non facelo como outros que non teñen esa capacidade ou esa xenerosidade. Así que vaia por diante o agradecemento desde o meu grupo para esta fundación por se ter acordado porque xa o fixo hai moi pouco e hoxe temos un exemplo de espazo noutra zona da cidade precisamente grazas á xenerosidade da Fundación Amancio Ortega.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

A partir de aí e vendo a necesidade de espazos públicos, preséntase unha estratexia por parte da Xunta de Galicia na que se lle pode criticar a construción da estación de autobuses no sentido de que non asumiron a demanda da cidade en canto á utilización dese espazo pero non se lles pode criticar, ou polo menos eu penso que lle hai que recoñecer a celeridade coa que actuaron neste soar do que hoxe falamos.

E dito iso, a min explíquenme como é posible que vaiamos chimpar abaixo un investimento que significa máis de 12 millóns de euros para Ourense, se isto non é defender o público, cando vén dunha fundación diñeiro para o público, para un terreo público, independentemente da titularidade da Xunta de Galicia ou do concello, díganme vostedes a min que significa que este terreo desde o punto de vista especulativo estea na titularidade da Xunta de Galicia e teña unha cualificación diferente. Entón, chimpamos abaixo 12 millóns de euros de investimento, máis de 120 prazas para os nosos maiores, próximas ao centro da cidade e máis de 100 empregos públicos. Explíquenme exactamente cál é a estratexia política que seguen vostedes, señores do Partido Socialista e do BNG, porque descoñezo o papel que vai xogar o grupo de non adscritos para chimpara abaixo este investimento.

E, por certo, falando de criterio político e urbanístico, dona Natalia, vostede di que teñen un criterio político, eu penso que polo menos teñen dous: o seu e o do señor Villarino, polo menos no que se vai vendo publicamente, polo menos no que se vai vendo publicamente, non sei se hai máis, pero dentro do punto de vista político, do criterio político, eu polo menos percíbolles dous.

Votamos a favor do punto este.

SRA. GONZÁLEZ BENÉITEZ (PSdeG-PSOE):

A verdade é que están vostedes moi ben instruídos para culpabilizar aos demais da frustración de non ter traballado isto e sacado mediante un consenso. Iso é facer as cousas ben por unha vez.

Señora Ogando, non me compare a política urbanística do Partido Socialista en canto a modificacións puntais coa súa. Dígolle varios exemplos e coa Xunta de Galicia de por medio. O novo Centro de Saúde do Couto, o novo edificio xudicial, así de primeiras, a cesión da parcela no Vinteún para un centro de saúde que aínda estamos agardando. Iso é xestión. O seu, xa lle digo, non me atrevo dicir ata que punto pero eu creo que teñen que repensalo. Por iso hoxe nós...

Ben, tamén lle quería dicir ao señor alcalde que fala de coherencia e de que unha abstención é un voto en contra. Por analoxía se vostede se abstén sempre que hai un tema importante da Xunta para a cidade é que vostede boicotea a cidade tamén. Entón a súa coherencia e a validez do seu discurso para min é cero.

E xa lles digo, non imos consentir que se nos culpabilice a nós e a outros grupos por te unha coherencia e unha responsabilidade. A culpa é súa. E a frustración é súa. Fagan





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

as cousas ben urbanisticamente e non teremos ningún problema en aprobar ou votar todo o que sexa beneficioso para a cidade.

E xa repito, nós nunca imos estar en contra dun equipamento novo para esta cidade, que xere postos de traballo, etc., etc. Eu, desde logo, non lle vou consentir esa demagogia.

E dicirilles tamén, para que comparen tamén un pouco o que é a planificación urbanística, hoxe espertamos sabendo que a Xunta de Galicia acaba de autorizar outro centro de maiores na rúa Vicente Risco, no barrio da Ponte. A vostedes parécelles normal que nun espazo de menos de 500 metros, se planificamos ben urbanisticamente, haxa dúas residencias de maiores de 120 prazas? Parécelles normal? Están de acordo con iso? Todos estamos de acordo que as haxa, pero non é o mesmo ter unha en Barrocás, que, por certo, xestionamos os terreos nós, que tes dúas nun espazo de 500 metros. E que non podemos facernos trampas. Hai que ser coherentes e hai que defender o que non supoña un risco para o concello. Hai que ter responsabilidade. Non hai que gañar o discurso, hai que facer o que realmente interesa a futuro.

Por iso hoxe nós solicitamos tamén a retirada deste punto da orde para mellor estudo porque consideramos que pode saír adiante pero eu creo que ten o equipo de goberno que reflexionar. Nós non estamos en contra diso, pero teñen que facer as cousas ben.

E, á marxe diso, se non se retirara, por suposto, a nosa posición é a abstención. E non supón estar en contra, señor alcalde. Se supuxera estar en contra, entón vostede, que xa o está de moitas cousas, desde logo, si que faría un boicot á cidade.

E, sen máis, sexa cal sexa o resultado, eu creo que repensen todo, que hai que dialogar, non hai que chegar a este pleno desta maneira. Eu creo que dialogando é como se conseguen as cousas. Os únicos culpables de que isto non saia adiante son vostedes, vostedes que formaron un grupo de goberno de cantas? De catorce persoas, non? Se hoxe non teñen maioría de 14 absoluta para aprobar unha modificación puntual, non busquen culpables na oposición. Vostedes saberán por qué puxeron a este señor de alcalde, logo non lles valía e logo volveron. Vostedes son os que teñen que dar explicacións.

ALCALDÍA: Señor Villarino, esta señora é a que é rival seu na loita por ser candidato e na dirección do partido? Esta señora? Teñen vostedes un nivel malísimo no PSOE, meu deus. A mellor rival que tes é esta!

Fíxense no que dixo. Primeiro dixo que absterse neste caso que non é favorecer a obstrución. Por suposto que é. É como se van matar alguén, oe, fan falla 14 votos para que non se mate. Ah, eu abstéñome, eu non teño nada que ver. Di que eu me absteño en temas da Xunta, que Democracia Ourenzana se abstén en temas da Xunta. Imos ver. Naquelas mocións non vinculantes que non afectan a Ourense. Cando é un tema da Xunta de Galicia que afecta a Ourense sempre votamos, pero cando se trata dun tema de, por exemplo, un tema sobre o paro en España e que facedes mocións estatais, dicimos mira, isto non é de Ourense, isto non procede e abstémonos. E, en calquera caso, é algo que non é vinculante. Que mais dá, se son debates? Isto é vinculante. Os 12 millóns de euros que van investir de





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

fóra dependen do que votemos hoxe, non como as demais mocións, que son simples debates, simple farsa realmente.

Fíxense que bonito que hoxe en día estea todo gravado o que dixo Natalia Benéitez desde o seu micrófono, di que fagamos as cousas ben e eles non terán ningún problema en apoiar todo o que sexa beneficioso para a cidade. Ou sexa, alguén vén investir 10 millóns de euros ou 12 para facer unha residencia de anciáns e iso é prexudicial. Dixo textualmente non nos oporemos a aquilo que sexa beneficioso para a cidade. Oe, é que non se pode ser peor como políticos facendo dano. E logo mentiráns. Dío con toda a cara. Vai votar que non a un investimento de Amancio Ortega de 12 millóns de euros e di apoiaremos todo o que sexa beneficioso para a cidade. E logo que queren facer? Unha central nuclear? Vai facer unha central nuclear Amancio Ortega aí? Home, se fixese unha central nuclear podíamolo dicir, coño, acolloa a radiación por moito que digan que non pasa do máximo ou do que sexa, que non chega ao mínimo que se considera perigoso, ninguén quere unha central nuclear ao seu carón, pero van facer unha residencia. É algo realmente increíble.

Mire, son todo escusas, todo, todo escusas, todo. Agora que queren facer un investimento comezan a dicir coa lea do BNG, non, é que isto de aquí, o problema de reversión ao mellor despois ten un problema. Coño, se ten un problema terao a Xunta de Galicia e se hai que soltar 3 millóns de euros pola reversión e a indemnización vaino pagar a Xunta de Galicia. E, en calquera caso, aínda que tivésemos que dar nós 3 millóns de euros. Oia, se che van facer un investimento millonario, pouco diñeiro é ao lado do investimento. Pero é que isto é tema da Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia é quen tiña o uso dese soar. Se agora a Xunta de Galicia vai cambiar ese uso e tivese algún problema xurídico, a Xunta de Galicia entenderase cos reversionistas, non o Concello de Ourense. É a Xunta de Galicia quen vai ter esa responsabilidade. É o mesmo que acontecía co tema da finca deputación onde realmente aí...

Mira, perdoa, tes unha chamada á orde, Seara, por vociferar e por berrar. Seara, tes unha chamada á orde por vociferar e berrar cando non tes o uso da palabra. Unha chamada á orde.

Entón, este é o educado, que despois vai de educado. O Seara.

Total, que é como o tema na finca deputación. Na finca deputación sempre en contra, en contra, en contra cando se pode utilizar e cando non. No tema dos autobuses, pedían un informe técnico, dicían que facía falla un informe técnico que se non, non tomaban unha decisión. Traemos un informe técnico e din non nos vale porque este informe técnico non é un técnico do concello, queremos un técnico do concello porque son sagrados. Agora un técnico do concello acaba de dicir que a modificación dos 62 millóns de euros ten luz verde e van levalo ao xulgado, ao técnico do concello. Ou sexa, que sempre teñen escusas, sempre varas de medir. Que escusas teñen? Que o único que queren facer é que en Ourense non se faga nada.

E dicía antes o da deputación porque antes co tema da deputación, eles sempre están en contra, consígase ou non, porque agora incluso que se conseguiu no tema da





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

deputación darlle luz verde, eles tamén seguen en contra. Están en contra sempre, neste caso o BNG. Pero o SOE ten unha mesma realmente vara de medir.

Respecto ao que din aquí de que nós pedimos un aparcamento disuasorio, claro, nós, se nos dan elixir, Democracia Ourensana no seu día pedimos un aparcamento disuasorio. Pero, oe, onde hai patrón non manda mariñeiro, porque resulta, entre comiñas, porque, en principio, ese soar tíñao a Xunta para o tema dunha estación de autobuses. E son eles os que urdiron o tema para que veña unha residencia de anciáns pagada con diñeiro de fóra. Home, pois, vale. Nós, se nos dan a elixir, home, cremos que sería mellor. Ao mellor viña moi ben nesa zona un campo de fútbol, que necesitamos campos de fútbol de adestramento, un campo de adestramento de fútbol. Viríalle de marabilla ao bloque de 1200 cidadáns que viven alí e ademais para toda esa zona un campo de fútbol, que temos moi poucos campos de fútbol. Viríalle de marabilla e realmente ademais daríalle un valor engadido a ese bloque de vivendas, daríalle un valor engadido porque revalorizaría o valor das súas vivendas de ter, obviamente, ese tema deportivo ao carón das súas casas, subiría de prezo.

O tema de facer un gran parque, aí quizais non sexa necesario porque temos o camiño do río. Ourense, realmente, ten unha zona moi grande, enorme, enorme, enorme, como é todo o paseo do río. Estamos a carón do paseo fluvial. Eu aí non vería un gran parque. Eu aí vería ben ou un campo de fútbol, que sería unha marabilla para a xente desa zona, e tamén estaría moi ben un aparcamento disuasorio. Pero, home, a Xunta de Galicia di non e di que consegue o diñeiro e que van facer iso, coño, pois luz verde, só faltaría. Gustaríanos outra cousa? Si. É como a estación de tren. Nós queremos que os cento e pico millóns da estación de tren, que nunca se vai facer en Ourense, pero que vostedes dixeron que si, pero de momento ninguén se enteira. Nós cremos que ese diñeiro se debería utilizar para outras cousas, por exemplo, para proxectar un AVE entre Ourense e Vigo directo, porque tería moitísimo máis beneficio para os ourensáns. Pero nós non mandamos. Se, ao final, non nos fan o AVE directo a Vigo e fannos unha estación de cento e pico millóns de euros, pois vale, benvida sexa. Todo o que sexa investimentos de fóra, benvidos sexan. Se podemos elixir, escollemos outra cousa, pero neste caso non temos moito onde escoller, máis que obstaculizar, obstaculizar, obstaculizar que é o que fan vostedes para que non se faga nada.

É tremendamente triste e, en calquera caso, o único que van facer con isto é que Amancio Ortega, o que van facer é que estas fundacións no momento en que ven algo de polémica, que fan? Marchan e punto. E o que van facer vostedes é que consigan que ese diñeiro vaia para outro lado. Están vostedes bos para conseguir que veña xente investir a Ourense, ben sexa con obras benéficas, ben sexa con investimento privado para conseguir un rendemento.

E vou dicir outra cousa do tema este de Amancio Ortega. Nós, eu nunca me oporei, como facían os de Podemos, a un investimento desta nin criticala, meu deus, benvida sexa. Outra cousa é que tampouco estou na obriga de loalo, eu non teño tampouco porque loalo, porque todos sabemos que ás veces moitos destes investimentos que se fan teñen un rédito en publicidade superior a se se gasta o diñeiro en publicidade. En Estados Unidos as doazóns funcionan distinto a España e realmente o que non fai doazóns é unha persoa





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

como se fose o demo. Estás practicamente obrigado, se es millonario, a facer doazóns. Tes que devolver á sociedade unha parte do que a sociedade che deu a ti. En España fanse doazóns pero non coa magnitude nin coa porcentaxe que se fai en Estados Unidos. E o que si está claro é que as doazóns que fai Amancio Ortega, benvidas sexan, luz verde, pero si é verdade que non están ao nivel das porcentaxes dos grandes millonarios norteamericanos e Amancio Ortega ten moito máis diñeiro que os grandes millonarios norteamericanos, está, creo, que no top 5 do mundo, no top ten. Entón, nós tampouco queremos dicir con isto loar, pero desde logo frear nunca, benvido sexa. Oxalá no canto de facer este investimento fíxese máis.

O que dicía Natalia de que se vai facer outra residencia preto, mellor, muller. Non te decatás que van facer todas falta ao paso que imos, coa pouca natalidade que hai. Van facer todas falla.

Máis nada. Imos entón votar. Primeiro hai un pedimento ao parecer de retirada, non, señor secretario? Entón, hai un pedimento de retirada e obviamente se ten que votar a retirada para mellor estudo e traeríase proximamente. Supoño que como é un tema vital volveríámolo traer a pleno en cuestión de días, imaxino.

O Pleno do Concello, por trece votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, dona María del Mar Fernández Dibuja e don José Miguel Caride Domínguez, concelleiros non adscritos; e doce votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito, adoptou o seguinte **ACORDO**: Retirar o asunto da orde do día.

ALCALDÍA: De momento queda paralizado este investimento que se ía facer en Ourense polo PSOE, polo BNG e os tres non adscritos que estaban en Democracia Ourenzana.

O outro día falabamos deste tema, de cando foi o tema do *tamayazo* e o que está a acontecer no Concello de Ourense, de que 3 persoas ou 4 se van dun grupo e votan todo en contra do grupo orixinal, se isto sucede no Parlamento español lexislarían para cambiar e que isto non sucedese. O que pasa é que como estamos en Ourense, nunha terra deixada da man de deus. Pero isto é realmente non se toleraría... Como isto adoita acontecer en aldeas, cidades pequenas, pero se ocorre no Parlamento non se toleraría que un grupo se escindise do PSOE e votase en contra de todo o que levase o PSOE, lexislaríase para que obviamente iso non se pode tolerar. Pero, ben, estamos en Ourense e é o que hai.

Máis nada, retírase da orde do día e traerémolo proximamente e queda, co cal, paralizado o investimento de Amancio Ortega en Ourense desa residencia que quería doar para os ourensáns polo voto do PSOE, polo voto do BNG e polo voto dos tres non adscritos, que son en concreto Miguel Caride, María Dibuja e Maite Rodríguez.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

5.2 Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa á actualización da ordenanza fiscal nº 15, reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local, coa incorporación de exencións ao pago de taxas para as iniciativas promovidas sen ánimo de lucro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno celebrado o pasado 06 de xullo de 2018 e como consecuencia dunha moción presentada polo Grupo Municipal de Ourense en Común, a corporación debatiu, e aprobou por unanimidade, a necesidade de modificar a Ordenanza Fiscal número 15 do Concello de Ourense relativa á Regulación das Taxas polo Aproveitamento ou Utilización da Vía Pública.

O punto de acordo de dita moción, instaba o Goberno Local de entón a iniciar os trámites necesarios para a actualización da Ordenanza pero sen especificar claramente en que termos ou en que sentido.

Ben é certo que profundizando na exposición de motivos e no debate suscitado durante o pleno, o que se plantexaba era que aquelas asociacións, colectivos ou entidades que promoveran iniciativas sen ánimo de lucro no espazo público do concello non fosen penalizados co pagamento dunha taxa.

Durante o citado debate, estableceuse a necesidade de distinguir entre aquelas actividades promovidas cun claro carácter mercantil e co obxecto de obter un beneficio económico, para o cal, todos os membros da corporación entendían preciso ter que abonar a taxa correspondente pola ocupación do espazo público, mais tamén, a necesidade de exonerar de ditas taxas a aquelas actividades que se formulasen sen ánimo de lucro.

Desde o BNG entendemos preciso retomar esta cuestión e ir un pouco máis alá a hora de deixar claro e na propia ordenanza dita exención, e é por iso que plantexamos a través da presente moción que todas aquelas asociacións, colectivos, entidades ou mesmo particulares que promovan iniciativas sen ánimo de lucro na vía pública do Concello de Ourense estén exentos do pago de taxa algunha por dita ocupación.

Tal e como se comentou en dita sesión, en xullo de 2018, as rúas, prazas e parques son o espazo para o encontro da veciñanza e para a interacción social. Falamos de lugares comúns a todas e todos e polo tanto onde poder crear, expresarse, celebrar, informar e mesmo protestar ou reivindicar.

Humanizar ás cidades e convertilas en lugares agradables e onde as persoas sexan a prioridade é unha constante desde fai algúns anos. Falamos de cidades accesíbeis, pacificadas desde o punto de vista do tráfico e onde o espazo público reservado ao encontro da veciñanza e o lecer vai gañando cada vez máis terreo. Actualmente a aposta da meirande parte das urbes pasa polo acondicionamento de amplas zonas verdes e espazos de convivencia e esparcemento, algo que ademáis se viu incrementado coa pandemia da





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

COVID-19, pandemia que pon de manifesto a necesidade de contar con cidades moito máis humanizadas.

Entendemos polo tanto que os espazos públicos son lugares nos que o desenvolvemento de actividades de carácter cultural, social, deportivo, ou de calquera outra índole, repercuten positivamente na veciñanza ao tempo que rachan coa discriminación ao igualarnos e darnos a oportunidade de participar de ditas actividades nun espazo que ademáis é de todas e todos.

A comunicación previa ao Concello e mesmo a necesidade de contar con autorización, previos informes, de ser o caso, de Policía Local, Bombeiros ou mesmo dos técnicos de medio ambiente se falamos dun espazo verde, é necesaria para o bo funcionamento de ditas actividades, para a propia conservación do espazo público a ocupar e mesmo por cuestións de seguridade, mais desde o BNG non entendemos necesario ter que abonar taxa algunha cando estamos a falar de actividades ou iniciativas gratuítas e sen ánimo de lucro.

É preciso favorecer e promover a participación cidadá así como a todas aquelas entidades, asociacións ou colectivos que desenvolven un papel importantísimo de dinamización social e cultural dentro do noso concello. Un papel importantísimo na conservación e promoción da cultura e do saber ou mesmo un papel importantísimo na reivindicación e denuncia social.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Ourense solicita do pleno da corporación a adoción do seguinte

ACORDO

1. Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense a modificar a Ordenanza Fiscal número 15, Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización Privativa do Dominio Público Local para introducir a exención no pago de taxas a todas aquelas actividades, iniciativas ou campañas promovidas por asociacións, entidades ou colectivos sen ánimo de lucro.

Emenda presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

EMENDA DE ENGÁDEGA:

PUNTOS DA PROPOSTA:

1. Instar ao Goberno local do Concello de Ourense a modificar a Ordenanza Fiscal número 15, Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Privativa do Dominio Público Local para introducir a exención no pago de taxas a todas aquelas actividades, iniciativas ou campañas promovidas por asociacións, entidades ou colectivos sen ánimo de lucro.

TEXTO DE ENGÁDEGA:

1. Instar ao Goberno local do Concello de Ourense a redactar unha Ordenanza Reguladora de Aproveitamento de Espazos Públicos.

SENDO OS SEGUINTES PUNTOS DE ACORDO OS DEFINITIVOS:

1. Instar ao Goberno local do Concello de Ourense a modificar a Ordenanza Fiscal número 15, Reguladora das Taxas por Aproveitamento Especial ou Utilización Privativa do Dominio Público Local para introducir a exención no pago de taxas a todas aquelas actividades, iniciativas ou campañas promovidas por asociacións, entidades ou colectivos sen ánimo de lucro.
2. Instar ao Goberno local do Concello de Ourense a redactar unha Ordenanza Reguladora de Uso de Espazos Públicos.

ALCALDÍA: Imos co segundo punto da orde do día e neste caso xa sería unha moción e xa entramos cos temas non vinculantes. Xa verán que agora como isto que son temas non vinculantes se esforzan máis, no que non é vinculante vanse esforzar máis. De feito, ata traen aquí hoxe máis emendas ca mocións. Danlle máis importancia ao non vinculante que ao que era vital, que era o primeiro punto da orde do día.

Pois esta sería unha moción do Grupo Municipal do BNG relativa á actualización da ordenanza fiscal nº 15, reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local, coa incorporación de exencións ao pago de taxas para as iniciativas promovidas sen ánimo de lucro. Ollo, sen ánimo de lucro. A residencia de antes, de anciáns, que era? Unha fábrica de facer diñeiro? Era unha doazón tamén, sen ánimo de lucro. E agora veñen cun tema para axudar ás asociacións sen ánimo de lucro, cando acaban de votar en contra no punto anterior.

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG):

Hoxe vén de animador e ademais trae a camisa adecuada.

Se tivesen que legislar no congreso ou no Parlamento español igual ata tamén tiñan que formularse como 3 persoas, representando 3 de 27, poden tomar as decisións que queiran aínda que iso supoña deixar en risco as arcas municipais para o futuro. Pero, ben.

Vou retrotraer o debate ao anterior punto porque hai unha cuestión. Antes falaba dos informes técnicos, pois, mire, por que nós pedimos que quede enriba da mesa para mellor





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

estudo? Polas cuestións que acabamos de expor, que, por certo, ninguén cuestionou, ou sexa, ninguén falou de que non haxa lugar a que os propietarios non teñan dereito de reversión. Pero, fíxese o que di o informe técnico, señor alcalde, di que a parcela catastral pasaría a ter tres cualificacións

ALCALDÍA: Non lle interesa moito moción que trae, non?

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): Sempre que a intención

ALCALDÍA: Señor Seara, se non lle interesa a moción que trae e ponse a ler outro tema.

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): Por favor, non me interrompa.

ALCALDÍA: Perdoa, perdoa un segundo. Pódoche interromper cando considere, que son o alcalde.

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): Pois espero que despois me dea o tempo que me está roubando agora.

Todo iso sempre coa intención da Administración autonómica sexa manter os ditos usos nos ditos espazos, cousa que se descoñece por non ter sequera un avance do anteproxecto ou calquera documentación sobre o mesmo que, polo menos, de forma indiciaria indique cal é a intención da Xunta. E di que ademais sería bo que se subscribise un convenio. É dicir, non se sabe nin o que se quere facer e dinnos que pechemos os ollos e votemos a favor dun cambio de uso.

En relación coa moción, no pleno do 6 de xullo de 2018 a corporación aprobaba por unanimidade a necesidade de modificar a ordenanza fiscal relativa á regulación das taxas polo aproveitamento ou utilización da vía pública. O punto de acordo desa moción instaba ao goberno a iniciar os trámites precisos para actualizar a ordenanza pero sen especificar claramente en que termos ou en que sentido, ben é certo que profundando na exposición de motivos e no debate o que se formulaba era que aquelas asociacións, colectivos ou entidades que promoveran iniciativas sen ánimo de lucro do espazo público do concello non fosen penalizadas co pagamento dunha taxa.

Durante ese debate quedou claro que hai que distinguir entre aquelas actividades promovidas cun claro obxecto de obter un beneficio económico, aquí creo que estamos todos de acordo, mais tamén a necesidade de exonerar aquelas asociacións que realizan actividades sen ánimo de lucro. Este é motivo polo cal nós traemos novamente esta proposta ao pleno.

As rúas, prazas e parques son o espazo para o encontro da veciñanza e para a interacción social. Falamos de lugares comúns a todas e a todos e, xa que logo, espazos onde poder crear, expresarse, informar e mesmo reivindicar.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Actualmente a aposta da meirande parte das urbes pasan polo acontecemento de amplas zonas verdes e espazos de convivencia e espaxamento, algo que, ademais, se viu incrementado durante a pandemia e que pon de manifesto a necesidade de contar con amplos espazos abertos e cidades moito máis humanizadas.

Os espazos públicos son lugares nos que o desenvolvemento de actividades con carácter cultural, social, deportivo ou de calquera outra índole repercuten positivamente na veciñanza ao tempo que rachan coa discriminación, ao igualármolos e dármonos a todos e todas a oportunidade de participar nas ditas actividades. E non entran en competencia, senón que complementan e nalgún caso palían, como é o caso do Concello de Ourense, a falla de programación cultural por parte do goberno municipal.

Mais a exención das taxas sendo importante non é suficiente. Hai outros aspectos nos que cómpre ser máis áxiles pois a ocupación do espazo público, páguense taxas ou non, precisa da correspondente autorización, xa que non abonda coa simple comunicación previa como así acontece noutras cidades. En moitos casos, e dependendo das actividades a desenvolver cómpren informes sectoriais, precisos para o bo funcionamento das ditas actividades para a propia conservación do espazo público a ocupar e mesmo por cuestións de seguridade, mais en moitos casos as autorizacións non son contestadas en tempo e forma, o cal acaba xerando conflitos.

É preciso favorecer e promover a participación social, a participación cidadá, así como aquelas todas entidades, asociacións ou colectivos que desenvolven un papel importante na dinamización social e cultural dentro do noso concello, un papel tan importante que suple a pasividade do propio concello na conservación e promoción da cultura e do saber. Se facemos as modificacións precisas, non só estaremos favorecendo un maior dinamismo do tecido social, cultural e deportivo deste concello, senón que evitaremos a comisión de agravios comparativos á hora de establecer exención de pagamento en función de cal é a entidade que presenta a solicitude.

Non se poden cometer arbitrariedades, señor alcalde, señoras e señores do goberno.

ALCALDÍA: Pois dúas cousas. Unha, claro, introduciu un debate que agora non era e coméntanos que é unha cousa que dicía, dicindo que había cargas, que é mentira. Que non hai cargas como acaba de apuntar Sonia Ogando de Urbanismo, mandándome aquí unha proba de que non hai cargas, o que antes dicía o BNG. En calquera caso é un debate que xa pasou e non imos retomar o debate anterior.

Faime graza porque no discurso o señor do BNG dixo algo como que está a favor, obviamente, de que haxa unha exención de taxas porque son temas que repercuten na veciñanza. Home, ese argumento podía utilizalo para o punto anterior porque en que repercute entón a residencia de maiores que querían facer no Pino? En que repercute? Repercute nos marcyanos?

E despois faime graza porque unha das críticas que me fixo dicindo o seu discurso moi propio da camisa que leva. É moi propio é unha forma de me chamar pallaso sen chamarmo, que é o que fai o BNG. Insultar sen insultar, sempre mirando a todos por enriba





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

do ombreiro e criticando a vestimenta dos demais. É para que vale o BNG, para criticar a vestimenta dos demais.

Se eu criticase as súas.

Perdón, antes dicíalles que os reporteiros, por favor, non poden facer fotos desde aquí desde o palco por dous motivos. Unha, porque estamos xa en pleno debate, en sesión plenaria, non se pode andar por aquí, por detrás paseando. E punto número dous, non se poden sacar fotos aquí na traseira porque este non é o sitio realmente de acceso ao público. Entón, hai cousas que desde atrás non se poden sacar, os planos de atrás.

SRA. FERNÁNDEZ DIBUJA (NON ADSCRITA): Bo día a todos.

Antes de nada voulle mandar unha aperta moi forte a Manolo. Está nun auténtico proceso de recuperación e contamos telo no próximo pleno, co cal estamos todos moi contentos.

Como teño moi pouco tempo e disto eu podía falar polo tema de ter estado na Concellería de Seguridade, limitareime a pór un exemplo sen máis. O Concello de Madrid desde o ano 2016 todas as entidades sen ánimo de lucro quedaron exentas do pagamento da taxa do uso do espazo público. Digo isto porque o goberno municipal posiblemente alegue para non exonerarlas o que existan dúbidas á hora de aplicar a normativa tributaria e a ordenanza fiscal sobre este asunto. Adiántolles que, tanto a Axencia Tributaria como a Dirección Xeral de Relacións cos Distritos e Asociacións, decidiron traballar conxuntamente sobre este tema e a conclusión foi que as

ALCALDÍA: Moitas grazas.

SRA. FERNÁNDEZ DIBUJA (NON ADSCRITA): Ocupacións realizadas polas administracións públicas

ALCALDÍA: Grazas, por favor, un minuto. Hai que ser estritos. Por favor, quítalle o audio.

SRA. FERNÁNDEZ DIBUJA (NON ADSCRITA): Vale. Votaremos que si.

ALCALDÍA: Hai que ser estrito no minuto porque non é mesmo excederse en porcentaxes cando ten catro ca un minuto. A porcentaxe é distinta. Non é mesmo 10 segundo en 4 minutos, que dez segundos cando só se ten 1.

Unha cousa importante sobre o que día María Dibuja, que durante un ano que estivo ela de concelleira nunca nos propuxo cambiar algo que agora parece que vai votar a favor. Nunca o propuxo.

Por favor, María, se vas vociferar, teño que comezar a chamar á orde, vale?

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS): Grazas, señor alcalde.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Eu penso que debería vostede quitarse de enriba esa obsesión de amordazar ou de frear que poidan expoñer as súas razóns calquera concelleiro ou concelleira

ALCALDÍA: Temos unhas regras e uns tempos, señor.

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS): Si, si, perfecto. Pero refírome que vostede ten especial interese en amordazar á xente que está sentada deste lado, aos seus ex compañeiros e a min paréceme que cada un pode manifestar, mentres non falte ao respecto, aquilo que considere.

ALCALDÍA: Si, independentemente do tempo, non, poden falar o que queiran?

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS): Si, porque vostede despois bótanos uns discursos estilo Fidel Castro

ALCALDÍA: Pero é que o regulamento o permite. Vostede quererá que se siga o regulamento.

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS): E os cubanos teñen que aguantar a Fidel Castro, pero é que...

Centrándonos na moción que presenta aquí o BNG por pórnos no contexto onde eu penso que é onde parte esta moción, esta iniciativa é debido ás declaracións que fai o cineclub no momento en que se ve cortada a súa capacidade para desenvolver actividades no Concello de Ourense porque o concello lle pretende cobrar taxas por utilización do espazo público.

E dentro dese contexto temos que lembrar que estamos na cidade galega na que non se fai absolutamente nada en materia cultural. De feito, esta é a gran reivindicación que se vén dando desde hai moitísimos meses e que moitos axentes culturais e moitos veciños da cidade incluso decidiron emprender accións para protestar por esta situación, que é inaudita e que non cabe na cabeza de ninguén máis que na forma de proceder deste alcalde que decidiu emprender unha guerra contra a cultura da cidade e contra todo aquilo que teña que ver con que alguén se poida expresar libremente, como está facendo agora coa señora Dibuja, que lle está intentando cortar a palabra para que non acabe de dicir o que tiña pensando dicir, aínda que fose un segundo.

Dito iso, eu penso que é acaído adoptar esta decisión. Tamén é verdade que hoxe vai ser unha mañá de piruetas políticas porque vostedes señores do BNG poden defender con tanta paixón esta cuestión cando veñen de impedir que se faga unha residencia pública en Ourense onde hai tanta necesidade de prazas para os nosos maiores. Entón, esta mañá vai ser unha mañá de piruetas políticas porque vai vir agora tamén a moción do Partido Socialista para pedirnos que adoptemos medidas para reformas dos parques e están bloqueando modificacións de crédito para reforma dos parques. E tamén é certo que é a mañá na que os mesmos que amordaza o señor alcalde, aos non adscritos, veñen tamén de





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

impedir que se faga unha residencia pública en Ourense. Así que eu penso que vai haber para todos.

En todo caso, se algunha área do Concello de Ourense debería amosar capacidade para conectar coa sociedade debería ser a Concellería de Cultura. Eu polo menos tiven a honra, a sorte de ser concelleiro de Cultura no período 2003-2007 no Concello de Ourense e recordo a cantidade de colectivos que había, incluso colectivos relacionados con partidos políticos que tiñan necesidade de facer cousas na rúa e necesidade de expresarse e, daquelas, evidentemente, o Concello de Ourense asumía como colaboración calquera actividade que se puidese desenvolver. E froito diso fomentábase a iniciativa e a actividade cultural. E agora pasamos á etapa en que non se pode facer absolutamente nada porque non existe esa conexión. De feito, o propio departamento de Cultura, a pesar de ter uns magníficos técnicos, está agora mesmo amordazado. E todo isto por que, cal é a razón pola que nos atopamos nesta situación agora mesmo? De verdade, déanlle as voltas que queiran, pero é porque o Partido Popular e o Partido Socialista decidiron non falarse durante todos estes meses, decidiron ir cada un dos grupos mirar os seus intereses como partidos e permitiron, tanto o Partido Socialista como o Partido Popular, que don Gonzalo Pérez Jácome siga facendo o que está facendo no Concello de Ourense, que é amordazar aos concelleiros que non poden expresarse e amordazar, entre outros, a actividade cultural da cidade. Pero asuman a responsabilidade Partido Socialista e Partido Popular desta situación.

Moitas grazas.

ALCALDÍA: Ben, o señor Araújo o que pretende é que temos uns tempos e cada un fale o que queira. Non é mesmo excederse 25 segundos nunha intervención de 5 minutos ca facer 25 segundos na intervención de 1 minuto, porque, obviamente, a proporción realmente cambia. Non temos esta defensa do apoio á intervención dos transfugas cando realmente el foi moi crítico cando tivo un caso de transfugismo no seu propio partido, en Ciudadanos. Tivo dous, perdón. É que se me esqueceu, tivo dous. Un na deputación e outro no Concello de Ourense, que, por certo, erades 3 e só quedas ti dos 3 electos que estabades.

O Grupo Municipal do Partido Popular renuncia a tomar a palabra nesta moción.

SR. RODRÍGUEZ VILLARINO (PSdeG-PSOE): Moi bo día a todos.

Quérome sumar tamén ás palabras de María Dibuja e enviarlle tamén unha aperta ao compañeiro Manolo, que esperemos que canto antes estea de volta aquí. Está pasando por unha grave enfermidade e todos temos gañas de que volva estar aquí porque, ademais, é unha moi boa persoa.

Quería comezar simplemente para que non haxa dúbidas, señor Araújo, que é moi dado a estas cousas e para que non haxa dúbidas tampouco no alcalde cunha definición de demagogia, porque vostedes, señores do Partido Popular e señor Gonzalo Pérez Jácome cando atenda, pois poderán saber o que é demagogia. E demagogia vou ler literalmente a definición que trae o dicionario da Real Academia Española, que di “*degeneración de la democracia consistente en que los políticos mediante concesiones e halagos a los sentimientos elementales de los ciudadanos tratan de conseguir o mantener el poder*”.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

A nós non nos poden chamar demagogos. Demagogos sono vostedes.

Si, despois cando vexa a gravación, decatarse. Por certo, non queda moi ben que estea comendo mentres estamos falando. Queda raro. Non lle imos pedir que sexa elegante a quen non o é, pero ao mellor pódese ir, de verdade, mellorando pouco a pouco, día a día, e gañar notoriedade polas cousas que fai e non por como aproveita o tempo. Entón, se aproveita o tempo facendo cousas útiles para os cidadáns, se aproveita o tempo mantendo unha pose de alcalde, se aproveita o tempo, en definitiva, non atacando aos seus ex compañeiros desa maneira tan virulenta, porque non é crible o que di, pois, ao mellor, gaña esa relevancia que intenta gañar doutra maneira. Só é un apuntamento.

Con respecto ao que vimos hoxe falar aquí, non podemos estar máis de acordo coa moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego. Teño que confesar que nós mesmos estabamos nesa mesma liña, adiantáronsenos. Nós iamos presentar algo semellante. E algo semellante, como moi ben di o señor Pepe Araújo, porque houbo un desencadeante, pero é algo que xa hai tempo que se tiña que ter feito. De feito, como di o señor Seara na súa moción, falamos de xullo de 2018, cando todos os grupos políticos se puxeron a favor de que

ALCALDÍA: Máis audio, que che oio mal, Villarino.

SR. RODRIGUEZ VILLARINO (PSdeG-PSOE): Non se me oía.

ALCALDÍA: Eu non.

SR. RODRIGUEZ VILLARINO (PSdeG-PSOE): Quero dicir que en xullo de 2018 todos os grupos políticos se puxeron de acordo, e como di o Bloque é unha actualización a fin de contas do que se pedía naquel momento que se trae hoxe, cando naquel momento tamén era o que se buscaba, unha actualización para que se fixese realidade. A actualización consiste agora mesmo, nin máis nin menos, en que se materialicen esas palabras, eses desexos que había naquel momento en algo concreto nunha norma, que é unha taxa fiscal número 15, reguladora de aproveitamento especial e utilización privativa. É dicir, utilizar o espazo público para fins privados.

Nós estamos de acordo, como non pode ser doutro xeito, entre outras cousas, porque nos parece algo realmente inasumible que nós fagamos un acto de homenaxe, por pór outro exemplo, a Manuel Suárez e que teñamos que pagar 4,5 € por ter, simplemente, que facerlle un acto de honra nunhas escaleiras que dan a unha igrexa.

Pero non somos nós os únicos, por suposto que o cine-club, por suposto que incluso me parece que organismos públicos como son as doazóns de sangue, creo que os do sangue tamén teñen que pagar por pór o autobús. Entón, digo eu, como é posible que entre administracións, entre institucións públicas non haxa un acordo para que estas cousas non se teñan que pagar por iso, porque é un contrasentido. Que teñamos que presentar un seguro de responsabilidade civil, que, ao mellor, o Partido Socialista ou o BNG ou outros grupos políticos non teñen problema de presentar un seguro de responsabilidade civil porque o





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

teñen contratado, pero poñámonos no caso dunha organización que ten dificultades económicas para facelo, é que non ten ningún sentido.

E se me gusta algo tamén da moción é o espírito. E o espírito vai na liña, que nós facemos unha emenda de adición na que pedimos que se faga unha ordenanza reguladora do uso de espazos públicos. Pero, ben, creo que iso é o inicio, o punto de arranque, porque o que faría falla é que este concello, que non o ten por ningún lado, faga unha declaración de intencións da súa política como se fai, por exemplo, nas ordenanzas de medidas para fomentar e garantir a convivencia no espazo público, que o teñen outras cidades, por exemplo, nomeadamente Barcelona, Donosti, Tarragona e que a fin de contas o que fan é unha declaración de principios de cómo funciona unha cidade, unha declaración de principios onde, por exemplo, voume á ordenanza de Tarragona, a ordenanza de convivencia cidadá e doutros espazos públicos, que fala de tolerancia, respecto mutuo, señor alcalde, liberdade, democracia, participación social. E nós non temos nada nesta cidade que se lle asemelle, nin sequera de lonxe. Cunha declaración deste tipo, que recolle ademais a petición que se fai de gratuidade, imos máis aló e seguro que facemos algo mellor.

Na miña segunda quenda continuarei. Máis nada.

ALCALADÍA: Nesta moción basicamente o que nos piden é algo, defenden algo que como reiterarei antes é contrario, será unha contradición co primeiro punto. É dicir, agora mesmo cambian totalmente PSOE e BNG de xiro, tamén os non adscritos, din non, non, estamos a favor de todo aquilo que sexa sen ánimo de lucro, cando acaban de votar antes en contra dunha doazón de 12 millóns de euros.

É curioso porque realmente neste punto que eles nos piden aquí o concello, sempre que soliciten que se utilice a vía pública sen custo ningún, se o concello o estima oportuno, o concello por ceder gratuitamente a vía pública sería coorganizador e sempre que o concello como coorganizador xa non se lle cobraría ningunha taxa. Unha taxa que, por certo, é ridículo o prezo realmente que hai que pagar, é un prezo realmente ridículo. Co cal, se o que se trata é de exención dese prezo por ocupación da vía pública tan pequeno que hai, pois entendemos que con que soliciten que o concello sexa colaborador, xa non habería que pagar nada.

Pero, en calquera caso, fíxense se son baratas esas taxas que as utilizan moitas casas comerciais e nós realmente de verdade que deberíamos pór freo e cobrar o prezo de mercado, porque realmente é unha taxa demasiado pequena e moitísimas casas comerciais como son por exemplo casas de vehículos de coches utilízano porque lles sae moitísimo máis barato pór un coche na rúa do Paseo de exposición que facer publicidade por outra vía.

O que se está a pedir aquí é que cando sexan asociacións sen ánimo de lucro automaticamente que sexa sen custo ningún. Isto nós entendemos que podería levar dous problemas. Número un, entendemos que ese custo é moi pequeno e que en calquera caso se pode solucionar pedindo que o concello colabore e xa non habería que pagar nada. Pero, ademais, se non o fixésemos así, poderíamos disparar, unha, teríamos que comezar a regular outra cousa, se non regulamos o prezo, tiñamos que comezar a regular un prezo, que





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

non fixesen actuacións todos os días porque entón sen ánimo de lucro moitísimas asociacións terían unha presenza total sen custo ningún e, xa que lles sae totalmente gratis, poderían estar na vía pública constantemente ocupando a vía pública para actos perpetuos. Xa que non ten ningún custo enlaza un con outro, un con outro, un con outro, cando se acaba un, despois de 15 días comezo con outro e así tería sempre que utilizar a vía pública co cal teriamos que regular, obviamente, que non houbera un abuso.

Pero, por outro lado, chámame a atención porque vostedes falan de asociacións sen ánimo de lucro como se fosen sagradas. Oia, vostedes non se decatan de nada, de verdade, con todos os respectos aos que están defendendo esta moción. Non se decatan de nada. Se vostedes mañá poñen o Concello de Ourense, se o fan outros concellos alá eles, falacia ad populum, o feito de que o fagan todos non significa que sexa o correcto, o feito de que o faga unha maioría non significa que sexa o correcto, unha asociación sen ánimo de lucro que non pague as taxas municipais que si teñen que pagar outros. Oia, vostede non é primeiro, por que demonizan á xente que quere gañar diñeiro, que con ese diñeiro contratan empregados e pagan impostos? Xa para comezar non entendo que teñen esa manía cos que realmente queren gañar diñeiro. E porén enxalzan aos que non queren gañar nada. Isto non é un país comunista. Pero é que ademais faime graza porque vostedes cren que os que non queren gañar nada realmente non queren gañar nada. Oia, vostedes non se decatan de nada. Baixen xa, reiterando a palabra, porque sinceramente, é facilísimo. As asociacións sen ánimo de lucro non poden ter beneficios, os seus provedores si, co cal, ínflome a nómina e xa está, a asociación non ten beneficios e eu cobro 4000 € por ser o xerente desa asociación. Ou cun provedor. Oe, eu non pode ter beneficios, faime unha factura de 15000 € e despois repartimos. Pero, vostedes que se cren? Que ao ser unha asociación sen ánimo de lucro xa está todo solucionado? Se precisamente os maiores paus e estafas moitas veñen de asociacións sen ánimo de lucro, por favor.

Concha, unha chamada á orde por vociferar. Eu é que non sei que ten esta manía por vociferar, meu deus, de verdade. Ademais, cando non ten a palabra. Por favor, fagan como facía eu cando estaba na oposición.

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG):

Falaba, non quería entrar nesta cuestión, pero falaba o señor Araújo de facer piruetas. Soa un pouco a chiste, porque ese entreguismo revestido de responsabilidade do que está facendo gala non é máis que pago de peaxes. Polo tanto, aquí cada un ten que saber as que leva enriba do lombo, señor Araújo.

Falaba na miña primeira intervención de non cometer arbitrariedades para evitar situación como as vividas hai poucas semanas, xa se dixo aquí, cunha entidade cultural de referencia como oe Padre Feijóo. Oe solicitou autorización para facer unha actividade ao aire libre presentando toda a documentación, como é absolutamente preceptivo. Esa solicitude contéstase desde o Órgano de Xestión Económica do concello no sentido de que a petición de gratuidade non procede. Poucos días máis tarde da solicitude feita poloe Padre Feijóo e da polémica xerada polo alcalde, a Fundación Abanca solicita autorización para colocar unha exposición mediante paneis na rúa do Paseo. Desde a Oficialía Maior





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

remíteselle unha emenda de mellora de solicitude para que complete a documentación, entre outras cousas, xustificante de ter aboada a taxa municipal correspondente.

Primeira curiosidade, a diferenza do que acontece coe, quen se pronuncia a respecto da exención das taxas sen telo pedido Abanca non é o Órgano de Xestión Económica, senón a Concellería de Cultura, cuxo concelleiro delegado é o propio alcalde. E que di o informe técnico base para non cobrar as taxas a Abanca? Pois di que neste caso concreto é de aplicación non a ordenanza fiscal do concello, senón a Lei de patrimonio das administracións públicas do Estado. E cito textualmente, “ non estarán suxeitas a taxa cando a utilización privativa ou aproveitamento especial de dominio público non leva aparelhada unha utilidade económica para persoa autorizada ou aínda existindo a utilización ou o aproveitamento supoña condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen e fagan irrelevante aquela”. Se isto non é arbitrariedade, desde logo paréceselle moito.

Pero aínda hai máis. Vostede, señor alcalde, ditou unha providencia nese expediente que di o seguinte, “dentro dos obxectivos e competencias da Concellería de Cultura está o fomento e a promoción da actividade cultural entre as diferentes administracións, as diferentes entidades e as diferentes institucións exista un afán común de intercambio e colaboración para que entre todos se logre un maior desenvolvemento desta cidade a todos os niveis”. Gustaríame pensar que cando asina isto é porque realmente, ademais de en Abanca, está pensando no conxunto das asociacións, entidades do concello que traballan en todos os ámbitos, tamén, por suposto, no cultural e que contribúen a ese desenvolvemento ao que vostede fai mención, mais a realidade é teimuda e vostede, desde logo, non pasará a historia por un dinamizador da cultura, senón máis ben por un enterrador da cultura.

Modificar a ordenanza non debería ser un problema, é mais, xa debería de estar feita. E, ademais, xa se fixo en tempo récord para suspender de pago ás hostaleiras e hostaleiros para os vindeiros anos por mor da pandemia, algo que acordamos aquí de forma unánime. É simplemente unha cuestión de vontade política. Querer é poder, señor alcalde, e este é un exemplo máis de que vostede só quere cando lle convén a vostede e non cando lle convén á cidade. Así nos vai.

ALCALDÍA: Grazas, logo contestareille na última quenda.

Os concelleiros non adscritos renuncian a tomar a palabra nesta segunda quenda.

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS):

Antes de nada quería pedirlle desculpas ao señor Seara porque estiven aí, como di o alcalde, vociferando, intentando interromperlle o seu discurso e non era a miña, ben, si que era a miña intención, porque me dixo que tiña que pagar peaxes e o que si lle invito, porque agora traía o discurso escrito deste punto, que na seguinte intervención explique aos veciños de Ourense cal é a peaxe que eu teño que pagar. Non, non, explíqueo, explíqueo, porque isto de andar por detrás. Eu dese coñézolle moitos. Hai uns cantos aquí. Pero a min iso non lle me gusta. Eu entendo que a vostede lle incomodo o meu discurso, a pesar de que nunha cuestión como a que traio hoxe aquí, lle dea a razón porque ten vostede a razón, pero aínda así eu supoño que lle incomodará que lle diga que vostede é un cínico político porque





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

nos ven pedindo que defendamos o público e acaba de votar en contra da implantación dunha residencia pública en Ourense. E iso é cinismo político elevado á máxima. Entón, se iso lle molesta é o que hai. E eu, de verdade, insístitolle moitísimo porque ás veces é mellor dicir as cousas aquí ca utilizar xornalistas para que digan o que un non quere dicir. Eu invítoos a que vostedes diga aquí por qué eu teño que pagar unha peaxe. Vostede ou calquera, porque eu non lle vou andar quitando nin mensaxes de wasap nin cousas desas que lle quito ao señor alcalde de vez en cando para dicirlle a vostede cousas. Nin vostede llo aclarou por certo. Pero si que me apetece moitísimo.

E con respecto á moción que trae aquí, eu desde logo soño cunha cidade na que as rúas e as prazas sexan utilizadas polo veciños e poida facelo con total liberdade. E a liberdade ten que volver tamén á institución municipal, ten que volver á Concellería de Cultura, ten que volver comezar a funcionar como funcionou sempre, porque a materia prima que temos, o persoal é magnífico e o único que falta é que alguén se poña ao fronte da Concellería de Cultura e fomente precisamente a liberdade. De feito, o último concelleiro de Cultura marchou do concello por non aguantar a estratexia do señor alcalde en materia cultural.

Chegamos ao punto en que unha entidade como oe non fai actividades na rúa por non pagar unha taxa como di o alcalde, que é unha cantidade pequena, pero fundamentalmente porque non existe esa canle de comunicación entre o goberno municipal e as entidades no sentido de, como dicía o señor alcalde, de buscar esa colaboración para que sexa o concello como coorganizador das actividades e, polo tanto, están libres das taxas. Pero é que como se rompeu esa conexión, que é na que eu insisto moitísimo que ten que volver na vida pública ourensá e ten que volver, por suposto, na Concelleira de Cultura e en moitas outras áreas, pero fundamentalmente na Concellería de Cultura, que volva aparecer esa conexión de normalidade entre alguén que quere facer algo na rúa e un concello que ten que estar disposto a facilitarlle as cousas para que a xente se exprese libremente.

Así que a pesar de seren vostedes uns cínicos políticos, señores do BNG, contén co voto favorable para esta moción. Moitas grazas.

SR. RODRÍGUEZ VILLARINO (PSdeG-PSOE):

Eu supoño que o Partido Popular vai votar a favor, porque agora como non interveñen, xa tampouco levan mocións como Democracia Ourensana, pasa como na deputación, hai que traballar menos. Entón, supoño que o voto será a favor.

Por certo, señor alcalde, vostede estará seguramente de acordo comigo en que as persoas con máis competencia son as que teñen que levar as áreas municipais. Non sei se está de acordo? Leva vostede Cultura.

Dito isto

ALCALDÍA: Que é? Unha retransca galega?





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

SR. RODRÍGUEZ VILLARINO (PSdeG-PSOE): Non, é simplemente a constatación dun feito. Se é así, corríxame se non é así. Pero, ben, creo que está na área apropiada, porque lle fai falla.

Con relación as taxas, o si que temos que dicir é que, mire, hai pouco esta mesma ordenanza modificouse co apoio de todos os grupos políticos para unha cuestión na que todos estivemos de acordo, que foi precisamente co tema dos veladores e xustamente tomar un acordo, que hai, de feito, unha modificación desta ordenanza que se fixo na disposición adicional primeira para suspender tarifas por ocupación da vía pública nos anos 20 e 22, coa anulación da liquidación aprobada previamente de devolución de ingresos, como ten que ser e no que todos estamos de acordo. Ben, isto é unha cousa moito menos relevante para os efectos económicos do concello porque se vostede di que é pouco importante o que realmente hai que pagar por isto, cousa coa que eu non coincido porque o importante é tamén o espírito e os permisos e todo o demais. Home, estamos a falar aquí de que ao concello isto non lle vai afectar en nada e vaille dar, desde logo, unha posibilidade importante, que é a de facer, oxalá fose así, oxalá tivésemos todos os días, de verdade, asociacións sen ánimo de lucro nas rúas facendo actividades culturais. Parece que a vostede lle preocupa. Mira que se están todos os días coa cultura nas rúas, que sería isto? Pero, claro

ALCALDÍA: Imaxínate para o que vive no primeiro.

SR. RODRÍGUEZ VILLARINO (PSdeG-PSOE): Claro, o que pasa é que, en calquera caso, non sei se decatou vostede pero habitualmente todas as ordenanzas son exencións que se fan por actividades que se desenvolven de xeito temporal, non se lle dá a rúa todos os días para que fagan todo o que queiran

ALCALDÍA: Pero dixen que empatas un día con outro despois.

SR. RODRÍGUEZ VILLARINO (PSdeG-PSOE): A ver, despois faga as observacións que queira, que, como di vostede, llo permite o regulamento, de momento, de momento, porque hoxe se decatou como outras veces se decatan de que non suman 14 e non van sumar 14 tampouco cando nos presentemos un cambio no regulamento, que xa lle anuncio que vai ser inminente e antes de que acabe este ano, entón aproveite agora

ALCALDÍA: Estamos esperando.

SR. RODRÍGUEZ VILLARINO (PSdeG-PSOE): Aproveite para lucise, aproveite para intentar saír na súa televisión, que é o que lle preocupa. De verdade, vostede tería que estar nun programa destes de lerias, que eu penso que a súa vocación frustrada, porque a Alcaldía non. A Alcaldía, desde logo, non é o seu sitio. E non é o seu sitio porque vostede non ten vontade para chegar a acordos coa xente, vostede cando non lle sae algo ben carga contra os demais. Vostede cando necesita apoios dedícase basicamente a presionar en vez de chegar a algún tipo de solución acordada. E, claro, así non nos vai moi ben.

Neste caso, pois, mire, falamos de que se ademais disto que pide o Bloque Nacionalista Galego, co que estamos de acordo, se ademais despois se fai unha ordenanza que regule o uso do espazo público, se vai máis aló, como dicía antes, e inclúense políticas





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

de convivencia e civismo, normas nos espazos públicos para non atentar contra persoas, como poden ser cuestións de homofobia, como poden ser cuestións de racismo, de xenofobia. É unha ordenanza, a fin de contas, ampla, que recolla o espírito desta concello, o que pasa é que, a ver, isto lévase mal co pensamento concreto. Hai que ter un pouco de pensamento abstracto e ver as cousas na súa amplitude, situada no contexto. E neste contexto vexo que se está a facer en lugares de referencia, como dicía antes, como son Barcelona, como son Madrid, como son Tarragona, como son en lugares que teñen en conta, pois iso, o espazo público como algo máis ca un sitio onde van negocios privados a ver se obteñen beneficios. Son lugares onde o público, onde ademais as actividades que son sen ánimo teñen o seu lugar. Son lugares onde a filosofía dun concello se fai patente. Oxalá algún día este concello teña unha filosofía na rúa que paga a pena chamarse como tal.

ALCALDÍA: Moitas grazas, señor Villarino. Contestareille. Primeiro, nós imos votar en contra polos argumentos que citei na miña primeira intervención. Votamos en contra desta moción e tanto da emenda que hai de adición, de engádegas. Por certo, vostedes, o BNG aceptan a emenda do PSOE? Aceptan a emenda do PSOE, co cal votaremos a moción coa emenda a continuación.

Vou dicir as miñas réplicas. O BNG acúsame, ironicamente dixo que vou pasar como un gran dinamizador da cultura e dicíao ironicamente. Pois ben, acabamos de pechar o martes pasado, estableceuse outro novo récord e chegouse na campaña de fomento da lectura a 9407 menores de Ourense cidade, escolares, 18 anos para abaixo, 9407 nenos foron a unha librería a escoller libremente o libro de lectura que quixeron e xa o teñen nas súas casas. Vale? A persoa que din que enterra a cultura fixo unha campaña que é pioneira en España e que realmente é algo alucinante porque están os libeiros dicindo que xerou que en Ourense se estea agora estatisticamente por enriba da media española porque moitos nenos colleron a inercia, algúns xa a tiñan obviamente, e outros, debido a esta acción que comezou o ano pasado, pois colleron a inercia de non ir só á librería a buscar un libro de lectura cando saía do concello, senón durante máis épocas do ano, vale? Pois 9400.

Pero é que, á parte, o domingo imos pechar a que foi a maior exposición que organiza o Concello de Ourense, a exposición do que son os traxes de entroido e é organizada polo Concello de Ourense. É a maior exposición que se fixo nunca na historia de Ourense con case 18000 visitantes na Sala Valente, no antigo edificio do Banco de España. Acaba o vindeiro domingo ás 2 da tarde e organizouse estando nós no grupo de goberno. Iso é o que vostedes din.

Obviamente agora temos a pandemia como a temos. E outro día falei, creo que o dixen aquí o outro día, falei co Café Latino e díxenlle cando van comezar os concertos no Café Latino? E díxome, home, de momento, non se pode, está toda a actividade privada parada. Porén, si que é verdade que hai institucións públicas, aos que o diñeiro lle dá igual, onde o custo repercutido por actuación é de 150€ e 200 e fan actuacións onde, xa digo, onde vai moi pouquiña xente e o custo é elevadísimo. Por exemplo, o Teatro Principal. Nós non compartimos iso porque entendemos que o diñeiro é de todos e non temos por que pagar todos as *delicatessen* duns poucos. Oia, unha actuación en Nova York de teatro boa custa arredor de 100 dólares e tena que pagar o que quere ir. Por que temos que os ourensáns pagar ao que vai ao Teatro Principal a ver unha actuación que custa cento e pico





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

euros de custo repercutido? Mira, perdoa, é que é demasiado caro. Unha cousa é pagar 20€ a todos os nenos desta cidade unha vez ao ano e outra cousa é reiteradamente cada semana a unha persoa que lle guste o teatro que todo o mundo mo financie. Oe, perdoa, terás que pagar ti. Do mesmo xeito que a roupa, que é máis importante, a ten que mercar cada un.

Iso por un lado. O tema que me di da taxa de veladores, mire, en Abanca fixeron as cousas distintas. Fixeron un pouco o que comentou Araújo, que dicía que nós non atendemos. Claro, que atendemos. Abanca contactou con nós para nos propoñer isto, e non fixo iso, foron a machada. O que buscaba oe era xa o tema ese, de que nos pidan diñeiro e sacámolo na prensa. Abanca non o fixo, Abanca falou connosco, fixeron as cousas ben, coorganizouse e non pagaron taxas. Mire, que Abanca lle importa ben pouco as taxas, obviamente. Non o facían por iso. Pero, home, oe non quixo facer iso. Entón, por favor, non terxiversen iso.

Respecto ao que nos di o PSOE. Di, se hai actuación todos os días, que problema hai? Home, pois dillo ao que vive no primeiro, que ten unha actuación todos os días de cultura abaixo, vaillo dicir ao que ten oficinas alí. Home, para temas culturais xa habitados uns espazos e puntualmente se pode facer na rúa, puntualmente, non todo os días.

E logo di o señor do PSOE algo fascinante, díxome a min hai un rato, e está gravado, bendita o sistema de gravación, dixo “o señor alcalde non ten vontade para chegar a acordos coa xente”. E dío a persoa que o outro citei para unha reunión e deume plantón 10 minutos antes, que ademais xa o sabía o día anterior porque xa nos veu filtrado do PSOE, que, por certo, ten moitos filtradores. Ou sexa, que xa o sabían con anterioridade e esperou aos últimos 10 minutos, ademais de mala educación e de mala fe, porque, home, anulalo con tempo, non o anules 10 minutos antes. E esa persoa que deu plantón, que non quixo falar co alcalde di hoxe aquí o alcalde non ten vontade para chegar a acordos coa xente. Vostedes imaxinen que o presidente do goberno cita ao líder do PP a falar e o líder do PP dille non, non, eu vou a esa reunión se van todos, porque o señor Villarino dixo teñen que ir todos os representantes. Entón di, eu vou a esa reunión se van todos os da xunta de portavoces. Vostedes imaxinen que Casado diga eu vou a esa reunión sempre e cando vaia o representante de Bildu, o representante de ERC, que vaian todos, entón si irei á reunión. Sería algo insólito. Se a ti o presidente do goberno, agora dareille a palabra... Se a ti o presidente do goberno che cita a unha reunión, home, como líder da oposición terás que ir. Non, non, eu non vou, teñen que ir todos. Pois foi o que fixo onte o líder da oposición do PSOE, que eu me pregunto realmente se é realmente líder. Deixáronlle realmente vir? Porque ao mellor non o deixaron vir, entón realmente non é o líder. Pero faime graza porque me di iso, non teño acordos para chegar coa xente.

E despois di que hai que chegar ás cousas por consenso. É dicir, en todo aquilo onde el non pode, di que o ideal é o consenso, di que nisto que veña a xunta de portavoces e que saia todo por consenso, pero logo, miren o que dixo antes, que intentarán ser 14 votos para cambiar o regulamento. Aí xa non pide consenso nin unanimidade, hai di que en canto teña maioría o van facer. Ou sexa, ten dúas varas de medir. Chámame a atención porque ten dúas varas de medir.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Ben, e logo chámame a atención, porque tiña aquí un punto máis, que era, si, efectivamente, o tema da cultura. Pois, mire, anúnciolle xa aquí que hoxe acaba de anunciar o presidente que leva a Deputación de Aragón, GAD creo que se chama, Grupo GDA, algo así, pois acaba de anunciar, que é do Partido Socialista, que se suspenden as festas do Pilar do 12 de outubro en Zaragoza. Acaba de dicilo un socialista. Se chega a ser de Democracia Ourensana cómeno vostedes, pero como é socialista e o dixo pola pandemia está moi ben pechar as festas do Pilar. Vostedes criticábanme que nós non fixemos a do corpus e acaba agora un socialista pechar as 12 de outubro. Pero é que en Xapón acaban de suspender o gran premio de Xapón previsto para outubro-novembro.

Tiña outra cousa que dicir, pero fóiseme e era moi importante realmente. Síntoo.

Señor Villarino, quería facer unha réplica. Cando queira.

SR. RODRÍGUEZ VILLARINO (PSdeG-PSOE): Mire, non hai contradición ningunha no que digo. Voullo explicar a ver se se entende ben. Eu cando digo 14 é que un mínimo para cambiar un regulamento

ALCALDÍA: Pero hai non quere consenso

SR. RODRÍGUEZ VILLARINO (PSdeG-PSOE): Si, si. Eu encantado. A ver, oxalá o conseguísemos. O que pasa é que eu dubido moitísimo

ALCALDÍA: Aí o consenso dálle igual.

SR. RODRÍGUEZ VILLARINO (PSdeG-PSOE): O que pasa é que dubido moitísimo chegar a consensos con vostede.

E, mire, voulle dicir unha cousa. E o presidente do goberno, que non se pode vostede comparar con el, paréceme

ALCALDÍA: Non me comparei.

SR. RODRÍGUEZ VILLARINO (PSdeG-PSOE): Si, si.

ALCALDÍA: Fixen unha analoxía, non con el.

SR. RODRÍGUEZ VILLARINO (PSdeG-PSOE): Pero vouno comparar eu. Cando chama alguén da oposición ou quen sexa, claro que van falar con el. Sabe por que non fun falar con vostede?

ALCALDÍA: Non.

SR. RODRÍGUEZ VILLARINO (PSdeG-PSOE): Porque non me fío de vostede. Entón, para ir falar con vostede quero ir con máis xente.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

ALCALDÍA: Vale, vale. Pero escoite unha cousa. Pero, home, oia, di que non se fía o que me deixou colgado, o que me mentiu. Sería ao revés, non me fiarei eu de vostede, que non me apareceu.

SR. RODRÍGUEZ VILLARINO (PSdeG-PSOE): Non, vostede tivo por escrito a contestación. Pero dígolle que non me fío e como non me podó fiar e probas teño de abondo, pois chega un momento en que digo para falar con vostede a soas non.

ALCALDÍA: E logo que lle ía facer a soas?

SR. RODRÍGUEZ VILLARINO (PSdeG-PSOE): O que ía dicir despois.

ALCALDÍA: Pois tiña outra cousa importante que dicir, a ver se a lembro despois.

O Pleno do Concello, por vinte e dous votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, dona María del Mar Fernández Dibuja, don José Miguel Caride Domínguez e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e tres votos en contra do Grupo Municipal de Democracia Ourense, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a emenda do PSOE.

En consecuencia, queda aprobada a moción coa redacción dada pola emenda do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.

5.3 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para instar ao Concello de Ourense a que poña en marcha un plan de choque urxente para sacar do abandono total os parques infantís e zonas verdes da cidade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os socialistas denunciámos xa en numerosas ocasións durante o presente mandato e tamén no anterior que, a pesar de que o goberno municipal conta dende fai tempo cunha auditoría sobre o estado dos parques e zonas verdes da cidade, e tamén está listo un informe de actuacións necesarias e urxentes nas zonas recreativas dende a Concellería de Medio Ambiente, prefíren priorizar o gasto en asesores ou rampas mecánicas e seguir a adiar a atención aos servizos básicos para a cidadanía, convertendo Ourense nunha auténtica selva abandonada para cativos e familias.

En todos os barrios de Ourense podemos atopar numerosos exemplos de zonas de xogo infantís e espazos de lecer sen ningún tipo de mantemento nin sequera renovación dos aparellos, pendentos de reforma ou clausuradas, *en tempos nos que o xogo ao aire libre é imprescindible e nos que deberíamos garantir que fora nas mellores condicións posibles para os máis pequenos.*





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Á grave situación dos parques infantís hai que sumarlle a precaridade aínda do contrato de conservación e mantemento de zonas verdes, paralizado e pendente de nova adxudicación, ou tamén a ausencia aínda dun estudo para a protección do patrimonio arbóreo da cidade.

Consideramos que non se pode esperar máis para abordar reformas globais ou parciais nas zonas infantís de xogo e o actual goberno municipal debe poñerse mans á obra.

A radiografía dos parques urbanos infantís e da zona rural é clara: columpios vellos, chan levantado, fochancas, aínda sen adaptar á normativa europea nin sequera para facelos máis accesibles, aparellos oxidados ou rotos con elementos que supoñen riscos para os máis pequenos, sen iluminación suficiente ou carentes dela, sen repoñerse ou dotalos de árbores, etc.

Nunha reunión con varios colectivos do **barrio da Ponte**, o máis populoso da cidade, Jácome comprometeuse antes do verán a abordar a mellora dos parques da zona ante a preocupante situación que presentan, e que en moitos casos teñen pendentes e proxectadas reformas paralizadas polo actual rexidor. Máis tarde, o 22 de abril, o alcalde anunciaba publicamente que o Concello acometería a renovación integral e posta en valor das áreas de xogo infantís da cidade cun investimento de 1,1 millóns de euros que permitirían renovar o pavimento, os elementos de xogo e o mobiliario auxiliar de 19 zonas da cidade. Máis de catro meses despois do anuncio, seguimos agardando por estas actuacións.

O certo é que só se precisa vontade política para a reforma integral necesaria do **Parque do Peco** ou do de **Xesús Pousa**, para acondicionar ou realizar melloras noutros como o **Parque San Rosendo** ou o na **Alameda da Ponte** (despois da oportunidade perdida pola Xunta de Galicia coa reforma realizada no anterior mandato que rematou en chapuza); ou para mellorar outros como o da rúa San Froilán ou o da rúa Ribeiriño, todos eles con zonas infantís totalmente obsoletas e defenestradas na actualidade e con gran afluencia das familias.

Non se pode esquecer tampouco as múltiples queixas dos veciños do **barrio do Pino**, do entorno da antiga estación de autobuses, que finalmente puideron a lo menos acadar a reposición de árbores recentemente, despois de meses agardando polo executivo municipal.

No **barrio do Couto**, temos parques emblemáticos tamén abandonados á súa sorte, como o **Parque das Aventuras** ou a zona recreativa do **Barbaña**, ou o da rúa **Gregorio Fernández**; e tamén no entorno da **Carballeira**, na rúa **Carriarico** ou a **Praza da Lexión**. Non se pode esquecer tampouco a falta de previsión municipal en connivencia coa Xunta de Galicia, que levará por diante un pulmón verde da cidade como é o **Parque do Couto** e





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

previsiblemente, pola súa falta de dilixencia e descoñecemento, fará o mesmo co **Parque das Letras**. Todo para facer un skate park en dúas fases que non se adapta ás necesidades nin dos usuarios e que aínda por riba rexeita a veciñanza.

No **barrio do Vinteún**, o exemplo máis claro de desleixo e o **Parque de Santa Teresita**, o punto de encontro e zona de ocio central, carente de mantemento sequera nos últimos tempos para un lugar de construción relativamente recente.

No **barrio de San Francisco e Mariñamansa**, máis do mesmo, só temos que observar o **Parque das Zapatillas** ou o entorno de **A Cuña**, de pouco vale abrir ao público novas zonas infantís se logo se deixan totalmente de man pola irresponsabilidade municipal.

Nos últimos plenos municipais xa falamos da necesidade dunha reforma integral do **Parque 25N de Reza** a proposta do PSdeG-PSOE e tamén de retomar o proxecto definitivo para poñer en valor o **Xardín do Posío**, que está paralizado dende a saída do goberno do PP.

E todo isto máis aínda despois do espolio vivido no **Parque Miño**, outro lugar de gran singularidade e valor histórico para os veciños de Ourense, que reflicte claramente a desprotección e abandono das zonas verdes que vivimos na actualidade.

Poderíamos continuar así eternamente, nomeando zonas, parques, espazos verdes urbanos e do extrarradio de Ourense, que aínda están peor se cabe. Por este motivo, consideramos imprescindible de cara ao período estival que imos afrontar proximamente, tomar decisións e poñer fin a esta decadencia dos últimos anos dunha vez por todas, esixindo ao actual goberno municipal que antes de afrontar macroproxectos inviables ou outros que responden aos intereses dunha minoría, debemos priorizar o máis básico e necesario: que os ourensáns e as súas familias disfruten de espazos de lecer seguros, adaptados e renovados.

Por todo o **exposto**, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, a seguinte proposta de **ACORDO**:

1. Instar ao Goberno Municipal a que execute un plan de choque urxente para reformar, acondicionar e mellorar toda a rede de parques infantís e zonas verdes de Ourense antes do verán, unha vez obtida a diagnose da situación na que se atopan e que os técnicos municipais avalen o cronograma de actuacións necesarias a executar, comprometendo o orzamento preciso a tal efecto.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Emenda presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

EMENDA DE ENGÁDEGA:

TEXTO INICIAL DA PROPOSTA DE ACORDO

1. Instar ao Goberno Municipal a que execute un plan de choque urxente para reformar, acondicionar e mellorar toda a rede de parques infantís e zonas verdes de Ourense antes do verán, unha vez obtida a diagnose da situación na que se atopan e que os técnicos municipais avalen o cronograma de actuacións necesarias a executar, comprometendo o orzamento preciso a tal efecto.

PROPOSTA DE ENGÁDEGA

2. Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense a incrementar o número de membros da brigada encargada do mantemento e supervisión dos parques infantís e dotala dos medios materiais precisos para o bo desenvolvemento do seu traballo.

REDACCIÓN FINAL DA PROPOSTA DE ACORDO

1. Instar ao Goberno Municipal a que execute un plan de choque urxente para reformar, acondicionar e mellorar toda a rede de parques infantís e zonas verdes de Ourense antes do verán, unha vez obtida a diagnose da situación na que se atopan e que os técnicos municipais avalen o cronograma de actuacións necesarias a executar, comprometendo o orzamento preciso a tal efecto.

2. Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense a incrementar o número de membros da brigada encargada do mantemento e supervisión dos parques infantís e dotala dos medios materiais precisos para o bo desenvolvemento do seu traballo.

O concelleiro Ucha Álvarez auséntase do salón de plenos ás 10.39 horas.

ALCALDÍA: Isto estao pedindo o Partido Socialista para sacar do abandono total aos parques, estao dicindo o partido que votou en contra da modificación de crédito. que trouxemos para arranxar parques infantís, entre outras cousas. Trouxemos unha modificación de crédito para dotar diñeiro para arranxar os parques infantís e parques de Ourense e votaron en contra. E agora traen unha moción para arranxar os parques infantís. Olé, isto só o pode facer o PSOE. E como moito o BNG.

SRA. GONZÁLEZ BENÉITEZ (PSdeG-PSOE): Bo día de novo.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

A verdade, por moito que se empeñe e estea todo o día facendo falsas analoxías é que non engana a ninguén, non engana absolutamente a ninguén.

Pero, ben, ao tema, que é de interese para os cidadáns, máis aló do argumentario que lle quere meter na cabeza a través da súa tele.

Nós traemos esta iniciativa, que hai unha cousa curiosa, que, a verdade, estamos satisfeitos porque está gañada antes de debatela e iso é bo para todos, tamén hai que dicilo. E, sobre todo, útil para a nosa cidade.

É unha iniciativa que podería traer calquera grupo municipal e incluso atemporal, porque en calquera momento desta lexislatura o poderíamos ter traído e incluso da anterior.

É unha moción na que se pide porque hai unha situación evidente e crítica de abandono total tanto dos parques infantís como das zonas verdes da cidade. A diagnose está clara. Hai parques cunha antigüidade maior a 10 anos ata hai pouco non había un contrato en vigor de mantemento e conservación de zonas verdes, a roza sempre chega sempre tarde, mal e nunca. A diagnose témola clara todos. O que estaba claro é que había que poñelo sobre a mesa e que por fin se tomasen medidas porque cada día estamos ante situacións que podemos vivir todos, ou as nosas familias ou os nosos coñecidos en calquera barrio de Ourense. De pouco vale tamén inaugurar parques novos se todo o existente na cidade está asumido no abandono.

Nestes dous anos, como ben saben o alcalde e o Partido Popular, hai novos parques na praza de san Antonio, en Mariñamansa, en Vilar de Astrés. E é moi bonito ir facer a foto e colgarse dunha tirolina ou dunha randeeira pero logo non se vai a outros que están desfeitos.

De norte a sur da cidade, se comezamos no barrio do Pino onda a estación de autobuses hai temos unha zona verde, que é moi concorrida, como é o parque do Peco, parques aínda de area nesa zona. Se imos baixando temos parques de máis de 10 anos con moitísima afluencia e moito uso como son san Rosendo, Jesús Pousa, incluso san Froilán, chegamos á Alameda da Ponte que foi unha oportunidade perdida a súa reforma por parte da Xunta de Galicia e está realmente abandonada tamén agora mesmo. E despois seguimos adiante e podemos ir cara o Vinteún á praza da Mariña, podemos ir ao parque de santa Teresita, que tamén é relativamente recente, que é unha gran zona verde que se recuperou para a cidade polo anterior goberno socialista e que tamén ten moita afluencia de xente e que agora mesmo hai danos que non precisan só unha pequena reparación, senón que hai que ir máis alá.

Se subimos un pouco ao rural, pois o mesmo, só hai que subir Quintela, Castro de Beiro, Palmés, etc., non piden moito porque os veciños do rural non piden moito pero pagan impostos como o resto da cidade.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Entón, se seguimos cara ao centro? Pois o mesmo, agás o parque se rehabilitou grazas ao anterior plan de investimentos apoiado polo Partido Popular e o Partido Socialista na Alameda do Cruceiro, non hai moito máis.

O parque san Lázaro é outro parque con moito uso que se reformou no anterior mandato do goberno socialista, pero agora tamén ten deficiencias. É unha zona céntrica e todos coñecedes como está polo uso que ten.

E despois se xiramos un pouco cara a outros barrios, o Couto temos dous parques que se defenestraron neste mandato, o parque do Couto e agora vaise proceder ao parque das letras, dous espazos que eu creo que eran de espaxamento para os veciños, que, ao mellor, está mal proxectado que aí se utilice para outras infraestruturas. Pero agora parece ser que pode chegar a ser irreversible, aí non imos entrar.

Se nos imos cara á Carballeira? O mesmo. A praza da lexión, outros pequenos parques localizados na zona das Camelias. Se nos imos a Mariñamansa, o mesmo. Se nos imos ao parque Miño, o mesmo. Se nos imos tamén a parques emblemáticos, como a Alameda do Concello ou o xardín do Posío, o mesmo.

Sabemos que hai moitas ideas e sabemos que hai que poñelas en marcha. Hai unha incapacidade de xestión evidente nestes dous últimos anos de mandato, por iso é necesario deixarse de promesas e executar un plan de choque urxente, porque se non estaremos todos os días nos medios de comunicación, estaremos todos os días para que arranxen algo nun parque tendo que facer queixas públicas os veciños e algún día teremos que lamentar que haxa algún accidente ou simplemente que non poidamos gozar de algo que cos nosos impostos é primordial e máis en época de covid.

Deixarei algunhas achegas máis para a segunda quenda.

Os concelleiros non adscritos renuncian a tomar a palabra nesta quenda.

SRA. REZA ÁLVAREZ (BNG): Ola, bo día a todos e a todas.

A día de hoxe dentro do termo municipal do Concello de Ourense está a vista de todos e de todas que hai parques infantís que se atopan nun estado moi, moi deficiente. Algúns están totalmente abandonados e hai outros que non cumpren nin coa lexislación vixente. Polo tanto, moitos deles precisan unha reforma integral. É o que recoñeceu o goberno municipal en abril cando sacamos unha nota de prensa de que íamos presentar unha moción, ao día seguinte saíu unha nota de prensa de que se reformaría unha serie de parques, que se investirían como 1 millón de euros. E despois tamén o recoñeceu onte o goberno municipal esa necesidade incrementando o número de actuacións que vai levar a cabo o goberno municipal. Que un goberno municipal teña os parques como os temos no Concello de Ourense a día de hoxe é un reflexo do tipo de goberno que temos, que nin sequera foi capaz de mirar polos máis cativos e polas máis cativas, tanto en termos de seguranza como en termos de necesidades, pois as crianzas precisan lugares de espaxamento, de desenvolvemento da psicomotricidade e tamén en lugares onde poidan adquirir hábitos saudábeis.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

O ideal sería que Ourense fose unha cidade máis accesíbel, máis pacificada dende o punto de vista do tráfico, onde o espazo público reservado para a veciñanza e o lecer fose gañando cada vez máis terreo. Semella que en Ourense estamos camiñando na dirección contraria. Así na zona histórica non temos ningún mecanismo de control do acceso dos vehículos e entran e saen como queren e cando queren da rúa de Concordia. Tamén se fixo de acceso restrinxido e o tráfico segue a ser moi intenso. O mesmo alcalde na rúa Xocas, que é unha rúa de acceso restrinxido, pois ten alí aparcado o coche pola mañá, ao mediodía e alí está aparcado.

E tamén, por exemplo, perdeuse unha oportunidade de humanizar Marcelo Macías na reforma que se fixo, non se fixo ningunha humanización. O mesmo na avenida de Ramón Otero Pedrayo que se perdeu a oportunidade de unir o dous campus dun xeito máis accesíbel.

Polo tanto, o mínimo é que o pouco espazo de xogo que teñen as crianzas e que está limitado a esas zonas de xogos infantís estean en boas condicións de uso e sexan atractivas e adecuadas para as súas necesidades.

É verdade que nos últimos anos leváronse a cabo algunhas actuacións para mellorar determinadas instalacións, mais en xeral a maioría deles, como todas e todos sabemos, están berrando por unha reforma. De feito, o goberno municipal vai sacar a licitación novas áreas de xogo infantil. Os técnicos municipais, despois de feita unha auditoría, no ano 2019 estimaron que era preciso, a maiores un orzamento de 4 millóns de euros para este tema, co concordamos e así o manifestamos na alternativa que presentamos á modificación de crédito 2P. Tamén se vai facer unha reforma integral do Posío, que o precisa e máis o vai precisar agora que a cafetería se lle rematou a concesión, non se lle renova, é incríbel que nos tempos que corren se lle quite o pan a unha familia cando ao mellor poderían estar algún tempo máis. E despois tamén no parque das letras para o skatepark, é verdade, é necesario un skatepark pero non entendemos como para facer un skatepark se cargan dous parques e unha zona de xogo infantil cando se podería ter feito doutro xeito.

Vendo o acordo que presenta o Partido Socialista, concordamos na necesaria execución desa reforma integral dos parques infantís porque todos coñecemos como están pero, ademais, consideramos que é fundamental o mantemento destas zonas. E a día de hoxe a brigada de mantemento dos parques infantís está formada por 4 persoas, 2 para reposición nas zonas de xogos, de material, e outra para as fontes e entendemos que este cadro de persoal é totalmente insuficiente para atender as necesidades que hai, que son moitas a día de hoxe, esperemos que sexan menos no futuro pero son 150 áreas de xogo infantil que atender. Entón, entendemos, por iso presentamos a emenda de engádega, que sería necesario aumentar o cadro de persoal para a atención e o mantemento das zonas de xogo infantil.

E máis nada. Moitas grazas.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS): Desculpe, quedeime porque pensei que ían falar do grupo de non adscritos.

Eu coincido na diagnose que fan tanto dona Natalia como dona Rhut na situación dos parques. Todos coñecemos a situación na que se atopa a Concellería de Medio Ambiente. Non é unha cousa nova, é unha cousa que se vén arrastrando xa de hai anos en canto a reposición do persoal, que non se fixo, o número reducido de persoas, pero tamén é verdade que nos foron vendendo que as cousas ían mudar e agora mesmo temos un novo contrato, que nos explicaba precisamente o concelleiro de Medio Ambiente o outro día, don Jorge Pumar, do novo contrato de atención ás zonas verdes. E a cousa lonxe de mellorar é que cada vez empeora máis, cada vez temos as zonas verdes da cidade en peores condicións. Isto é unha realidade.

Eu dicíalle que hoxe era o día das piruetas políticas e teño que contradicir ao señor alcalde cando dicía que só o BNG e o Partido Socialista eran capaces de presentar unha moción para a atencións ás zonas verdes xusto inmediatamente despois de ter bloqueado ou intentando bloquear ou van bloquear, se poden no futuro inmediato, unha modificación de crédito para a atención ás zonas verdes. E dicíalle que o teño que contradicir porque, ademais, e isto é unha nova forma de gobernar a cidade que imos albiscando nas xuntas de área. Eu, por exemplo, onte vin como a concelleira de Urbanismo lle mandaba recado ao seu socio de goberno a través dun técnico municipal para lle advertir de determinadas deficiencias no funcionamento dun servizo. E vou vendo como nas diferentes xuntas de área, sobre todo os concelleiros do Partido Popular teñen a capacidade de lle botar a culpa de todo o que pasa malo aos concelleiros de Democracia Ourenzana. E hai aí un pique, que xa irá dando os seus froitos, xa iremos vendo, pero de momento imos vendo abrochos, abrochos nese sentido.

Pero, fíxense que aínda non rematei con dicirlle polo que contradicía ao señor alcalde e é que pensando que só era o Partido Socialista ou o BNG ou os non adscritos os que intentaban bloquear as reformas dos parques hai que recordar que o Partido Popular se abstivo na modificación de crédito que trouxo o goberno municipal para a reforma dos parques. Pero vai e quítase onte o Partido Popular de nota de prensa e vai e intenta pórse as medallas do que vai pasar na cidade en zonas verdes da mesma modificación de crédito que eles se abstiveron, naquel momento en que non sabían se ían ser aínda compañeiros de goberno do señor Jácome. Eu recórdolles que na modificación de crédito ían 1400000€ para investimentos, novos parques e xardíns. Ían 2 millóns de euros para reformas do xardín do Posío. E ían 4 millóns de euros en investimentos para reposición en parques e xardíns. E salvo este que lles está a falar agora mesmo, que votou a favor desta modificación, o resto, PSOE e BNG que xa están anunciando que van intentar bloquear esta modificación, e non adscritos votaron en contra. E o Partido Popular abstívose. E onte o Partido Popular quítase de nota de prensa para se colocar medallas. E o Partido Socialista sen ningún tipo de complexo vén hoxe aquí a lembrarnos o mal que están as zonas verdes e que hai que facer reparacións nelas. De verdade que isto todos nolo temos que facer mirar. Eu penso que todos nolo temos que facer mirar.

Que máis ten que pasar? Quero dicir, aquí en que punto temos que nos atopar para que a cidade avance? Porque agora mesmo queda moitísimo tempo ata o ano 2023 e terán





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

que pasar cousas en positivo para a cidade e o que vexo é que unha porcentaxe alta de vostedes está pelexando precisamente para que non pase nada positivo na cidade.

Por suposto témoslle que votar a favor desta moción, pero non menos que lles ter que recordar que son vostedes outros cínicos como o BNG traendo esta moción hoxe ao pleno, señores do Partido Socialista.

Grazas.

SR. PUMAR TESOURO (PP): Bo día, moitas grazas, alcalde.

Eu, en primeiro lugar quedo sorprendido na moción anterior onde, ben, non era moción, era un acordo, que é o importante dun pleno, onde o Partido Socialista, quedo totalmente sorprendido, criticando e dicindo non a investimentos ao barrio da Ponte. É unha cousa que nunca vin no Concello de Ourense do Partido Socialista a un barrio tan importante como a Ponte, dicíndolle que non a investimentos tan importantes como eses.

En referencia a esta moción, téñolle que dicir, e gustaríame que mirasen todos a moción, o acordo, o importante da moción, sobre todo os concelleiros non adscritos, porque o acordo da moción di unha cousa moi clariña, di que se execute un plan de choque dos parques infantís e que estea feito antes do verán, comprometendo a partida orzamentaria. Saben por que pasa isto, señor alcalde tamén? Porque esta moción tiñana preparada vostedes no mes de maio, o Partido Socialista. Que pasa no mes de maio? Convócase o pleno para a modificación orzamentaria. Retiran a moción e chegan á modificación orzamentaria e votan en contra. E agora veñen cunha moción no mes de setembro nin se decatan o acordo que aparece no mes de verán, que tiña que estar feito este plan de choque, cando o verán xa pasou. Este é o acordo, o acordo, por iso llelo digo, aos concelleiros non adscritos que é o acordo que van votar.

É máis lleS digo. Mire, a modificación orzamentaria entrou vigor o 11 de agosto, o prego dos parques infantís está hoxe en contratación e dígoo, e non é para me colgar medallas, isto iniciouno o señor alcalde. Díxoo no mes de marzo, abril, en primavera, que estaba co prego dos parques infantís, pero os parques infantís fai falla dotación orzamentaria.

Señor Pepe Araújo, vostede foi concelleiro de Medio Ambiente, vostede por que non fixo parques infantís? Por que non mellorou parques infantís? Por que non? Dígolle por qué, porque non había dotación orzamentaria. Estabamos gobernando daquela en minoría e os grupos da oposición votaban todo que non á modificación orzamentaria. Para facer investimento fai falla modificación orzamentaria e ter partidas de investimento. Somos coñecedores perfectamente de cómo están os parques infantís. Nós, como Partido Popular, cando trouxemos aquí, cando trouxo o señor alcalde o que é a modificación orzamentaria dos 62 millóns de euros dixemos que estabamos totalmente a favor desa modificación pero queriamos máis e que os acordos que viñan nesa modificación de crédito estabamos totalmente de acordo. E aí está o exemplo, entrou en vigor a modificación de crédito o 11 de agosto e estamos a 3 de setembro e xa está o prego





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

preparado porque houbo un trabalo previo, houbo un traballo durante o mes de agosto e dos meses previos que tamén o levou o señor alcalde onde se está executando xa o prego.

Eu estiven contigo, Natalia, vendo diferentes parques. Eu sei perfectamente como están os parques. No primeiro ano, como ben dixeches, fíxose o parque da praza da san Antonio, fíxose o parque de Vilar de Astrés, fíxose o parque de Mariñamansa, fíxose o parque de Barrocás. É dicir, estamos a facer investimento e agora imos facer un plan de choque moito máis potente.

Estamos falando de que imos executar 70 parques infantís nun prazo de 16 meses, de diferentes fases, con diferentes proxectos que estamos traballando. Sei perfectamente o persoal co que conta na Concellería de Medio Ambiente e sei que teremos que nos esforzar para que todo isto vaia e teña un final que todos esperamos, que o queremos entre todos, entendo eu, é que os nenos e nenas desta cidade poidan ter no parque que teñen ao carón da súa casa reformado e dese xeito poidan gozar tamén de novos xogos, máis inclusivos, máis ecolóxicos, máis sustentables e, sobre todo, tamén pensar na conciliación da vida laboral e familiar e non me pode esquecer que imos ter os primeiros parques cubertos da cidade que Ourense nunca tivo ningún.

Moitas grazas.

ALCALDÍA: Normalmente falo último, entón ás veces algunha das cousas que digo xa non son novas.

Dicir que Telmo tivo que ausentarse do pleno, esperemos que volva proximamente.

Vou dicir un tema importante sobre esta moción que presenta aquí o PSOE e recordo unha vez, vén a colación tamén do que dicía antes, non sei quen o dixo aquí se o BNG ou Araújo, ou o SOE, non recordo quen o dixo, falaba de que os técnicos de Cultura, como algún que está aquí, que eran uns excelentes profesionais. E eu sempre o dixen, ou sexa, cando a xente loa todos os funcionarios, pois non, iso non funciona así. Ou sexa, é unha campá de Gauss, hai excelentes profesionais, pésimos profesionais e logo está no medio, pois home, o máis frecuente, o normal é ser normal. Entón non son todos excelentes nese sentido porque, á parte, o filtro que había para entrar non se buscaba a excelencia. Non é como, por exemplo, unha final olímpica, que todo son excelentes corredores. No caso dos funcionarios non é así.

E dicía por exemplo, non, é que os magníficos profesionais programando. Home, se fosen magníficos profesionais programando actos culturais non habería actuacións como a que houbo aquí, creo que das últimas que houbo aquí neste auditorio foron dúas, nunha viñeron 38 persoas a un concerto que custou 5000€, 38 persoas máis ou menos, 5000 € máis ou menos por aí. E outra, unha actuación infantil veu un neno e os dous pais. En loxística había uns 20 persoas, entre a xente do teatro e os que facían o espectáculo eran uns vinte e pico e viñeron 3 espectadores, os 2 pais e un neno. Vostede di son uns excelentes profesionais, home, son os que fixeron o belén que vostedes criticaron tanto de bispo Cesáreo do ano 2019. Non o contratou Gonzalo Jácome. Gonzalo Jácome deu a orde. Dixéronme por un menor, por un contrato menos pódese facer un belén, contrátalo.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Fixérono eles. As críticas viñéronme a min, non lles viñeron a eles. Bastante fixen eu con lle dar a volta e explotalo publicitariamente.

O que quero dicir é o seguinte, hai moitos profesionais nesta casa que son excelentes profesionais e outros son uns caras. E recordo unha vez facendo un prego tardaron uns funcionarios en facer un prego bastante tempo e eu chamaba todos os días, todos os días. E ao final cando fan o prego vénlles rebotado. Oe, por que veu rebotado o prego desde de tanto tempo que tardastes? Non, é que os tíos puxeron a data do ano anterior. Estivemos mirando máis cousas do prego e fora un copia e pega do ano anterior. Ou sexa, estiveron os tipos un mes para facer o prego e ao final fora un copia e pega. E digo isto porque vén un pouco a dicir o que antes dixo Pumar, que, claro, que o que vostedes sacan aquí nesta moción, que é cando a vostedes realmente se lles ve a patiaña, que realmente é curiosísimo, presentan esta moción o 17 de agosto pero na súa moción xa din na súa redacción para que Ourense mellorase e acondicionase as zonas verdes antes do verán. Tiña preparada antes do verán e non puideron, obviamente, presentala antes do verán porque ían votar en contra.

Sinceramente, eu creo que isto de aquí é do máis espectacular que vin nunca. O Partido Socialista vota en contra de mellorar os parques infantís de Ourense, non só vota en contra, senón que os vai levar ao xulgado para intentar frealo e teñen o morro e o descaro do 3 de setembro traer unha moción para arranxar os parques. Isto só o pode facer o PSOE. Eu creo que o BNG igual a este nivel non chega, con todos os respectos, eu creo que a este nivel xa non chegades. Isto só o PSOE. Ostra, é impresionante. Cando xa vimos todo o ano dicindo que o imos facer. “Jácome centrou a súa visita a Bilbao no sistema de cubrición de parques e zonas verdes”, isto xa a principios de xuño, pero xa anteriormente dixeramos que iamos facer todas as obras que iamos facer. Cando visitei o País Vasco, xa anunciei que iamos mellorar os parques e facer cubricións, pero xa o dixeramos anteriormente o que iamos facer. E é máis, a modificación de crédito que xa presentamos, que incluía todos os parques infantís. A min realmente me parece alucinante, isto que nunca vin nada igual.

E logo fan, como o chiste aquel dos Simpson, en que o adestrador, o señor Burns, el estaba adestrando un equipo e a un tío que vai lanzar un tiro, non sei como di en fútbol americano o tiro este que hai, non sei como se chama, o tiro que hai libre, e dille, ou era de fútbol non me acordo, e dille ao que vai facer o tiro, “eh”, como era o adestrador, deulle as instrucións, e díxolle claramente o señor Burns díxolle ao xogador, díxolle “mete gol, oe, mete gol”. E o mérito era del porque lle dixo mete gol. Vostedes igual, traen aquí unha moción, como xa é algo que está en marcha, xa están en marcha os parques infantís desde hai varios meses coa modificación de crédito e agora vostedes presentan unha moción dicindo “eh, facede isto. Facede o que xa está en marcha, para que o mérito sexa voso”. Eu é que alucino, temos que nos abster nesta moción porque é unha broma. Sería darlle lexitimidade a unha moción. Como traen vostedes unha moción de algo que xa está a facer e que ademais vostedes votaron en contra? Isto é para alucinar, realmente para alucinar.

Imos á seguinte quenda e veña, que suba, por favor, a relatora desta moción que é do PSOE, Natalia Benítez, que se están cubrindo de gloria o PSOE neste pleno.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

SRA. GONZÁLEZ BENÉITEZ (PSdeG-PSOE):

A verdade é que o vexo moi intranquilo, señor alcalde. E tanta repetición, a verdade, é que o desgasta. Coherencia, podería dicir vostede o que queira, pero está votando unha moción de algo que está facendo, supostamente. Pouco máis que engadir.

ALCALDÍA: Que dixo?

SRA. GONZÁLEZ BENÉITEZ (PSdeG-PSOE): Señor Araújo, eu creo que hoxe tamén debeu almorzar conxuntamente co alcalde porque, de verdade, que non o recoñezo. Falar de cinismo tendo gobernando e tendo as competencias, eu creo que non hai máis que engadir. Xa dixen, esta moción podía tela traído vostede e, sen dúbida, nós apoiariámola.

Despois tamén, quedo sorprendida, señor Pumar, cando me di que o Partido Socialista non fai ou, ben, torpedea os investimentos no barrio da Ponte. Mire, o barrio da Ponte o Partido Popular calzoulle un pendello á estación de autobuses, pero agora que gobernan vostedes con Jácome gustárame que lles explicasen aos veciños onde está a oficina do Ecobarrio, onde está o Espazo Lusquiños aberto, onde está a praza de abastos da Ponte aberta, onde está o arranxo da beirarrúa da ponte romana? E algunha cousiña máis que queda por aí. A ver quen maltrata máis aos veciños da Ponte ou quen non fan os deberes. Eu si que non quedo sorprendida. Eu o que me gustaría é quedar sorprendida de que vostedes no que queda de mandato arranxen algo disto.

E tamén lles digo, este argumentario, culpabilizar ao Partido Socialista e ao BNG de que non apoiamos unha modificación de crédito e que as emendas e non sei que, aproben un orzamento. Non sumaban 14? Por que non o suman agora? Polas súas liortas entre o grupo do Partido Popular e o grupo, ou o que queda del, de Democracia Ourenzana. É que é así de sinxelo, nós non imos asumir a culpa dun desgoverno que aínda por riba vai polo seu lado, que cada un intenta vender unha xestión, outro outra. En fin, iso débeno mirar vostedes.

Con respecto xa á moción, amais do dito, nós imos aceptar a emenda do Bloque Nacionalista Galego, ímola aceptar porque, por suposto, si que hai eivas no plano de persoal, veñen dos últimos anos. Podemos dicir que todos fomos responsables por diversos motivos de non o ter solucionado antes. Non podo dicir outra cousa que pór en valor o traballo dos funcionarios das brigadas de Medio Ambiente porque, a verdade, é que 8 persoas para todo Ourense traballando ao axuste como fan, eu creo que calquera pode entender que teñen bastante.

E máis nada, eu creo que á marxe de pequenos focos de ortografía, pois eu creo que se entende o sentido da moción

ALCALDÍA: Pequenos focos de ortografía!

SRA. GONZÁLEZ BENÉITEZ (PSdeG-PSOE): Eu podo falar de ortografía pero vostede de educación entende pouco, entón non nos imos entender.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Á marxe de todo isto aínda non acabou o verán, eu creo que o fin da moción se entende. Calquera que non vote favor dun plan de choque urxente para os parques e xardíns desta cidade, zonas verdes, eu creo que non vive nesta cidade. E, ben, máis nada, eu creo que se está en marcha, señor Pumar, nós imos colaborar en todo o posible, nós imos vixiar que en xullo de 2022 todas esas actuacións estean realizadas, executadas, en casos concretos como Posío gustaríanos que se seguise a folia de ruta prevista que estableceron vostedes neste mandato de consensualo cos veciños, cos grupos políticos e demais. No caso da Alameda do Concello tamén, creo que hai que facer unha actuación despois da situación precaria que ten co traslado da praza de abastos provisional e tamén así noutros parques como Reza. Consenso, traballo conxunto e remaremos todos polo ben da cidade.

ALCALDÍA: Quixera facer unha puntualización ás declaracións que dixo. Dixo que alén de pequenos erros de ortografía, é dicir, imos traer de onde vimos. O Partido Socialista tiña preparada esta moción antes do verán, unha moción para os parques e xardíns. Como ven que levamos unha modificación de créditos para arranxalos e eles non queren votar a favor, retíranos. Votan en contra da modificación de crédito e agora que xa o estamos facendo, que vai para adiante, traen unha moción dicindo que hai que arranxar os parques. Ben, meteron un cazapo e pillámoslos porque na moción poñen aquí abaixo pleno de maio de 2021, ou sexa, non foi un erro de ortografía porque o poñen dúas veces, poñen aquí abaixo pleno de maio de 2021 e aquí arriba poñen hai que arranxalos antes do verán. E logo a sinatura preséntana, claro, obviamente, en agosto, pero tiñana preparada por dous motivos. Unha, porque poñen aquí antes do verán e, ademais, reitéranos aquí que pon pleno de maio, que se trabucaron. Tiñano preparado para o pleno de maio.

Pois acaba de dicir que foi un erro de ortografía e é totalmente entendible, cando ela quería dicir outono-inverno escribiu verán, un erro de ortografía. Ía escribir outono-inverno e equivocouse nunha tecla e saíulle verán. É un erro de ortografía moi claro. Isto lémbreme cando pillaban esta xente, que a pillaban cun copia e pega dun libro enteiro, cando fora creo que Ana Rosa Quintana, oia, que o seu libro é un plaxio. E dixo si, si, foi sen querer co ordenador, que lle demos a unha tecla dun email que tiñamos aí antigo. Démoslle a unha tecla sen querer. Isto é o PSOE. De verdade, flipo.

SR. BERMEJO ANSIA (NON ADSCRITO): Moitas grazas.

Si é certo cando estaba escoitando ao señor Pumar na súa intervención, agora coincido en que si, eu creo que esta moción se presentou fóra de tempo. Tiñase intención de presentala antes do verán, incluso pola mesma redacción da moción, onde se pide urxentemente que se faga antes do verán as modificacións e que se faga un investimento sobre diñeiro e sobre os parques infantís. Ben, pois eu creo que non tiña mocións para presentar e colleron esta do caixón do baúl dos records e puxérona a funcionar.

Si, tamén coincido en que xa hai un ano ou ano e pico, máis ou menos, e xa se fixeran investimentos en distintos parques infantís, pero, ben, investimentos que eu creo que foron insuficientes, dada conta de cómo están algúns, pero imos darlle prazo para que se poidan traballar nos distintos parques infantís.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

O que coincido e moito e gústame que algúns parques se fagan cubertos, como nalgunhas zonas de Galicia. Aquí en Ourense non tiñamos ningún, pero que se mira moito o tema da seguridade porque creo que hai algúns que non se poden inaugurar por razóns de seguridade.

Grazas.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego renuncia a tomar a palabra nesta segunda quenda.

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS):

Eu compro o discurso que nos traslada aquí a voceira do Partido Socialista, o único é que o discurso e a realidade son cuestións completamente diferentes porque, por unha banda, vostede aquí fala de que se arranxe o xardín do Posío e que se continúe con esa senda de consenso cos veciños e demais, que eu mesmo tiven a oportunidade de iniciar pero vai e vota en contra da modificación de crédito para arranxar o xardín do Posío. Entón, como é posible conciliar unha cousa coa súa contraria? Por non dicir todas as demais, porque, ao final, eu, de verdade, voume pór aquí a chapa de que son o único que votei a favor desa cuestión. Cando vostede vaia ao xulgado a intentar frear a modificación de crédito do xardín do Posío, que vai levar a moción esta? Quero dicir, vostede non, o Partido Socialista, van alí coa moción ao xulgado e van dicir que eu quería, pero non quería, pero?

A ver, a realidade da cidade é a seguinte, vostedes están inmersos nun proceso complicadísimo, o Partido Socialista, igual que o está o Partido Popular, e nese proceso de transición política que están a vivir, pois evidentemente o que menos lles interesa é que este señor faga cousas pola cidade. Iso é algo que está meridianamente claro. Entón, van facer o imposible para boicotealo absolutamente todo. O BNG tamén se suma a esa corrente de imos rebentar todo o que pasa na cidade. Iso despois os veciños dirán cal é a percepción que teñen de que unha organización política se formule estas cuestións.

Eu sei que lles molesta moitísimo esta cuestión, pero, de verdade, esta moción hoxe non a tiñan que ter traído. Mira que non hai temas para presentar mocións sen meterse na lea, xuto ao día seguinte de votar en contra. Ou sexa, que hoxe veñen dicindo imos arranxar o xardín do Posío e onte votaron en contra da modificación de crédito para arranxar o xardín do Posío. Mira, que non hai temas. Deixen ao señor Pumar que avance neste tema, que el está agora nese labor de quitarlle os méritos ao señor alcalde e nós o único que temos que facer como oposición, se queremos facer algo interesante pola cidade, é sumar en positivo, e sumar en positivo non é votar en contra da modificación de crédito do xardín do Posío nin é ir ao xulgado a intentar bloquear a reforma do xardín do Posío. Pero, ben, cada un coas súas cousas.

SR. PUMAR TESOURO (PP): Grazas, alcalde.

Nós ímonos abster desta moción e desa emenda porque este plan de choque que se está a solicitar xa está presentado, xa está en marcha e, á parte, non é que estea un anuncio





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

é que está xa no departamento de Contratación e agardemos que nunha semana vaia a xunta de goberno para sacar a licitación dos primeiros 19 parques infantís da cidade de Ourense.

Súmome ao que dicía Pepe, Natalia. Con todo o cariño, ti hoxe esta mañá aquí dixeches estas frases, “hai que ser coherentes”, “non estamos para gañar o discurso”, “remaremos todos xuntos por esta cidade”. Que pasou entón o día que trouxemos aquí a modificación de crédito de 62 millóns para poder darlle cabida económica a todos os proxectos da cidade? Que pasou? É o discurso? Entón, por favor, digo sexamos coherentes pero de verdade e se queremos esta cidade e temos proxectos e temos iniciativas, deixemos as siglas e pensemos no futuro desta cidade.

Moitas grazas.

ALCALDÍA: Pois nós, efectivamente, ao igual que o Partido Popular tamén nos abstemos, nese sentido consensuamos o voto porque non ten sentido, parece surrealista traer unha moción primeiro de algo que xa se está facendo e que non tería sentido porque xa se está a facer, ou sexa, non ten encaixe. É algo que xa se está a facer, ou sexa, parece que é simplemente oportunismo de cómo xa se está facendo algo vou facer unha moción para que pareza que é o SOE o da idea. É algo tremendamente surrealista, de verdade.

Nada, cólguense a medalla e non pasa nada.

O Pleno do Concello, por catorce votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, dona María del Mar Fernández Dibuja e don José Miguel Caride Domínguez, concelleiros non adscritos; e dez abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourenseana e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a emenda do BNG.

En consecuencia, queda aprobada a moción coa redacción dada pola emenda do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

5.4 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para instar ao goberno municipal a recuperar a xestión municipal da Casa de Acollida de Ourense, favorecendo un modelo de funcionamento público e directo a partir do ano 2022

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano **2019**, a xestión da **Casa de Acollida de Ourense**, anteriormente levada a cabo dende o Concello de Ourense, **foi transferida e asumida pola Xunta de Galicia, ante a incapacidade do anterior goberno do PP e logo de DO e PP de sacar adiante o seu**





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

contrato de xestión, que quedou deserto e sen cubrir pola falta de ofertas, motivado polo insuficiente orzamento de licitación: só 100.000 €.

Nos últimos dous anos de funcionamento pasaron por este espazo **44 mulleres e 31 menores de idade**, sendo o titular do centro de acollida a **Fundación Amaranta**, como anteriormente cando este dependía do Concello de Ourense.

A Casa de Acollida é un lugar clave para a atención, recuperación e protección das vítimas de violencia de xénero e un soporte vital a nivel psicolóxico, educativo, sociolaboral e xurídico para normalizar a súa situación individual e familiar, ademais de contribuír a superar os efectos da violencia.

Nela garántese a cobertura das súas necesidades básicas, a orientación na toma de decisións, a súa regulación emocional, a mellora da súa empregabilidade e tamén a mellora da súa saúde e benestar e a das súas crianzas.

Dende o noso grupo municipal consideramos fundamental a recuperación da xestión municipal da Casa de Acollida no vindeiro ano 2022, como así o comprometeu a actual concelleira de Benestar Social, Dna. Eugenia Díaz Abella, perante os grupos municipais en varias xuntas de área.

Do mesmo xeito, consideramos que durante este mandato podería producirse un punto de inflexión, porque se conta con remanente de tesourería e activos financeiros e está en marcha a configuración e futura aprobación da nova Relación de Postos de Traballo do Concello de Ourense, para **garantir a súa xestión pública e directa municipal con traballadores e traballadoras do Concello de Ourense, asumindo así as súas competencias integramente, como vén sendo unha demanda histórica na nosa cidade**.

Exemplo de xestión directa municipal de centros de acollida son os concellos de Vigo e A Coruña. Vigo conta co Centro de Emerxencia para Mulleres (CENVI), con capacidade para 20 persoas e A Coruña cunha Rede de Acollida da que forman parte a Casa de Acollida ás Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero (CAM) con capacidade para 19 persoas e dous Pisos de Transición para a Vida Autónoma (PITVA) con capacidade para 11.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, as seguintes propostas de **ACORDOS**:

- 1. Instar ao Goberno Municipal a que proceda á recuperación da xestión municipal da Casa de Acollida no vindeiro ano 2022, actualmente dependente da Xunta de Galicia.**





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

2. Instar ao Goberno Municipal á creación dos postos necesarios na nova Relación de Postos de Traballo do Concello de Ourense para poder levar adiante a xestión pública e directa municipal da Casa de Acollida nos próximos anos.

Emenda presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:

TEXTO INICIAL DA PROPOSTA DE ACORDO

1. Instar ao Goberno Municipal a que proceda á recuperación da xestión municipal da Casa de Acollida no vindeiro ano 2022, actualmente dependente da Xunta de Galicia.
2. Instar ao Goberno Municipal á creación dos postos necesarios na nova Relación de Postos de Traballo do Concello de Ourense para poder levar adiante a xestión pública e directa municipal da Casa de Acollida nos próximos anos.

PROPOSTA DE SUSTITUCIÓN

1. Instar o Goberno Local e a Xunta de Galiza á sinatura dun convenio de colaboración para dotar ao Concello de Ourense dunha Casa de Acollida para mulleres e menores vítimas da violencia machista, de xestión pública directa por parte da Xunta de Galiza.

ALCALDÍA: Nesta moción Democracia Ourensana non vai intervir. É unha moción neste sentido de que... Lembro unha vez unhas palabras que dixo, creo que fora John Major, o presidente de Inglaterra, que lle dixeran cal vai ser o seguinte paso que vai facer na guerra, John Major, e dixo “faremos o que faga Estados Unidos”. Nese caso pareceume tremendamente sincero o que dixo John Major de Inglaterra. Sen querer facer ningunha analogía, neste sentido nós non imos intervir e votaremos o que o PP neste sentido ditamine nesta moción.

SRA. GARCÍA LOZANO (PSdeG-PSOE): Moi ben, grazas. Alcalde, concelleiras, concelleiros, bo día a todas e a todos.

Hoxe o Grupo Municipal Socialista traemos a consideración deste pleno a iniciativa para a recuperación da xestión municipal da Casa de Acollida de Ourense, algo que consideramos fundamental para esta cidade.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Estamos falando dunha casa de acollida que xa era municipal e que como consecuencia do escaso interese do anterior mandato do goberno do Partido Popular e do mesmo escaso interese deste con Democracia Ourensana foi transferida e asumida pola Xunta de Galicia. Todo isto despois de que quedase deserta a posible contratación motivada, entre outras cousas, polo insuficiente do orzamento de licitación. Lembremos que daquela a licitación estaba estipulada en 100000 euros máis iva.

Para o Grupo Municipal Socialista a Casa de Acollida é clave para a protección, a atención e a recuperación das mulleres e dos seus fillos, todos eles vítimas de violencia por igual machista. Pero tamén ten que ser un lugar onde se dea un soporte psicolóxico, educativo, sociolaboral e xurídico que contribúa a recuperar a vida destas mulleres e das súas familias, pois ademais desta materia pendente de recuperar a xestión municipal da Casa de Acollida, que ademais foi un compromiso da concelleira dona Eugenia como así nolo manifestou aos grupos da oposición nas diferentes xuntas de área e como así o manifestou nunha entrevista do día 6 de setembro do ano pasado, do 2020, na Voz de Galicia, na que dicía que lle gustaría recuperar a xestión da casa de acollida, na que tamén manifestaba que as 10 prazas que ten a casa de acollida coa Xunta de Galicia son escasas pero é o que hai, 10 únicas prazas contando a muller e os seus fillos. E tamén dicía, curiosamente, que o feito de que a Xunta de Galicia levase a xestión da Casa de Acollida era algo transitorio. Pois mire, vostede, canta transitoriedade que desde o 2018, catro anos de transitoriedade.

Pois ben, tamén consideramos que durante este mandato, á parte desa materia pendente de recuperar a xestión municipal da Casa de Acollida, poderíamos apuntalar e garantir que a xestión desta Casa de Acollida sexa pública e directa. Con isto refírome a que sexa atendida por traballadoras e traballadores deste concello, do Concello de Ourense, xa que isto sería totalmente asumible porque contamos con remanente de tesourería, porque temos activos financeiros e porque, ademais, o máis importante, que tamén está en marcha a configuración e futura aprobación dunha nova RPT do Concello de Ourense.

Esta aposta significaría asumir todas as competencias en canto á Casa da Acollida, unha demanda histórica que, ademais, nos poría ao mesmo nivel que os concellos, por exemplo, da Coruña e de Vigo.

E para rematar a miña intervención quero recordar algo que me parece moi importante no seu enunciado e é a Lei 11/2007, sobre a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que di especificamente que todas as accións que as administracións públicas realicen contra a violencia de xénero evitarán a vitimización secundaria das mulleres e non reproducirán ou perpetuarán os estereotipos sobre as mulleres e a violencia machista, debendo por iso garantir a especialización dos colectivos profesionais que interveñen neste proceso. Entendo que no proceso de atención, de recuperación e de protección. Isto por que o lembro? Lembro porque non se trata de boa vontade e de bo corazón, trátase de que a casa de acollida é un lugar provisional, non é un lugar para que vivan sempre esas mulleres, senón que é provisional. Provisional porque necesitan durante un tempo ese soporte, como dixeran, de atención psicolóxica, educativa, sociolaboral e





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

xurídica para volver recuperar as súas vidas. Elas están aí para recuperarse e esa é a esencia dunha casa de acollida.

Máis nada e moitas grazas na miña primeira intervención.

SRA. FERNÁNDEZ DIBUJA (NON ADSCRITA):

Perdoade, pero vou ler dun tirón, sen razoar absolutamente nada.

Só o gasto dos 4 informáticos do Centro de Intelixencia Artificial supera os 100000€ ao ano. Se sumamos o soldo do director do centro e o mobiliario máis de 250000. Pero para unha casa de acollida que dá cabida a máis de 40 mulleres e 30 menores de idade non hai nin 10000€.

Por outro lado, a moción dá por feito que o alcalde pretenda facer unha nova RPT para incorporar os postos de traballo necesarios para esa futura casa de acollida, xestionada municipalmente. Cunha RPT valorada actualmente en máis de 39 millóns de euros dos que só se gastan 32, dificilmente o alcalde vai facer unha nova. É moi cómodo utilizar a diferenza para realizar as transferencias sen pasar polo pleno. O ano pasado utilizouse parte disto para comprar os coches da Policía e os equipos informáticos. Este ano para que se están utilizando?

Votaremos si á moción.

ALCALDÍA: Critica todo aquilo polo que se presentou na lista electoral. María, é para alucinar.

SRA. REZA ÁLVAREZ (BNG): Ola, bo dia de novo a todas e a todos.

Como ben dixo a señora García Lozano, a casa de acollida é un recurso fundamental na protección das mulleres e das menores que sofren violencia machista e tamén na loita contra a violencia machista. É un refuxio que en moitos casos se emprega de urxencia para estas mulleres e menores que se vén na obriga de abandonar as súas casas porque a súa vida está en perigo, fuxindo do seu maltratador.

O certo e o real, como ben dixo a señora García Lozano, é que o Concello de Ourense tiña unha casa de acollida, contaba cunha casa de acollida, contaba con este recurso e cunha partida orzamentaria para facer fronte ao mantemento da mesma, mais a falla de dilixencia do grupo de goberno do Partido Popular fixo que o concello perdesse esta casa de acollida no ano 2019, quedando deserto un concurso por 100000€ e que na actualidade estea xestionada polas relixiosas adoratrices, que tamén a xestionaban con anterioridade, e o financiamento veña única e exclusivamente da Xunta de Galiza, cunha achega de 252000 € ao ano para manter estas 10 prazas na casa da acollida.

Esta casa de acollida, por retrotraernos un pouco no tempo, foi aberta no ano 90, estivo xestionada por Cáritas, despois pasou á Fundación San Rosendo, despois foi cedida ao Concello de Ourense e o Concello de Ourense xestionaba a través do Programa da





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Muller de Servizos Sociais. Son as relixiosas adoratrices as titulares da Casa de Acollida tamén na actualidade e tamén son as que a xestionan. Polo tanto, en caso de urxente necesidade, e a maioría das veces cando as mulleres e as menores acoden a este recurso dun xeito urxente o Concello de Ourense non tería reservada ningunha praza para unha persoa que acudise de aquí de Ourense. No caso de que se estime conveniente que esa muller debe permanecer na contorna, porque noutros casos é preciso que se afaste da súa contorna para preservar a súa seguridade e tamén evitar situacións como a que aconteceu en Lugo cando un maltratador agrediu a unha muller que estaba na Casa de Acollida en Lugo. Polo que dende o concello o que terían que facer cando non hai unha praza pois sería facer varias chamadas a distintas casas de acollida para ver se existe algunha praza e no caso de que non a haxa, porque só son 10 prazas as que hai en toda a provincia, tería, se non hai esa praza, pois buscarlle un aloxamento nun hotel ou nun sitio onde puidese estar provisionalmente.

Isto non é o desexábel. Na pandemia aconteceu que houbo mulleres que se viron sen unha praza nunha casa de acollida. É verdade que houbo colaboración entre a Concellería de Igualdade e tamén a Subdelegación do Goberno e conseguiuase aloxar a esa muller. Pasou con máis mulleres en Galiza. Pero non só aconteceu na pandemia, tamén aconteceu con anterioridade, sen pandemia. Iso pon enriba da mesa que son necesarias máis prazas nas casas de acollida. A Xunta debería facer un investimento para ter máis prazas nas casas de acollida.

Algún fai referencia, a señora García Lozano, que algúns destes recursos, destas casas de acollida, son de titularidade municipal e pon o exemplo da Casa de Acollida da Coruña, que ademais existe cofinanciamento tamén por parte da deputación. Son varias as institucións que colaboran no mantemento dunha casa de acollida, Xunta, concello e deputación.

No BNG si concordamos coa necesidade de que o municipio conte cunha casa de acollida, que, ademais, é o único recurso específico que temos na provincia e tamén que a xestión sexa pública e directa, mais dende o BNG defendemos que as casas de acollida deben depender da Xunta de Galiza e que debería estar xestionada por persoal propio e cualificado, formando parte dunha rede de recursos coordinados. Pero tamén é certo que o grupo de goberno e o mesmo Concello de Ourense non deberían desentenderse da casa de acollida, tería que implicarse dalgunha maneira, xa sexa facilitando unha instalación, xa sexa colaborando con programas específicos.

Por iso presentamos esta emenda de substitución que di que insta ao goberno local e á Xunta de Galicia á sinatura dun convenio de colaboración para dotar o Concello de Ourense dunha casa de acollida para as mulleres menores vítimas de violencia machista de xestión pública e directa por parte da Xunta.

Moitas grazas.

O Grupo Municipal de Ciudadanos renuncia a tomar a palabra nesta quenda.

SRA. DÍAZ ABELLA (PP): Grazas, alcalde. Bo día a todos e a todas.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

En primeiro lugar, desde o Partido Popular e desde o grupo de goberno imos solicitar a votación por puntos.

Para pór un pouco en antecedentes o que se tratou aquí, dicir que a Casa de Acollida de Ourense leva xestionada polas adoratrices desde hai moitísimos anos porque xa na época da Fundación San Rosendo as que prestaban o servizo eran as adoratrices porque desde o principio de século atendían a mulleres en diversos problemas que tiñan.

Dicir que primeiro a atenderon eles, despois o Concello de Ourense vía convenio seguiu mantendo a xestión da casa de acollida coas adoratrices, hoxe Fundación Amaranta. Así durante diversos anos, ata que, ben, posteriormente se sacou a licitación este servizo. Xa no ano 2013, estando o goberno socialista e do bipartito, esa licitación quedou deserta. En segunda convocatoria volveron coller a casa de acollida as adoratrices, quen tradicionalmente xestionou este servizo.

En marzo do 18 o goberno municipal saca a concurso a licitación deste servizo, que queda deserto. Sácase a concurso esta licitación, ao igual que en épocas anteriores do servizo, pero hai que lembrar que o inmovible é propiedade das monxas adoratrices, ao igual que o persoal que traballaba alí. E é no ano 2018, que queda deserto, e a Fundación Amaranta comunica á antiga corporación presidida por don Jesús Vázquez que non ten interese en continuar coa Casa de Acollida de Ourense e que rompe calquera relación contractual co concello. O mesmo comunícallo á Secretaría Xeral de Igualdade e que, ademais, di que se vai de Ourense e que abandona isto.

Podíamos facer dúas cousas. Asumir que iso era así, que se acababa o servizo da casa de acollida ou loitar para que o Concello de Ourense e a provincia de Ourense mantivesen unha casa de acollida, que é o que fixo o anterior alcalde, don Jesús Vázquez. Púxose en contacto coa secretaria xeral para que intercedese, para que mediase, para que Ourense continuase cunha casa de acollida. É así cando se asina no 2018, como ben relataron aquí as miñas predecesoras, que se asina un convenio de 250000€ coa Fundación Amaranta para que o municipio de Ourense e a provincia de Ourense continuasen cunha casa de acollida. E de maneira transitoria asumían eles todo o custo.

O que quero resaltar, e un pouco contradicir á concelleira do BNG, é que o municipio de Ourense non perdeu unha casa de acollida, o municipio conta cunha casa de acollida. Que acontece? Que o custo para o Concello de Ourense é a día de hoxe cero. E os 250000€ que custa esta casa de acollida e ese servizo para a cidade e para o municipio e para a provincia de Ourense asúmea integramente a Xunta de Galicia, cousa que non pasa en ningún sitio de Galicia. Isto, naquel momento, tanto a Jesús Vázquez, sendo alcalde, coma a min, cando asumín as competencias, sempre dixemos que ía ser transitoria. E, efectivamente, eu en xunta de área comprometinme a retomar que o servizo fose municipal en canto a facer o convenio, sacar o contrato, preparar uns pregos ou o que fose.

Iso por unha parte. Ao analizar a moción e as emendas, primeiro, chámame a atención a disparidade entre o BNG e o Partido Socialista, un pide que sexa municipal e outro que sexa a Xunta de Galicia. Tamén me resulta rechamante que non se valore se o





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

servizo é axeitado ou non, as prazas como dicía anteriormente, que son 10, a min gustaríame que houbera máis, evidentemente. E chámame a atención na moción que di que unha reivindicación histórica desta cidade é que sexa pública de xestión directa. E eu, claro, teño que dicirlle ao Partido Socialista que en todos os anos que gobernaron, que non foron poucos, isto non o abordaron e agora nolo piden a nós. Por iso vou pedir a votación por puntos, porque desde o Partido Popular, e xa o manifestamos nas moitas veces que veu o tema da xestión directa a este pleno, votamos en contra.

Continuarei na miña segunda exposición. Moitísimas grazas.

SRA. GARCIA LOZANO (PSdeG-PSOE): Grazas, alcalde.

O primeiro con respecto á emenda do Bloque Nacionalista Galego non podemos aceptala porque é unha emenda de substitución, polo tanto desvirtúa a nosa moción totalmente. E, sobre todo, porque desde o primeiro momento nas xuntas de área reclamabamos que a concelleira cumpra ese compromiso e recupere eses pregos de contratación por ese motivo.

Con respecto a vostede, dona Eugenia, mire, vostede no anterior mandato non estaba, pero eu si. E eu asegúrolle que en todo momento a responsabilidade da casa de acollida para a concelleira daquela do Partido Popular, posto que gobernaba o Partido Popular, dona Sofía Godoy, con todo o meu respecto, esta responsabilidade era un peso e como era un peso había que sacalo de enriba. Esa foi a realidade e non outra. E como dicir palabras é moi fácil e un pode crer que son especulacións, hai que demostralo con feitos. Pois ben, voulle demostrar os feitos coa cronoloxía dos pasos que se deron en canto eses pregos e esa posible contratación da casa de acollida.

Todo sucedeu no 2018. O 1 de marzo apróbase en xunta de goberno un expediente de contratación para a xestión da casa de acollida. 5 días despois, o 6 de marzo, publícase no BOP o anuncio da licitación e curiosamente ao mesmo tempo a concelleira de Igualdade asina un convenio de case 50000€ coa Xunta de Galicia para o mantemento do cidade. Aí, ao Partido Socialista e entón a Ourense en Común saltánnos as alarmas. Non temos ningunha resposta sobre isto en xuntas de área. Dous días despois, o 8 de marzo publícase no DOG o anuncio da casa de acollida e en menos de 15 días da licitación. En concreto, o 21 de marzo de 2018 a concelleira dona Sofía, vía decreto, fai unha aprobación dun convenio coa Xunta para o mantemento deste centro, xusto 2 días antes de que rematase o prazo de presentación de ofertas. Branco e en botella

Isto foi a cronoloxía dos feitos. En todo momento querían desviar esta xestión para a Xunta de Galicia e a Xunta de Galicia, evidentemente, non se ía permitir que a cidade de Ourense quedase sen casa de acollida. Iso estaba máis que visto. Polo tanto, non quedou outra que asumir esa cada de acollida. Esta foi a realidade.

Pero agora, neste intre, o que está en tea de xuízo, concelleira, é a súa palabra e saber se vostede é unha concelleira de fiar, porque vostede en prensa aclara moi claramente, ese 6 de setembro de 2020 que esta xestión da casa de acollida por parte da Xunta é algo transitorio. Ben, pois se é transitorio e, ademais, recoñece vostede que son





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

poucas prazas e que a pesar de poucas prazas é o dobre de diñeiro que se paga á fundación que leva iso, que se pagaba por parte do concello, fagamos as cousas ben.

Imos admitir a votación por puntos porque, desde logo, tiñamos claro que non ían aceptar o segundo punto porque vostedes a xestión pública non lles gusta. Xa non lles gustaba no 2017, que tanto Democracia Ourenzana como o Partido Popular votaron en contra. Ningunha novidade, pero como o importante é avanzar imos aceptalo para polo menos que vostede cumpra coa súa palabra e co seu compromiso.

Máis nada e moitas grazas.

SR. BERMEJO ANSIA (NON ADSCRITO): Sinxelo.

Eu preguntome cando leo esta moción, cales son os motivos? Por que se ten que pedir que volva ao concello? Funciona mal? Non se atende en todo caso ás mulleres que o necesitan cando van alí? Por que habemos de asumir desde o concello un custo que agora mesmo xa o está administrando neste caso a Xunta de Galicia como noutras provincias de Galicia? Non entendo a razón de por qué solicitar este cambio de titularidade ou por qué asumir uns custos que en principio non nos son necesarios.

O que si tamén vexo é que o concello debe procurar que ninguén quede sen acollida en caso de necesidade. Iso si é certo, pero non vexo a necesidade imperiosa agora mesmo de volver retomar a casa de acollida e xestionala nós cando a está a levar a Xunta agora mesmo tan ben como a está levando.

Máis nada.

SRA. REZA ÁLVAREZ (BNG): Bo día de novo a todas e todos.

Se para algo vale esta moción é para que polo menos abordemos esta situación da casa de acollida, que é algo que hai que abordar dende o concello nalgún momento.

Entón, con respecto a Galiza, a situación que temos é moi atrapallada e moi heteroxénea tamén. Nós entendemos que as administracións públicas e nomeadamente a Xunta de Galiza non poderían deixar en mans de entidades relixiosas os deberes que eles non fan ou que non lles interesa facer. Unha entidade relixiosa por moi boa vontade que poña, que seguro que pon a mellor vontade do mundo, ten unha carga ideolóxica detrás, que é contraria ao feminismo, non hai máis que ver o libro de cabeceiras das entidades relixiosas. Son totalmente contrarias á igualdade e alí aparecen recollidos nos seus textos que denigran ás mulleres. Polo tanto, penso que non debería estar en mans dunha entidade relixiosa por moita vontade que teña e seguro que o fan ben e poñen o mellor que teñen, pero teñen unha ideoloxía detrás, que é moi contraria ao feminismo e á igualdade entre homes e mulleres.

A Xunta está destinando neste momento 252000€ ao mantemento da casa de acollida, pois a Xunta podería dedicar igualmente esta cantidade tendo a xestión que a tivese directamente a Xunta, que puxera persoal e o concello tamén podería colaborar





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

poñendo un local, por exemplo. Tamén podería colaborar a deputación, é o único recurso que temos na provincia. Por iso fixemos esa emenda, porque entendemos iso, que ao mellor para o sistema de protección é que sexa coordinado e a Xunta ten máis capacidade, tamén un orzamento maior, ten máis capacidade económica, de organización. Pero non pasa nada, que se non aceptan a emenda, nós si que imos votar a favor da moción, porque polo menos isto ponse enriba da mesa e tratamos este tema que é moi importante para tal e intentar acadar unha solución entre todos.

Moitas grazas.

ALCALDÍA: Chámame a atención porque di Rhut Reza do BNG, di non, non, ao mellor o están a facer moi ben, pero é que hai unha ideoloxía detrás. Lémbreme o outro día unha persoa que chamaba, unha persoa de Diario 16 que quería facer unha crítica sobre o Concello de Ourense e chamaba e di a persoa esta que fixo a exposición do entroido, que é a de máis éxito do Concello de Ourense, como contratan unha persoa sen ser esa persoa un experto en cultura? Ou sexa, é como se lle dis un tío oia, quen seleccionou este tipo que gañou a medalla de ouro en 100 metros lisos? Quen foi o que o seleccionou? Acaba de facer a exposición de máis éxito e estás cuestionando o tío porque non vén do mundo da cultura.

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS): Grazas, señor alcalde.

Eu coincido en moitas das cuestións que trasladaron hoxe aquí, tanto as concelleiras do BNG e do Partido Socialista, pero eu penso que detrás da casa da acollida sempre houbo unha carga directa ou indirecta contra a congregación relixiosa que veu prestando os servizos durante estes últimos anos e que fixo francamente ben. E digo unha carga desde o punto de vista ideolóxico, ben, a dona Rhut Reza acaba de trasladalo así. E a min apetécame facer xusto o contrario, facer un recoñecemento a aquelas congregacións relixiosas que adoptan, deciden asumir servizos que o resto da sociedade non asume. E temos moitísimos exemplos na nosa sociedade, este é un deles, esta congregación leva anos prestando un servizo que as entidades públicas pola razón que sexa, por múltiples razóns porque cada lugar ten unha complexidade diferente pero as entidades públicas non foron capaces de asumir. Lévaos facendo durante un montón de anos, igual que hai outras entidades, como por exemplo Cáritas, que tamén ten detrás carga relixiosa e leva facendo un labor impresionante para atender os máis necesitados na nosa cidade e, evidentemente, noutros lugares do territorio. Así que vaia por diante, ou polo menos desde o noso grupo queremos facerlle un recoñecemento a estas congregacións relixiosas que fan este traballo.

E dito isto, eu agora mesmo penso que o Concello de Ourense non ten a capacidade de asumir esta moción desde o punto de vista do persoal, non a ten, porque se non somos capaces de dotar de persoal a servizos que levan demandando moitísimo tempo persoal, menos de crear espazos como este. Aínda onte tivemos na Comisión do Plan especial do núcleo histórico a reclamación de máis persoal precisamente para o núcleo histórico e así canto tempo tardamos en cubrir as prazas e aínda faltan para atender os servizos sociais, polo tanto pedirlle isto ao Concello de Ourense é como pedirlle ao alcalde que retome a actividade cultural da cidade ou retome a iniciativa de falar cos axentes sociais da cidade. Está cargada de boas intencións pero, desde logo, non é nada práctica. E hai unha cousa





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

que a min tamén me chama a atención e é que unha xestión que agora mesmo está asumindo a Xunta de Galicia que insistamos tanto en que volva asumir o custo o Concello de Ourense. E non é por meter o dedo na ferida pero vimos de rexeitar a creación dunha residencia pública en espazo público para os veciños de Ourense, de custo cero para a Administración local e para a Administración autonómica e vostedes, señores do Partido Socialista e señores do BNG e non adscritos, acaban de votar en contra de que avance a cidade nesa materia. E logo utilizan este discurso da xestión do público, do público, do público e hoxe, de verdade, é que hoxe, entre a moción dos parques e xardíns e votar en contra da construción en Ourense dunha residencia, as demais mocións, é que se tivesen un mínimo de dignidade política terían retirado da orde do día porque lle caen chuzos. É normal que lle caian chuzos despois desta.

Así que, dona Concepción, vostede está cargada seguramente de moi boas intencións con esta moción pero... Perdón? Perdón, non oio, é igual. Pero, en todo caso, boas intencións pero en todo caso fagan unha reunión do seu grupo municipal e mírense este tema, de votar en contra do público e logo pedir algo público e a partir de aí presenten as mocións.

Grazas.

SRA. DÍAZ ABELLA (PP): Grazas, señor alcalde.

Rhut, concelleira do BNG, que fala desde un punto de vista ideolóxico, quero recordarlle, dígollo así en galego para que non haxa ningunha dúbida, que cando vostedes formaron parte deste goberno, do goberno municipal deste concello e con concelleira do BNG en Igualdade a Casa de Acollida levábana as adoratrices. Entón, é que non entendo a que vén agora esa recriminación ideolóxica?

Vou dicir unha cousa. Isto é un servizo público, de xestión pública. Non é nin beneficencia nin nada. Isto é un servizo público que xestiona a Xunta de Galicia e que ten un convenio cunha fundación sen ánimo de lucro, un modelo de xestión. Gústanlles máis outros? Pero este é un modelo de xestión pública porque este é un servizo público. Isto para comezar.

Con respecto a outros aspectos que aparecen na moción, quero dicir que o Cenvi, a Casa de Acollida de Vigo, non é de xestión municipal. Hai máis de 10 anos o goberno do Concello de Vigo, goberno naquel momento bipartito, cédello á Xunta de Galicia, daquela do bipartito, e así continúa. Que acontece? É xestión da Xunta de Galicia, persoal do consorcio e o que fai o Concello de Vigo, a diferenza do de Ourense, é que o Concello de Vigo achega un diñeiro. Eu non digo que estea ben nin que estea mal, é dicir, é un servizo que se lle cede desde hai máis de 10 anos á Xunta de Galicia e que ao Concello de Vigo lle custa 250000€.

Dixen que transitorio porque iso sempre foi así, transitorio. O que non imos facer agora no 2021 e para o 2022, que está ese convenio en vigor, é revogalo. O que temos é que prepararnos para asumir cando sexa o momento de asumilo outra vez a xestión. E ao igual que pasa noutras casas de acollida que teñen titularidade municipal haberá que





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

sentarse con distintas institucións para o cofinanciamento, porque creo que é responsabilidade dun xestor público aforrar os custos dando o mesmo servizo, mellorando o servizo a todos os cidadáns, dígase deputación, dígase Xunta de Galicia.

O convenio de 50000€ non só se propuxo á Casa de Acollida de Ourense no 18, é que Ferrol, é que Lugo, é que a Coruña reciben un convenio da Xunta de Galicia para mantemento do persoal de 50000€, ou sexa, iso é igual.

Que pasa coa Casa de Acollida de Pontevedra? No 2020 levábaa Cáritas. Cáritas di que deixa a casa de acollida, o Concello de Pontevedra hoxe non ten casa de acollida. Pero, claro, no novo modelo de xestión do BNG dille á Xunta de Galicia que a poñan, que eles non gobernan en Pontevedra, que a poña a Xunta de Galicia. Gustaríame saber que diría o BNG se no 2018 nunha situación así cando a Fundación Amaranta lle di ao alcalde daquela, Jesús Vázquez, que quere pechar o servizo. Teríamos feito como Pontevedra, mirar para outro lado? Non, buscouse unha solución para que a cidade de Ourense teña hoxe unha casa de acollida, ademais a custo cero.

Que nos diría o BNG daquela ou a día de hoxe? Non mo quero nin imaxinar. Pero, claro, como alí o fixeron vostedes, pois non pasa nada. Agora piden á Xunta de Galicia que lla poñan.

Servizos públicos, apoiemos os servizos públicos, a residencia da terceira idade tamén apoiémola todos.

Máis nada e moitas grazas.

O Pleno do Concello, por dous votos a favor do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego; dezaoto votos en contra do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; e catro abstencións do Grupo Municipal de Ciudadanos e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, dona María del Mar Fernández Dibuja e don José Miguel Caride Domínguez, concelleiros non adscritos, adoptou o seguinte **ACORDO**: Rexeitar a emenda do BNG.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar o punto un da moción.

O Pleno do Concello, por trece votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, dona María del Mar Fernández Dibuja e don José Miguel Caride Domínguez, concelleiros non adscritos; dez votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; e unha abstención do Grupo Municipal de Ciudadanos, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar o punto dous da moción.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

5.5 Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa á captación de fondos do denominado Plan de recuperación e resiliencia da Unión Europea

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro 30 de setembro de 2021 finaliza o prazo para a presentación de proxectos á primeira convocatoria dos fondos de recuperación europea Next generation, e máis concretamente, á convocatoria aberta polo Ministerio de Transportes e Mobilidade para capitais de provincia e cidades de máis de 20.000 habitantes.

O Goberno do Estado e os concellos veñen de acordar os criterios para a repartición de algo máis de 8 mil millóns de euros, dos 70 mil millóns comprometidos a través dos mencionados con anterioridade, Fondos Next Generation, coloquialmente coñecido como Plan de recuperación. Entre os plans obxecto de subvencións, destacan dous que ao noso xuízo resultan de gran interese, tanto pola tipoloxía como pola situación actual do noso concello. Estamos a falar do Impulso á sustentabilidade por unha banda e liñas de apoio ao comercio local por outra.

O primeiro dos proxectos abre aos concellos o reparto de 1.000 millóns de euros, destinados a catro obxectivos: Implementación de baixas emisións, Mobilidade activa, Transporte público, renovación de flota de autobuses e Impulso á dixitalización dos servizos públicos de transporte.

No “Libro branco do transporte: Folla de ruta cara un espazo único europeo de transporte”: por unha política de transportes competitiva e sostible de 2021“, póñense de manifesto as oportunidades e as ameazas que este novo fenómeno expón ás administracións, a diferentes niveis, pero basicamente na contaminación asociada á mobilidade motorizada. Un dos principais requisitos esixidos nas bases da convocatoria é que o solicitante conte cun Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS), documento que o Concello de Ourense xa ten aprobado desde o ano 2019.

A Estratexia e Mobilidade Sostible (EEMS), enmarcada na decisión da Comisión delegada de Goberno de cambio Climático de xullo de 2008, na cal se aprobaron liñas estratéxicas en materia de loita contra o cambio climático é outro claro exemplo.

Dentro das súas medidas, préstase especial atención ao fomento dunha mobilidade alternativa ao vehículo privado e o uso dos modos máis sostibles, sinalando a necesidade de abordar o tema da mobilidade desde a planificación urbanística. Para a súa implantación





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

son necesarios instrumentos de coordinación das administracións, por exemplo, a Rede de Cidades polo Clima, Rede de Redes de Desenvolvemento Local Sostible, o Consello Nacional do Clima, Mesas Sectoriais, o Observatorio da Mobilidade Metropolitana e distintos Foros da mobilidade existentes, que avogan por unha maior participación dos diferentes axentes implicados.

Mais os concellos teñen que moverse con rapidez, especialmente os que aínda non fixeron os deberes, pois o prazo para presentar proxectos e solicitar axudas remata, como xa dixemos, o 30 de setembro.

Outro proxecto de gran interese para o concello, polo peso que ten nosa na economía, son as subvencións dirixidas ao comercio local. Estamos a falar de 415 millóns de euros a través de 3 liñas. A primeira está dirixido ao apoio a mercados, zonas urbanas comerciais e canles curtas de comercialización. Esta liña conta cunha dotación de algo máis de 200 millóns de euros. O obxectivo é financiar o desenvolvemento, por parte dos concellos, de plans e proxectos de contido tecnolóxico, innovador e de sostibilidade, así como mellorar os equipamentos no seu sector comercial.

A segunda liña está inspirada no concepto “mercado sustentable”, e dirixida a mercados rurais, cun aporte de 15 millóns. E a terceira destínase ao fortalecemento do comercio en zonas turísticas e dirixidas especificamente a apoiar aqueles establecementos comerciais situados en zonas estratéxicas e cuia contía chega ate os 100 millóns de euros.

Desde o BNG, rexistramos en decembro de 2020 unha moción relativa a creación da mesa para a recuperación económica e social de Ourense para a elaboración dun plan consensuado de recuperación socio-económica do concello na que participen todos os sectores da sociedade e no que se concreten os proxectos de cidade que poderían optar a ditos fondos europeos de recuperación.

Entendemos que o Concello de Ourense non debe deixar pasar a oportunidade de optar a estes fondos, aínda que por desgraza, temos un goberno municipal máis preocupado por desmantelar servizos e por actuar como lobista privado que por tentar acadar financiamento para o desenvolvemento de proxectos sustentábeis e de futuro para a terceira cidade máis grande e importante do país.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Ourense solicita do pleno da corporación a adoción dos seguintes

ACORDOS





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

1. Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense á convocatoria urxente da mesa pola mobilidade a fin de poder estudar os proxectos que dentro deste ámbito, poderían optar aos fondos que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ven de por en marcha e no que se mobilizan un total de 1.000 millóns de euros.
2. Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense a convocar con carácter de urxencia ao sector do comercio local do concello para estudar e avaliar os proxectos que dentro do seu ámbito, poidan ser obxecto dos fondos europeos para a recuperación.
3. Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense á convocatoria urxente da mesa para a recuperación económica e social co obxecto de avaliar e definir os proxectos de cidade que poderían ser obxecto de financiamento por parte dos Fondos europeos para a recuperación.

Emenda presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:

SUBSTITUCIÓN DOS PUNTOS DA PROPOSTA:

1. Instar ao Goberno local do Concello de Ourense á convocatoria urxente da mesa da mobilidade a fin de poder estudar os proxectos que dentro deste ámbito, poderían optar aos fondos que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana vén de pór en marcha e no que se mobilizan un total de 1.000 millóns de euros.
2. Instar ao Goberno local do Concello de Ourense a convocar con carácter de urxencia ao sector do comercio local do Concello para estudar e avaliar os proxectos que dentro do seu ámbito, poidan ser obxecto dos fondos europeos para a recuperación.
3. Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense á convocatoria urxente da mesa para a recuperación económica e social co obxecto de avaliar e definir os proxectos de cidade que poderían ser obxecto de financiamento por parte dos Fondos Europeos para a recuperación.

POLOS SEGUINTES:

1. Instar ao Goberno Municipal á **constitución e convocatoria urxente da Comisión de Seguimento do Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Ourense** cos obxectivos de:





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

- a. Estudar e presentar proxectos axeitados e consensuados por parte do Concello de Ourense para optar ás axudas europeas recollidas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) do Goberno de España para a Mobilidade Sostible, antes do 30 de setembro do presente ano.
- b. Activar ou implantar todas as accións e medidas recollidas no PMUS para este ano e os próximos, e que estiveron paralizadas ata o de agora (Oficina Municipal de Mobilidade, Adhesión á Rede de Cidades que Camiñan, Metrominuto, novas ordenanzas de espazo público e tráfico, campañas informativas, etc.)
- c. Configurar e presentar unha programación de actividades para a Semana da Mobilidade en Ourense, do 16 ao 23 de setembro, despois de dous anos sen ningún tipo de programa municipal nesas datas.

SENDO OS SEGUINTE PUNTOS DE ACORDO OS DEFINITIVOS:

1. Instar ao Goberno Municipal á constitución e convocatoria urxente da Comisión de Seguimento do Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Ourense cos obxectivos de:
 - a. Estudar e presentar proxectos axeitados e consensuados por parte do Concello de Ourense para optar ás axudas europeas recollidas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) do Goberno de España para a Mobilidade Sostible, antes do 30 de setembro do presente ano.
 - b. Activar ou implantar todas as accións e medidas recollidas no PMUS para este ano e os próximos, e que estiveron paralizadas ata o de agora (Oficina Municipal de Mobilidade, Adhesión á Rede de Cidades que Camiñan, Metrominuto, novas ordenanzas de espazo público e tráfico, campañas informativas, etc.)
 - c. Configurar e presentar unha programación de actividades para a Semana da Mobilidade en Ourense, do 16 ao 23 de setembro, despois de dous anos sen ningún tipo de programa municipal nesas datas.

As moción 5.5 e 5.7 da orde do día débense conxuntamente, procedendo á súa reenumeración.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG):

Señor alcalde, se vostede está buscando un voceiro, deixe de facelo. Eu creo que xa o señor Araújo pódelle servir perfectamente para ese labor.

O vindeiro 30 de setembro de 2021 remata o prazo para a presentación de proxectos á primeira convocatoria dos fondos *Next Generation* e máis concretamente a convocatoria aberta polo Ministerio de Transportes e Mobilidade para capitais de provincia e cidades de máis de 20000 habitantes.

O goberno do Estado e dos concellos veñen de acordar os criterios para a repartición de algo máis de 8000 millóns dos 70000 millóns do devandito programa, coñecido coloquialmente como plan de recuperación.

Entre os plans obxecto de subvención destacan dous que ao noso xuízo resultan de grande interese para o concello, tanto polas características como pola situación actual. Estamos a falar do impulso á sustentabilidade, por unha banda, e do apoio ao comercio local, por outra.

O primeiro dos proxectos abre os concellos ao reparto de 1000 millóns de euros destinados a 4 obxectivos, implementación de baixas emisións, mobilidade activa, transporte público e impulso á dixitalización dos servizos públicos de transporte.

No libro branco do transporte por unha política de transporte competitiva e sustentábel de 2021 póñense de manifesto as oportunidades e ameazas que este novo fenómeno expón ás administracións a diferentes niveis pero basicamente no que ten a ver coa contaminación asociada á mobilidade motorizada. Un dos principais requisitos esixidos nas bases da convocatoria é que o solicitante conte cun plan de mobilidade urbana sustentábel, documento que o Concello de Ourense, como xa se sabe, ten aprobado desde o ano 2019. Mais os concellos teñen que moverse con axilidade, especialmente os que como o noso aínda non fixeron os deberes, pois o prazo para presentar proxectos e solicitar axudas remata, como xa dixemos, o 30 de setembro.

Outro proxecto de grande interese para o concello polo peso que este sector ten na nosa economía son as achegas dirixidas ao comercio local, a un sector economicamente asfixiado. Estamos a falar de 415 millóns de euros a través de 3 liñas. A primeira está dirixida ao apoio a mercados, zonas urbanas comerciais e canles curtas de comercialización. Esta liña conta cunha dotación de algo máis de 200 millóns de euros co obxectivo de financiar o desenvolvemento por parte dos concellos de plans e proxectos de contidos tecnolóxico, innovador e de sustentabilidade, así como a mellorar os equipamentos nos seu sector comercial.

Na segunda liña e da terceira non vou falar. A segunda está dirixida a mercados rurais e a terceira a comercios en zonas turísticas, ben, poderíamos discutir se o Concello de Ourense debería entrar nesta terceira das axudas.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Quero lembrar que o Bloque Nacionalista Galego rexistro en decembro de 2020 unha moción relativa á creación da mesa para a recuperación económica e social de Ourense co obxectivo de elaborar un plan consensuado de recuperación socioeconómica na que participaran todos os sectores da sociedade e no que se concreten os proxectos de cidade que poderían optar a devanditos fondos europeos de recuperación. Por desgraza, pasados 7 meses, nada se fixo. Que tempo tan precioso se perdeu e que oportunidade.

Hai semanas vostede gabábase a través das redes sociais, canto lle gusta, que ía facer unha xestión moi importante para a cidade. Nós preguntamos por escrito que nos dixera cal foi esa xestión e como ía repercutir para os intereses da cidade. Non fixo falla que contestase porque xa se delatou vostede. Resulta que esa fantástica xestión consistiu en ir a Arévalo, non sei se a comer *cochinillo* ou cordeiro, para negociar cuns especuladores deportivos que un equipo de fútbol veña xogar a Ourense varios partidos. A verdade é que pouco aprenderon.

Entendemos que o concello non debe deixar pasar a oportunidade de optar a estes fondos, aínda que por desgraza temos un goberno municipal máis preocupado por desmantelar servizos que por intentar acadar financiamento para o desenvolvemento de proxectos sustentábeis e de futuro para a terceira cidade do país.

A nosa moción ten 3 acordos. O primeiro é que se convoque urxentemente a mesa pola mobilidade a fin de poder estudar os proxectos que poidan encaixar dentro deste ámbito. O segundo que se convoque con carácter de urxencia ao sector do comercio local polas mesmas razóns. E o terceiro, que se convoque dunha vez a mesa para a recuperación económica e social.

ALCALDÍA: Xa di o señor Luís Seara do BNG cales son as xestións importantes que fago. Di el todo, como se adoita dicir.

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS): Grazas, señor alcalde.

A ver se este discurso lle gusta máis ao señor Seara e deixa de chamarme voceiro do señor Jácome. Por certo, señor Seara, aínda non dixu, ademais de que traía todo escrito e tal, pódese saír un pouco do guión, aínda non dixu por qué eu estaba aquí pagando peaxes. E agradeceríalle que antes de que rematase esta sesión nos aclarase e aclarase aos veciños de Ourense cal é a razón pola que pago peaxe para me poder defender. É unha cuestión que me parece importante.

Cidade de Ourense. Agora mesmo, desde o punto de vista da mobilidade, estamos nunha situación que, en parte definiu o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, e como breve recordatorio simplemente dicir que a cidade tivo a oportunidade, tivo consenso e a vontade de reunir a máis de 10000 persoas para facer aquel proceso que se chamou Móvete por Ourense, proceso participativo, que despois colleu o guante unha vez que se incorporou ao goberno municipal o señor Caride e que converteu a cidade en ter trasladalo e crear o PEMUS, en actualizar o PEMUS. E agora mesmo, desgraciadamente, vivimos en todo o mundo e, por suposto, que en Europa a pandemia que freou a economía e que obriga as institucións a reactivar economicamente os países pola difícil situación





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

económica na que nos atopamos. E nese contexto xera fondos e obriga a utilizalos para determinadas cuestións. E dentro desas obrigas está unha, que é a da que nos formulamos a moción e están outras, como as que formula a moción o BNG.

No noso caso formulámola desde o punto de vista da mobilidade. A cidade de Ourense precisa un cambio na mobilidade. Isto levámolo debatendo aquí moitísimas veces ou foi motivo de diferentes plenos e demais, e ten que contaminar menos. A cidade de Ourense agora mesmo, desde o punto de vista do transporte público, está sendo unha cidade que contamina moitísimo, porque os autobuses teñen unha antigüidade que nalgúns casos pasa dos 20 anos e ademais de que xa eu mesmo lles contei aquí nalgunha moción os riscos que levan eses autobuses ao estaren circulando con tanta antigüidade, pois está o tema da contaminación.

Hai poucos días, e non por lles volver meter o dedo na ferida, pero teño que facelo, hai uns días o alcalde dentro desa modificación de crédito na que o BNG votou en contra, o Partido Socialista votou en contra e os non adscritos votaron en contra, unha das partidas era precisamente a adquisición dunha nova flota de transporte para a cidade de Ourense. Agora mesmo o Partido Socialista está mirando a ver se frea e o BNG no xulgado esta modificación. Pois hoxe o que traemos nós aquí a aprobación, se o consideran vostedes, é acudir a estes fondos europeos, dos que xa faláronos vostedes, señores do BNG, e veño falar eu hoxe, precisamente para abaratar a factura do custo deses autobuses. É así de sinxela. E para iso o goberno municipal debería pórse as pilas e debería estar traballando con, supoño, algunha consultora potente, deberían estar traballando na elaboración dun proxecto que Europa teña a ben conceder eses fondos a Ourense. E nesas estamos, en que o goberno asuma este reto, que sería abaratarlle o custo ao Concello de Ourense. E non sei se o teñen ben votar a favor desta moción, pois perfecto.

Non aceptamos a emenda porque, entre outras cousas, voulle dicir unha cousa. Tanto os do PSOE como dos do BNG están todo o día emendando e ás veces ata molesta que tanto emenden, porque parece que só vale o que poñen vostedes e o que poñemos os demais non vale para nada. Entón, como a moción é clarísima e a proposta para a súa aprobación é clarísima permítanme que non lles acepte a emenda.

Moitas grazas.

SR. CARIDE DOMÍNGUEZ (NON ADSCRITO): Bo día a todos e a todas.

Efectivamente como se di na proposta da moción hai unha bolsa de preto de 1000 millóns de euros dentro da estratexia de mobilidade sustentable para os concellos de máis de 20000 habitantes e o primeiro requisito é poder dispoñer dun plan de mobilidade urbana sustentable.

Nós temos, efectivamente, como se di un plan de mobilidade urbana sustentable, un plan moi bo, un plan que contempla obxectivos e contempla actuacións concretas, cunha estrutura administrativa e orgánica para desenvolver o traballo e, polo tanto, creo que temos o traballo basicamente feito, coa posibilidade de chegar a 30 de setembro e poder pedir axudas á Unión Europea para os recursos necesarios para pór en marcha este





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

plan de mobilidade entre os que se inclúe, evidentemente, o transporte colectivo de viaxeiros.

Polo tanto, é un momento de ouro para poder obter o financiamento necesario para poder levar adiante o PEMUS tan bo que temos aquí.

Máis nada. Moitas grazas.

SRA. DIBUJA FERNÁNDEZ (NON ADSCRITA):

Seguindo un pouco o que dixo o meu compañeiro, é o momento ideal para isto pero, por suposto, que somos moi pouco optimistas que se consiga cando temos de xestor unha persoa que considera que os devanditos fondos son un timo cando, por exemplo, hai que pór unha parte financiada o concello. Non nos esquezamos dos fondos para a rehabilitación da praza de abastos ou de subvencións xa aprobadas e xestionadas pola anterior corporación e nin sequera formuladas.

Neste intre o alcalde, evidentemente, está máis preocupado en gastar o remanente de tesourería nas súas ocorrencias que en conseguir vías de financiamento que permitan levar a cabo os distintos proxectos para mellorar a calidade de vida dos nosos veciños. Será que para xustificar o gasto do devandito remanente hai menos requisitos e formalidades que para acceder aos fondos europeos?

ALCALDÍA: María Dibuja, eu non entendo, creo que as primeiras eleccións que viñeches conosco foi no ano 2003, nas que ía eu de número 1, entón, se ti consideras que eu só teño ocorrencias, como viñeches nas listas no 2003, 2007, 2011, 2015 e 2019? É para alucinar con iso. Para que viñeches nas listas comigo de número 1, pedindo o voto para min durante tantos anos?

A continuación sería Telmo Ucha, pero Telmo Ucha non está. Entón, falarei eu por el.

Basicamente se trae unha moción aquí, onde o Partido de Ciudadanos amosa coherencia, pero nós non podemos votar a favor porque isto xa está en marcha. É dicir, non é unha moción tan notoria, surrealista nese sentido de traer unha moción de algo que xa se está a facer porque, como era a de xardíns, que parecía unha broma, algo que xa se leva tempo facendo e traen unha moción aquí, neste caso xa se comezou a facer hai 3 semanas, ben, non, hai 2 semanas cando comezou a convocatoria. A convocatoria xurdiu de golpe pero é certo que os fondos estaban aí, pero si que é verdade que se dicía que eran proxectos xa un pouco consolidados, co cal é un pouco incoherente porque se se fai unha convocatoria hai dúas semanas que finaliza, o 3 de setembro pídenche que os proxectos xa sexan sólidos, paréceme unha broma, porque parece que entón soamente o teñen feito os que teñen o aviso de que ía ser iso en concreto.

En calquera caso, no momento en que saíu esta convocatoria púxose en marcha a captación destes fondos e está traballando niso Paco Cacharro, xunto con Susana, que é de Promoción Económica, con algúns técnicos do concello de Infraestruturas e xa se está coa





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

contratación dalgunha consultoría. É dicir, traer esta moción aquí fóra un pouco de tempo porque realmente xa ten que estar moi, moi adiantado o proxecto para o 30 de setembro e realmente vostedes traen aquí unha moción que se esperamos á moción realmente non daría tempo. É dicir, o que vostedes traen aquí xa está en marcha desde hai dúas semanas, co cal debido a que entendemos que isto non procede, pois nós ímonos abster, á parte tamén das cousas en concreto que piden aí moi particulares.

Pero o que é realmente si que é, unha vez máis, ferinte, igual que nos anteriores puntos, é que é algo fascinante. De Ciudadanos nada que dicir nese sentido, pero o que fai o BNG é impresionante, trae aquí unha moción para que se financie, de feito o que se vai pedir de financiamento vai ser bicicletas eléctricas e autobuses eléctricos, e trae aquí unha moción na que se pide que se leve a cabo isto cando eles, atención, votaron en contra da modificación de crédito para comprar autobuses. Pero resulta que para que nos admitan esta subvención ten que estar en marcha o proceso de licitación. E só se pode licitar se hai diñeiro. É dicir, eles votaron en contra para que iso non se faga e agora traen unha moción para que pidamos unha subvención que é totalmente imposible se facemos caso ao que eles fixeron, que era votar en contra. Ou sexa, intentaron parar algo e agora traen unha moción dicindo que se faga ese algo. Non se pode optar a esta subvención se non licitamos, se non está en marcha o proxecto, un proxecto xa maduro e que se licita e que teña visos de realidade. E só se pode licitar se temos diñeiro e vostedes votaron en contra de que se teña fondos. E non se pode licitar sen fondos. Pois se antes era o PSOE o que facía unha aberración cos parques, agora é o BNG. Non me estraña que sexan primos irmáns.

Entón, agora pasamos a quenda o PSOE, que será neste caso Javier Rey, que traen unha emenda. Ollo, que tamén o PSOE trae unha emenda co mesmo punto, de pedir algo cando realmente non se pode facer. Perdón, si que se pode facer, o que pasa é que eles votaron en contra de que se dese o diñeiro.

SR. REY REY (PSdeG-PSOE): Grazas, señor alcalde. Bo día a todos e a todas.

Antes de comezar a miña exposición, que, en principio, parece que hai un consenso xeneralizado de que incluso se está facendo, quero facer un pequeno recordatorio histórico porque hai cousas que me quedan gravadas na mente de hai moito tempo que non tiña pensado dicir e, cando se fala aquí das licitación dos autobuses, eu teño un recordo de cando comecei sendo concelleiro que fixen unha pregunta ao señor Araújo, creo que foi a finais de 2015, díxenlle por qué non saía a licitación, a concurso ademais. El dicíame que, claro, que non estaba no diario oficial da Unión Europea, que tan logo estivese publicado no Diario Oficial da Unión Europea, que tardaba un ano, que ese tema ía arraxarse de inmediato. É dicir, 19 de setembro de 2015, acórdome perfectamente, 19 de setembro de 2016 xa se cumprira ese ano, quedan 15 días para se cumpriren 5 anos que estamos agardando sen ningún tipo de límite legal para que se licite a concesión de autobuses. Hoxe posiblemente durante estes 5 anos teriamos xa autobuses se fose licitado no seu momento. Pois 5 anos despois aínda non está licitado, 5 anos despois. Home, quen gobernou? Gobernou o Partido Popular e agora está gobernando o bipartito, Democracia Ourensana-Partido Popular.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Claro, cando se fala aquí, levamos toda a mañá escoitando a teima esta dos autobuses durante 5 anos pódese arranxar este asunto. 19 de setembro de 2016, non habería ningún límite legal para que se arranxase, ningún. Estar constantemente co enredo da modificación de crédito, en fin.

Imos seguir. Dicar que os fondos de recuperación económica, os fondos Next Generation, efectivamente, son un mecanismo que, como todo o mundo sabe, pon en marcha a Unión Europea para loitar contra as consecuencias da pandemia.

Hai que dicir que estes fondos, a pesar das moitas críticas que recibimos, hai que agradecerlle ao goberno de España e en especial ao presidente do goberno, señor Pedro Sánchez, que hoxe sexa unha auténtica realidade.

750000 millóns de euros, como xa dixen no seu momento, é un auténtico Plan Marshall onde 140000 millóns de euros virán para España porque se utilizaron criterios ben negociados, criterios como o produto interior bruto que cae, cando existe unha serie de situacións debido á pandemia, os problemas de desemprego e tamén, por suposto, temas como a poboación. 140000 millóns de euros que poderán ser outra forma de arranxar os problemas da pandemia, de arranxar a situación de crise económica e non como se fixo noutras moitas ocasións.

27000 millóns destes euros van ser xa ou xa foron orzamentados no actual orzamento do ano 2021 e agora chega a hora da verdade, chega a hora de que concellos, deputacións, comunidades autónomas, incluso entidades privadas fagan os deberes, polo tanto cumpran co que hai que cumprir. Quero dicir, xestionen ben estes fondos facendo as conseguíntes concorrencias ou procesos competitivos que haxa.

Nós xa hai uns cantos meses, hai máis ou menos, desde principios de ano, febreiro, marzo, xa tivemos unha moción aquí que viña falar disto, practicamente o mesmo que se trae hoxe, na mesma liña que vén dicir o BNG e tamén un pouquiño Ciudadanos, que había que traballar, daquela só era o tema de termalismo, pero sobre outros moitos temas a través dunha comisión de traballo que priorizara os principais proxectos que dalgunha maneira teríamos que abordar nestes fondos europeos. A hora de verdade chega agora.

Eu teño a sensación de que quizais os deberes non estean de todo cumpridos, pero irémolo comprobando pouco a pouco.

Nestes fondos hai que dicir que non falamos soamente de reactivación económica, falamos dunha auténtica transformación económica que temos oportunidade de abordar tanto concellos como municipios, como comunidades autónomas e un longo etcétera.

E tamén dicir que neste intre estamos no quilómetro cero, no quilómetro cero dun investimento efectivo desta inxente cantidade de recursos públicos. E estas primeiras convocatorias son soamente o principio dunha numerosa cantidade de oportunidades que non podemos deixar pasar e, polo tanto, aprobaremos esta moción en concreto e presentamos o tema da substitución porque consideramos que é fundamental que Ourense non perda este tren.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Non vou entrar no que é a materia concreta das, ben, a fin de contas xa o explicastes ben en diferentes cuestións, o que si digo é que aquí hai unha serie de actuacións que me parecen sobresaíntes e que dalgunha maneira teríamos que formular. E facer un pequeno exercicio de imaxinación. Podíamos falar de peonalizar rúas, Ourense decide peonalizar rúas; podemos falar de implementar infraestruturas ciclistas porque entran de cheo nestas subvencións; podemos falar de habilitación de aparcadoiros disuasorios, que tamén haberá que ter cumpridos os deberes, porque Ourense entra de cheo nesta cuestión; podemos fomentar vehículos de baixas emisións, investimentos de controis semafóricos, de sensores ou programas de identificación de matrículas de residentes; podemos falar de instalación de puntos de recarga ou da mencionada dixitalización de servizos públicos de transporte. É dicir, podemos, practicamente, con estas axudas imaxinar outro Ourense distinto se saben aproveitar.

Eu espero que o goberno municipal estea á altura e tamén nos gustaría porque non achegase as ideas na medida en que estimen eles oportuno porque o Grupo Municipal Socialista estará á altura das circunstancias unha vez máis.

ALCALDÍA: Home, á altura das circunstancias non está porque, o PSOE, porque cando había que darlle luz verde hoxe a un investimento de 12 millóns de euros para unha residencia impedírono.

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG):

Hoxe é o recorrente debate que me imaxino que vai ser o mantra de aquí a final de mandato, por que votastes en contra do expediente? Eu creo que tiña, tal e como se presentou o expediente, non quería reabrir este debate pero vou dicir algo. Tal e como se presentou ese expediente tiña un obxectivo claro. Por unha parte, sabendo que se estaba bordeando a legalidade, xa veremos se algo máis, e probablemente deberían de explicar os que se abrazan tan fervorosamente a ese expediente canto de importante é o expediente que incluso permita cometer unha ilegalidade, pero temos a escusa perfecta para que a nosa incapacidade de xestión quede digamos aí, que non se vexa. Imos botarlles a culpa aos demais. Primeiro, nin houbo diálogo en ningún momento. Ou sexa, non houbo diálogo. Trouxeron unha proposta pechada, unha proposta en lotes, que, ademais, non permitía votar a cousas coas que nós estamos completamente de acordo porque tiña única e exclusivamente unha intencionalidade e ten unha intencionalidade partidaria, non ten unha intencionalidade desde o punto de vista da xestión do concello, senón partidaria, para utilizar como arma arreboladiza contra os demais. Pero xa veremos como acaba o conto porque, ao final, dixo o señor Araújo unha cousa, e si que lle dou a razón, de que o pobo é o que máis ordena, señor Araújo.

Aquí falouse dunha das propostas pero non se dixo nada da segunda que presentamos nós, que é con respecto ao comercio local. Agardo que antes de que remate o debate desta moción e a súa votación alguén diga se é importante ou non formular un proxecto para dinamizar un sector tan importante para a nosa economía como é o comercio local.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Un observa o que se está a facer noutros concellos e a verdade é que a comparación resulta dolorosa. Aquí acaba de dicir o señor alcalde que xa están traballando dende hai uns días, hai unha proposta pechada, non é certo. Hai varias propostas dentro desa estratexia, pero, por exemplo, digo, a modo de exemplo, o Concello de Pontevedra xa fixo os deberes no mes de xuño, asinando un convenio de colaboración co ministerio para a elaboración da axenda urbana, para fixar o camiño cara aos vindeiros anos e, claro, as cousas non pasan porque si. Non é Pontevedra o paradigma ou unha referencia mundial en canto a mobilidade por acaso, é porque se fan os deberes e, sobre todo, porque hai un modelo de concello, algo que aquí non existe. E non será, dende logo, porque os grupos da oposición non teñamos tendida a man en moitísimas ocasións. Non estaríamos nesta discusión se, como dixen na miña primeira intervención, se tivese posto en marcha, non só porque o pediramos nós, tamén o pediu Ciudadanos e PSOE, a famosa mesa para a recuperación económica e social, porque isto non é unha cuestión dun *consulting*. O *consulting* di o que nos queiramos que fagan, pero non vai dicir unha consultora como ten que ser o avance da cidade e os proxectos dinamizadores da cidade.

E na Xunta de Galiza teño que recoñecer que tampouco se fixeron os deberes porque nós formulabamos algo que nos parecía moi importante, como unha comisión bilateral para falar de igual a igual co Estado, para que non houbera, digamos, intermediarios na interlocución e, polo tanto, puidésemos ver e xestionar mellor o diñeiro que puidese vir dos proxectos europeos e tampouco se fixo facer.

Desde logo nós imos aceptar a retirada, por suposto, da emenda porque creo que ao falar do comercio local excedíase do que vostedes presentaban na súa emenda.

Moitas grazas.

O Sr. Ucha Álvarez reincorpórase á sesión ás 12.10h.

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS):

Eu no que é o contido da moción do BNG concordo coa exposición e teñen o voto a favor do noso grupo. Desde o punto de vista persoal político, o señor Seara segue sen me aclarar ou nos aclarar cal é a razón pola que esta mañá se lle deu por dicir que eu estaba pagando algunha peaxe política e eu agradeceríalle, de verdade, mire que son pesado, pero agradeceríalle de verdade que o dixera antes de que rematase o pleno ou que diga que se equivocou, que tampouco pasa nada.

E en relación coa moción que presentamos nós, eu, sinceramente, podo dicirlles que perder a votación, que non saia adiante a moción, se é certo que se está a traballar na formulación que facemos, pois paréceme xa marabilloso. É dicir, se desde o punto de vista municipal están traballando, tamén, é certo, e esta é unha cousa que eu polo menos é un criterio que sempre defendín, se estás a traballar en algo e alguén presenta unha moción podes apoiarlle esa proposta, ou polo menos intentei manter sempre esa posición. A partir de aí iremos vendo.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

No tema do transporte hai unha cuestión que deberíamos asumir de forma inmediata e toda a corporación debería dar o seu apoio tamén e é buscar unha solución temporal á antigüidade dalgúns dos vehículos que non aguantan máis. Como saben, neste verán incluso o tren turístico estivo varios días sen funcionar debido á súa antigüidade e hai autobuses que corren serio perigo andan circulando e eu penso que aínda que fose con autobuses que viñesen doutras localidades, que xa se fixo nalgunha ocasión, e que estean en bo estado, deberíanse substituír algúns vehículos e o alcalde ao mellor nos debería convocar a unha reunión para facer esa solución temporal.

E despois o mantra, señor Seara, señores do BNG, señores non adscritos, non vai ser que hoxe votaron en contra da residencia de anciáns, non vai ser iso só, senón que vai ser que vostedes impediron que se lles baixara o imposto de vehículos aos veciños de Ourense e que están intentando bloquear que Cáritas, Cruz Vermella, todas estas entidades non cobren, que o xardín do Posío non se reforme nin ningún parque da cidade e que non se merquen autobuses con diñeiro público. Quero dicir, este é o mantra continuado, porque realmente despois veñen con este discurso de *buenismo* aquí e porén están intentando bloquealo absolutamente todo na cidade e a min iso paréceme que non é unha política construtiva. Pero parécemo a min, non teñen por qué estar de acordo con esa cuestión.

Grazas,

SR. BERMEJO ANSIA (NON ADSCRITO):

Estou moi interesado en saber o que se vai votar por parte dalgúns partidos nesta moción porque vimos en pouco tempo que perdemos agora mesmo o diñeiro da subvención da Fundación de Amancio Ortega, perdemos a oportunidade de baixar os impostos e estou a pensar no imposto de circulación, pedimos que o que paga a Xunta agora o paguemos nós, entón chámame moito a atención e estou esperando a ver que se vota cando hai un diñeiro por parte da Unión Europea para renovar a flota de autobuses a ver que se vota, se a favor ou en contra.

SR. UCHA ÁLVAREZ (DO):

Xusto a tempo, non sei como foi o resto de... Grazas alcalde, e perdón. Bo día a todos antes de nada. Pero non sei como foi o resto do debate. E soamente queremos puntualizar algunhas cousas destas mocións.

Primeiro, que xa vemos que a base de onde sae todo é do BOE, do luns, 23 de agosto, ademais a moción do transporte, realmente, vén por aí. E, ao final, no seu texto di Ciudadanos que nos insta “por diante unha oportunidade que poderán aforrar máis de 4 millóns”, iso son un pouco as contas da leiteira. Iso é moitos supoñer.

Dicir tamén que di “despois do gran esforzo que supuxo o trabalo de preto de 10000 persoas”. No tema do PEMUS hai poderíamos matizar que tamén así quedou e 10000 persoas parécenme moitas persoas de feito para traballar nela.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Instan ao goberno local a solicitar algo no que xa estamos a traballar. Dicur que a subvención non vai compensar nin de broma esta solicitude porque actualizados os prezos, por exemplo, simplemente de bus urbano ou de gasoil ou de gas están arredor dos 380000, pero os eléctricos vanse case 600000€, xa non digamos os de hidróxeno que se van a 800000. En todo caso, penso que debemos de apoiar algo que imos facer ou no que xa estamos a traballar.

ALCALDÍA: Claro, abstémonos.

SR. UCHA ÁLVAREZ (DO): Si, abstémonos, veña. Perfecto.

Simplemente pois iso, é que non sei como foi o resto do debate. Perdoade, que tiven que marchar, e máis nada.

ALCALDÍA: Basicamente, é que hai dúas formas. Pódese votar a favor de algo que é evidente, é dicir, algo que xa está a facer. Ou abstérmonos porque realmente entendemos que non precede porque traen unha moción e algo xa se está facendo. Entón, podería ser calquera das dúas, pero imos seguir a liña dos parques, que nos imos abster porque entendemos que non ten sentido.

SR. REY REY (PSdeG-PSOE):

Simplemente reiterar, porque xa sei que estamos todos de acordo, co cal non vou insistir máis, pero levamos todo o pleno aguantando toda a leria esta de que parece ser que é culpa do Partido Socialista e do BNG que non se compren ou non se renove a flota de autobuses. Evidentemente, despois de 5 anos, 5 anos, que tiña que estar licitado a renovación dos autobuses, 19 de setembro do 2016, 5 anos. O goberno do Partido Popular, primeiro en solitario, agora gobernando o Partido Popular e DO, 5 anos que tiña que estar arranxado este problema e agora porque non aprobamos unha modificación de crédito, sen negociar, unilateral, habendo outro sistema para poder renovar a flota parece ser que o culpable somos nós. É dicir, a oposición é a culpable do que non fixeron os diferentes gobernos nos últimos 5 anos. Home, por favor. É dicir, agora podemos estar en desacordo en que non aprobamos unha modificación de crédito, pero as nosas razóns teriamos cando non se negociou o destino dos maiores aforros de todo o concello que son 62 millóns de euros. É dicir, algo teremos que dicir a un goberno en minoría, algo termos que dicir, algo teremos que achegar. É dicir, podemos equivocarnos, podemos acertar, pero, oe, algo teremos que achegar, pero temos o mantra este que agora o Partido Socialista é culpable do que non se fixo. Pois, mira, non é verdade.

Con respecto á moción, simplemente reiterar a ocasión histórica, absolutamente histórica que temos, porque esta subvención son 1000 millóns de euros hoxe, pero son 1000 millóns de euros este ano, 500 millóns de euros o ano que vén, 900 millóns de euros para un destino semellante da Xunta de Galicia, da que tamén se pode ver beneficiado o Concello de Ourense e, ademais, non esquezamos que existen tamén orzamentos ordinarios, tanto do concello como da deputación, como da Xunta, que poden ser destinados para destinos máis ou menos parecidos, o cal significa que ben coordinados estes investimentos podemos cambiar literalmente o Concello de Ourense.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Simplemente dicir que nós cando trouxemos unha moción para traballar en conxunto e facer un equipo de traballo co tema do termalismo referido aos fondos europeos aos principios de anos expuñamos que traballásemos todos os partidos xuntos porque aquí creo que non sobra ninguén. Non sobran técnicos, non sobran empresarios, non sobran sindicatos, non sobra ninguén que queira chegar nestas cantidades inxentes de millóns que veñen agora, neste auténtico Plan Marshall que se aveciña.

E tamén dicirlles aos señores do Partido Popular que é unha pena que criticasen ao presidente do goberno porque ao principio parecían que negociaba mal, agora parece quen negociou estupendamente, parecía que as xestións non ían correctamente, ao final foron ben e, finalmente, hoxe temos a mellor demostración, a mellor de todas, que son ordes concretas, subvencións concretas que van chegar a toda España, a todos os municipios de España, a todas as autonomías de España en cuestión de moi pouquiñas semanas. Esa é a mellor demostración de que cando se fan as cousas ben e de cando non se fan ben. E, polo tanto, eu supoño que algún tipo de rectificación por parte do Partido Popular que criticaron ao presidente do goberno habería.

E simplemente dicir que co tema da emenda, home, nós intentamos enriquecer o texto dalgunha maneira, é dicir, cremos que aproveitar o que fixeron moitas entidades, aproveitar o traballo do PEMUS e incluso comezar polo doméstico, como poder ser a semana da bicicleta e non crer grandes proxectos unicamente, pois tamén complementa dalgunha forma o que presenta aquí Ciudadanos. E por iso a presentamos. En todo caso, pedimos o voto a favor pero entendemos os motivos que poidan haber para non facelo.

Grazas.

ALCALDÍA: Basicamente dicir que cando o BNG falou dicía que contratar para uns temas técnicos moi concretos, obviamente que a consultora non pode decidir nin deseñar, nin formular as tácticas nin o modelo que queremos seguir á hora de deseñar unha estratexia. Porén o BNG cando estivo no poder gastou un pastón contratando unha consultora para revitalizar as galerías comerciais de toda a cidade de Ourense. E contratou unha empresa foránea, por suposto. Levou os cartos e non se fixo nada. Dúas varas de medir cando goberna e outra vara de medir cando está na oposición.

Alguén dixo, non sei se foi Araújo de Ciudadanos, que era necesario, á marxe de que se compren os vehículos, que hai que mercar os autobuses, substituír canto antes algúns que están realmente en estado deplorable, con algúns que teñen case 20 anos de antigüidade. Realmente se mirou esta obxección de substituír algúns vehículos de forma urxente, que custaría en reparar arredor a medio millón de euros, pero debido á burocracia existente os técnicos do concello dixéronnos que hai que desistir desta idea porque se tardarían varios meses en adquirir uns vehículos reformados, vellos, que por ese tempo xa deberíamos ter os novos moi preto, co cal os técnicos do concello consideran que é inviable o intentar adquirir eses vehículos que nos dixeron que podía andar arredor, xa digo, de medio millón de euros, reparar ou amañar ou pór a punto algúns vehículos que están en mal estado. Os técnicos do concello desaconsellan meterse nesa aventura.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

O PSOE chamoume a atención que dixo que a modificación de crédito na que eles votaron en contra na que se incluían os autobuses que, claro, que é unha modificación que se fixo sen negociar e de forma unilateral. Home, o outro día o Partido Socialista anunciou que ía ir ao xulgado para intentar frealo. Nós entendemos que non van ter éxito no xulgado pero vostedes saben que ás veces o xulgado moitos din que é unha lotería. Nós chamamos ao líder da oposición, ao señor Villarino para falar con el e para ver se se podía consensuar investimentos futuros do ano que vén e chegar a un acordo nas deste ano e o ano que vén, e o señor Villarino deu plantón ao alcalde de Ourense como líder da oposición e non apareceu. E agora di o señor Javier Rey oia, que vostedes fan as cousas sen negociar e de forma unilateral. E como queres que negociemos se non vides ás reunións? Queres que vaia eu á casa de Villarino? Veña, dime onde é, onde vives, que che fago unha visita. Ou quedamos nun bar, se non te fías de min, que igual che collo algo. Se vou, igual che collo algo, mellor quedamos nun bar. Home, por favor, é que parece unha broma.

Efectivamente, ten razón o señor Javier Rey que di que eles non son culpables do pasado e isto realmente se arrastra xa do ano 2016 . Efectivamente, non son culpables do pasado, pero é que son culpables ou teñen responsabilidade do que fagamos a partir de aquí. E é verdade que a partir de aquí nós propuxemos comprar autobuses e vostedes votaron que non e dixeron que non. E é curioso porque traen tamén unha emenda na que din que é necesario, nesta emenda que vostedes propoñen, señor Javier Rey, di o PSOE, que temos que facer esta concorrència para conseguir estas subvencións europeas para comprar, entre outras cousas, autobuses. Pero vólvolle reiterar, vostede votou en contra e vai ir ao xulgado para frear a compra de autobuses e entón non poderíamos ir a estas subvencións europeas porque hai que licitar e para licitar fai falla ter unha partida económica porque se non me temo que os técnicos do concello non nos deixarían. Entón, incongruencia ao poder é o que vostedes nos propoñen aquí.

O Pleno do Concello, por dezaseis votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, de don Jesús Vázquez Abad do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, dona María del Mar Fernández Dibuja, don José Miguel Caride Domínguez e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; nove abstencións do resto do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

Ás 12.47 horas suspéndese a sesión plenaria durante 5 minutos e retómase ás 12.52 horas.

5.6 Moción do Grupo Municipal de Ciudadanos relativa ao programa de axudas a concellos para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible dun transporte urbano





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Exposición de motivos:

Logo da Declaración da Organización Mundial da Saúde da Pandemia Internacional causada pola COVID-19 o 11 de marzo de 2020, os Estados membros da Unión Europea adoptaron medidas de emerxencia para protexer a saúde da cidadanía e evitar o colapso da economía.

O Consello Europeo do 21 de xullo de 2020 acordou un paquete de medidas de gran alcance, entre as cales destaca a posta en marcha do Fondo Europeo de Recuperación Next Generation EU, e a aprobación do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia.

Neste contexto, aprobouse o 7 de outubro de 2020 o marco xeral do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, que traza a folla de ruta para a modernización da economía española. Os proxectos que constitúen o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRTR), permitirán a realización de reformas estruturales e permitirán un cambio do modelo produtivo para a recuperación da economía trala pandemia causada pola COVID-19.

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) lidera tres dos trinta compoñentes incluídos no Plan de Recuperación e Resiliencia, dous deles relacionados coa mobilidade e o transporte (compoñentes 1 e 6), onde se estruturan os investimentos e axudas ao sector dirixidas ás Comunidades Autónomas, administracións locais e empresas.

En concreto, o MITMA lidera, xunto ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico (MITERD), o Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada en contornas urbanas e metropolitanas que responde principalmente a dous dos catro eixes do PRTR: transición ecolóxica e dixitalización.

Neste sentido, no 2019 o sector do transporte foi o responsable de o 29% das emisións nacionais de gases de efecto invernadoiro. Delas, case unha terceira parte prodúcese no ámbito urbano polo que é prioritario actuar neste ámbito e a súa contorna para lograr alcanzar o obxectivo de neutralidade climática en 2050. Así, o plan de choque ten, entre os seus obxectivos, que o noso país aposte pola descarbonización na mobilidade urbana e metropolitana e na mellora da calidade do aire nas nosas cidades, investindo en infraestruturas e servizos de mobilidade verde e sostible.

A Lei 7/2021 do 20 de maio, do Cambio Climático e Transición Enerxética establece no artigo 14 a obrigatoriedade dos municipios de máis de 50.000 habitantes e os territorios insulares a aprobar, ata 2023, plans de mobilidade urbana sostible que introduzan medidas para reducir as emisións derivadas da mobilidade incluíndo:

- O establecemento de áreas de baixas emisións (ZBE) antes do 2023.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

- Medidas para facilitar o desprazamento a pé, en bicicleta ou outros medios de transporte activo e a construción de corredores verdes
- Medidas para mellorar o uso da rede de transporte público.
- Medidas para a electrificación da rede de transporte público e outros combustibles sen emisións de gases de efecto invernadoiro, como o biometano.
- Medidas para impulsar o uso de transporte eléctrico privado, incluíndo puntos de recarga.
- Medidas de impulso da mobilidade eléctrica compartida.
- Medidas destinadas a promover a distribución de bens e mobilidade sostibles.
- O establecemento de criterios específicos para mellorar a calidade do aire nas escolas, centros sanitarios ou outros centros de sensibilidade especiais, cando sexa necesario de acordo coa normativa sobre a calidade do aire.

As axudas establecidas nesta Orde Ministerial estrutúranse en catro liñas:

- Accións para a implantación de zonas de baixas emisións que inclúen o conxunto de investimentos necesarios para poñelas en funcionamento.
- Medidas dirixidas á transformación dixital e sostible do transporte público e á promoción dunha mobilidade saudable.
- Accións para transformar as flotas de transporte público co fin de cumprir cos obxectivos da Directiva de Vehículos Limpos.
- Accións de dixitalización que redunden nunha maior eficiencia na xestión do tráfico e transporte e na xestión da demanda, así como na análise da información.

Na primeira convocatoria destas axudas dáselle liberdade aos Concellos para presentar os proxectos que, ao seu xuízo, se adapten mellor ás necesidades do seu municipio para promover a creación de ZBE e transformar o seu sistema de transporte público de xeito sostible e dixital. Así, establécense axudas para a transformación de flotas de transporte público a nivel municipal, co fin de contribuír á consecución dos obxectivos da Directiva sobre a promoción de vehículos de transporte por estrada limpos e de eficiencia enerxética (Directiva de Vehículos Limpos).

En concreto, financíase a adquisición de autobuses urbanos con enerxía limpa (eléctricos, hidróxenos), así como a instalación de puntos de recarga eléctrica para estes vehículos. A través desta medida, facilítase que os investimentos necesarios para a transformación non repercutan nos aumentos de tarifas e, polo tanto, promóvese a accesibilidade do servizo de transporte público e tamén se pretende promover a mobilidade activa (camiñar, andar en bicicleta), como formas de mobilidade máis sostibles debido á ausencia de emisións e ao impacto positivo sobre a saúde xeral contribuíndo á redución do sedentarismo.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Ademais, busca proporcionar ás administracións municipais os investimentos necesarios para a provisión dun sistema de transporte público dixital e sostible, así como ferramentas dixitais de xestión do tráfico e da mobilidade. As ferramentas dixitais son fundamentais para optimizar a oferta de transporte e a xestión do tráfico, flexibilizar as horas punta, etc.

En resumo, este programa de subvencións (dirixidas a concellos de máis de 50.000 habitantes e capitais de provincia) contribúen á articulación dun sistema de transporte público urbano fiable, atractivo, accesible e que reduza a contaminación; con flotas de vehículos máis modernas, eficientes e con cero emisións; a introdución dun concepto de mobilidade intelixente adaptado a novos hábitos de mobilidade así como a dixitalización para a planificación, xestión e avaliación por parte das administracións públicas.

Desde o Grupo Municipal de Ciudadanos cremos que temos por diante unha gran oportunidade coa que se poderían aforrar máis de catro millóns de euros na compra da nova flota de autobuses urbanos. Ademais, poderase poñer en marcha o Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS), requisito indispensable para solicitar esta axuda e que foi aprobado en decembro de 2019, despois do gran esforzo que supuxo o traballo de preto de dez mil persoas e que tiña como obxectivo conseguir unha cidade máis saudable e sostible.

Proposta para a súa aprobación:

1.- Instar ao Goberno local a solicitar, en tempo e forma, a axuda para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano.

As moción 5.5 e 5.7 da orde do día debátense conxuntamente, procedendo á súa renumeración.

O Pleno do Concello, por trece votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, dona María del Mar Fernández Dibuja e don José Miguel Caride Domínguez, concelleiros non adscritos; doce abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a emenda do PSdeG-PSOE.

En consecuencia, apróbase a moción coa redacción dada pola emenda do PSdeG-PSOE.

5.7 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para instar ao concello a mellorar a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida ao Centro de Saúde da Cuña e para instar á Xunta de Galicia a fixar un calendario para a construción dun novo centro de saúde na Cuña-Mariñamansa





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende que chegou o bigoberno ao Concello de Ourense hai máis de dous anos, o barrio da Cuña está a padecer constantes agravios que ameazan o progreso acadado nesta zona do sur da cidade ao longo dos últimos quince anos. Mostra do desleixo do executivo local co barrio da Cuña foi **a eliminación de case 35 prazas públicas de aparcadoiro nun lugar de gran afluencia** situado en fronte dunha parcela titularidade da Deputación Provincial de Ourense, que se atopa parcialmente cedida ao Concello.

Coñecedores do déficit de zonas de aparcadoiro que afecta á meirande parte dos barrios da cidade, non parece axeitado que o goberno local emprenda medidas destinadas a reducilas, instalando –como fixo nada máis chegar ao Concello– sinalización horizontal e vertical que restrinxe aínda máis as alternativas dos residentes, así como dos usuarios e usuarias do centro de saúde desta zona, para estacionar os seus vehículos.

Estamos a referirnos ao centro de saúde A Cuña-Mariñamansa, inaugurado no ano 1987, e que, a día de hoxe, **presenta evidentes carencias como a falta de espazo para albergar o equipamento necesario que permita garantir a calidade asistencial, ou unha deficiente accesibilidade na contorna**. A primeira cuestión require da atención da Xunta a curto prazo, mentres que a segunda precisa da acción urxente do goberno municipal, polo que a debullaremos máis polo miúdo. Paga a pena lembrar que tales demandas atenden a reivindicacións históricas expresadas tanto por parte da veciñanza como dos usuarios e do persoal sanitario.

En primeiro lugar, non estimamos axeitado manter unha sinal de tráfico na avenida da Universidade, á altura do número 16, que prohíbe o aparcamento excepto a vehículos autorizados; como tampouco nos parece acaído o rebaixe existente na beirarrúa, sen haber unha sinal de vao permanente, malia dar entrada a un Centro de Saúde onde se atenden urxencias médicas que requiren un acceso directo, seguro e áxil.

Así mesmo, non consideramos oportuno contar cun paso de peóns na rúa Vasco Díaz Tanco que non coincide co rebaixe do bordo da beirarrúa, á altura do Centro de Saúde, o cal dificulta o acceso das persoas con mobilidade reducida, obrigándoas a teren que dar a volta ata avenida da Universidade.

Estes son só algúns dos exemplos que ilustran a **falta de accesos dignos a un centro de saúde que tampouco conta co espazo necesario para ofrecer atención primaria a unha área de influencia que non deixou de medrar nos últimos anos**. Tanto é así, que o persoal sanitario aumentou de xeito considerable, pasando de nove médicos a 17 e





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

incrementando, de xeito similar, o resto de persoal asistencial e non asistencial que alí desenvolve o seu labor.

En base ao anteriormente exposto, dende o grupo municipal socialista instamos ao goberno da cidade a **buscar solucións urxentes para a mellora da accesibilidade dos usuarios e traballadores do Centro de Saúde de A Cuña – Mariñamansa**, eliminando as barreiras arquitectónicas existentes e priorizando o paso de vehículos adaptados e ambulancias, así como habilitando prazas para o estacionamento de vehículos de uso sanitario.

Consideramos que estas melloras son perentorias mentres non se poñen en marcha os trámites oportunos para a construción do novo centro de saúde da Cuña – Mariñamansa por parte da Xunta, como está contemplado no **Plan Xeral de Reordenación, Modernización e Mellora da Rede de Centros de Saúde de Atención Primaria**, unha folla de ruta cuxo obxectivo é conseguir que o servizo asistencial básico dependente da administración autonómica sexa o máis axeitado posible ás necesidades actuais, recollidas a través das demandas dos veciños e veciñas de toda a cidade e de xeito singular dos barrios con maior poboación.

Cómpre lembrar que xa no ano 2010 os socialistas facilitaron á Xunta seis posibles localizacións para a construción dun novo centro de saúde no barrio de Mariñamansa, dada a demanda trasladada polos representantes de 18 asociacións do sur da cidade que expuñan que o edificio actual, co paso do tempo, quedou pequeno e non pode albergar o equipamento necesario que demanda previsión de solo para novas infraestruturas sanitarias.

Deste xeito, os socialistas **emprazamos novamente á Xunta de Galicia a fixar de inmediato un calendario definitivo para a execución das obras do novo centro de saúde** co fin de resolver os déficits actuais e ampliar a cobertura os servizos de atención primaria do sur da cidade, contando co compromiso do goberno local para axilizar e formalizar toda a tramitación urbanística precisa de cara á posta a disposición e cesión definitiva de terreos, xestións de licenzas, modificacións precisas, etc.

Por todo exposto, presentamos para a aprobación desta Corporación Municipal as seguintes propostas de **ACORDO**:

1.- Instar ao Concello de Ourense a buscar solucións urxentes para mellorar a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida ao Centro de Saúde da Cuña – Mariñamansa, atendendo ás reivindicacións históricas do persoal sanitario e dos usuarios e usuarias destas instalacións.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que se comprometa a fixar de inmediato un calendario definitivo para a execución das obras do novo Centro de Saúde da Cuña –





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Mariñamansa, para resolver os déficits actuais da atención primaria na zona sur de Ourense.

Emenda presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

EMENDA DE ENGÁDEGA:

TEXTO INICIAL DA PROPOSTA DE ACORDO

1. Instar ao Concello de Ourense a buscar solucións urxentes para mellorar a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida ao Centro de Saúde da Cuña – Mariñamansa, atendendo ás reivindicacións históricas do persoal sanitario e dos usuarios e usuarias destas instalacións.
2. Instar á Xunta de Galicia a que se comprometa a fixar de inmediato un calendario definitivo para a execución das obras do novo Centro de Saúde da Cuña – Mariñamansa, para resolver os déficits actuais da atención primaria na zona sur de Ourense.

PROPOSTA DE ENGÁDEGA

3. Instar o Goberno Local a mellorar e ampliar as liñas do autobús urbano co obxecto de mellorar a conectividade dos barrios adscritos ao Centro de Saúde da Cuña e favorecer deste xeito a accesibilidade das usuarias e usuarios ao mesmo.

SRA. MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE): Bo día, primeiro quero sumarme os desexos dunha pronta recuperación do compañeiro de corporación Manuel Álvarez. E agora comezo co meu tema.

Presenta o Grupo Municipal Socialista unha moción para este pleno do mes de setembro para instar ao concello de Ourense a mellorar a accesibilidade ás persoas con mobilidade reducida ao Centro de Saúde Mariñamansa ou da Cuña e para instar á Xunta de Galicia a fixar un calendario para a construción dun novo centro de saúde.

O obxecto desta moción é primeiramente pór en valor o barrio da Cuña, que está totalmente abandonado desde hai 6 anos pero tamén recolle as demandas dos usuarios do centro de saúde, o persoal sanitario, os veciños que están moi preocupados polo deterioro que está a sufrir a zona sur da cidade, tanto polo desidia do actual grupo de goberno como polo goberno anterior, que, como vostedes saben, rexentaba o Partido Popular.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Nesta moción pedimos 2 puntos fundamentais. Un deles, que o Concello de Ourense inste á Xunta de Galicia a que se comprometa a fixar de inmediato un calendario definitivo para a execución das obras dun novo centro de saúde Mariñamansa e con iso resolver os déficits actuais da atención primaria na zona sur da cidade de Ourense.

Dado que o paso do tempo fixo que cada vez teñamos máis barrios ou máis parroquias que teñen que vir a este centro sanitario. O radio de acción incrementouse moito nos últimos anos. Nun primeiro momento a área de influencia non collía barrios de considerable incremento urbanístico, de desenvolvemento urbanístico como é o barrio de Barrocás, Rairo, Santa Mariña e, á parte, hai outros barrios da cidade que pertencemos aí como son o Progreso desde a altura do colexio onde está as zonas das Burgas, toda a zona do xardín, a zona de San Francisco, Saínza, Bonhome, avenida de Zamora, Manuel Murguía, todo o Polvorín, parte ou comezo da rúa de Marcelo Macías e, por suposto, Mariñamansa, a Cuña, Cumial, Seixalbo, etc., co que se incrementou moito o número de usuarios. Estamos a falar de máis de 20000 a día de hoxe.

Tamén o persoal sanitario, estoume a referir a médicos, ATS, auxiliares de clínica, etc., incrementouse ata case dobrar os médicos no momento da súa construción. No ano 1987 había 9 médicos en cadro de persoal, neste intre temos 17 e tamén se incrementou o resto do persoal sanitario.

Xa no ano 2018, 18 colectivos veciñais que representan os distintos barrios e parroquias da cidade que pertencemos ou pertencen ao Centro de Saúde de Mariñamansa presentaban un escrito ao alcalde daquela do Partido Socialista para que deixase un terreo na área de reparto AR39E, ou sexa, na finca de Mariñamansa para a construción dun novo centro de saúde, pero era necesario desenvolver un polígono que na actualidade o PXOM vixente do ano 1986 non existe o dito polígono porque non o contempla como solo urbano.

E mentres isto se resolve van pasando os anos e o 1 de decembro de 2017 tamén a instancias do Grupo Municipal Socialista presentouse unha moción con 2 puntos, un deles dicía, literalmente, “instar ao goberno municipal a que se comprometa a axilizar e formalizar toda a tramitación urbanística precisa e necesaria para a posta a disposición e cesión definitiva de terreos, xestión de licenza, modificacións precisas, etc., antes de que remate o ano 2018, poñendo en coñecemento da Xunta de Galicia este extremo, esixíndolles a realización dos trámites necesarios e oportunos para a construción inmediata de 2 novos centros de saúde, o do Vinteún e o do barrio de Mariñamansa, ambos os dous, nada.

O dito punto, tal e como consta na acta deste pleno, botouse por unanimidade de todos os grupos políticos naquela corporación, pero o certo é que estamos a piques de rematar o ano 2021, estamos no último trimestre, xa pasan 4 anos e aínda non se cumpriu este punto da moción. E mentres isto acontece propoñemos que o Concello de Ourense que mellore a accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida, que utilizan este centro de saúde con bastante asiduidade, atendendo a reivindicacións tanto dos veciños, dos usuarios, do centro de saúde, tamén do persoal sanitario. E moito máis nun momento que temos como é o da pandemia.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Antes de rematar a miña primeira quenda, coméntolles que imos aceptar esa emenda de adición que presentou o BNG na que fai referencia a instar ao goberno municipal a mellorar e ampliar as liñas de autobús urbano co obxecto de mellorar a conectividade de barrios e parroquias que pertencen a este centro de saúde.

E deixo para a miña segunda intervención o que lles vou comentar. Grazas.

Os concelleiros non adscritos renuncian a intervir nesta moción.

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG):

A moción é absolutamente pertinente porque falar de infraestruturas sanitarias leva implícito falar dunha atención digna e de calidade ás doentes e tamén dunhas condicións dignas de traballo para o persoal facultativo, sanitario e administrativo.

No percorrido que se fai a través da iniciativa apréciase moi nidiamente os moitos incumprimentos do goberno Feijóo ao longo dos 12 anos e tamén a desidia e desleixo do anterior goberno municipal e do actual, incapaces non só de exercer de correa transmisora entre concello e Xunta, senón de non ter dado unha soa solución ás demandas históricas da veciñanza.

A moción a diferenza das anteriores, que abrangía a situación de atención primaria do concello no seu conxunto céntrase exclusivamente no Centro de Saúde da Cuña, mais tamén nas múltiples deficiencias en materia de mobilidade do propio barrio, onde se integra o centro sanitario.

O centro da Cuña xa naceu no seu momento con poucas expectativas de medre no futuro, nun espazo escaso, xeograficamente mal situado, non esquezamos que é tamén o centro de referencia para os veciños e veciñas de núcleos afastados como Seixalbo, A Granxa, Rairo, Barrocás, Santa Mariña do Monte, Curuxeiras, o *Fonsillón* e o Polvorín, entre outros, o que amosa o gran ámbito urbano que depende do devandito centro. Estamos a falar aproximadamente dunha poboación que supera os 20000 habitantes.

Ademais dos problemas de mobilidade sinalados polos promotores da moción, hai outro que non é menor e é a falla de conectividade, a falla de comunicación co centro de saúde mediante transporte público, pero xa non das Curuxeiras co centro de saúde, senón tan sequera de San Francisco co centro de saúde ou do Polvorín. Un servizo de buses deficiente que obriga en moitos en casos aos usuarios e usuarias a desprazarse a pé, dependendo de terceiros ou ter que coller un taxi, o que supón un gasto considerable. Mais o evidente salta á vista, o centro, como xa dixeran, quedou pequeno e, ademais, non permite a súa ampliación. Un centro concibido en altura que ten serios problemas de evacuación en caso de emerxencia e mesmo para actuación dos bombeiros como así se comprobou nos diferentes simulacros que se teñen feito.

O Servizo de Pediatría mesturado con Admisión, non conta con Servizo de Fisioterapia e Rehabilitación, o que obriga a que as usuarias teñan que se desprazar a Piñor coas molestias que iso ocasiona, persoas que teñen que agardar á intemperie para poder





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

estar dentro do centro, dado o pequeno espazo que ten; consultas que non se axustan aos estándares de mínima dimensión e calidade; todas as reformas que se fixeron ao longo destes anos só teñen sido parches que non teñen dado resposta ao principal problema que, como xa dixen, é o problema de espazo. Un centro que é referencia para unha parte substancial da poboación de Ourense e que non ten capacidade de ampliación, ten que se lle buscar outra localización con urxencia. Mais desgraciadamente as infraestruturas en por si non resolven o problema central, que é que sen profesionais e unha boa carteira de servizo as cousas non cambian. Precísase unha aposta decidida por un novo modelo sanitario, que os médicos de atención primaria son esa especie de caixón de xastre onde acaban apanhando con todo, quéixanse de que son máis burócratas que facultativos e non lles falta razón, mais a principal demanda radica na xestión de dotacións de recursos humanos. Precisan, e así o teñen manifestado que aumente a calidade asistencial para poder dedicar máis tempo aos pacientes.

Dicir que temos un problema sanitario importante é dicir a verdade, non é alarmismo. E non por acaso, é debido a un problema estrutural de infrafinanciamento a partir dun modelo obsoleto, dun modelo imposto polo partido popular e importado na Galiza por Núñez Feijóo. A saúde non é un privilexio, é un dereito, e como tal dereito debe ser, ademais, universal.

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS): Grazas, señor alcalde.

Que a cidade é deficitaria en centros de saúde en atención primaria, ademais doutras moitas cuestións, é algo que se percibe no día a día. Así que me parece moi acaída que se traia aquí este recordatorio, neste caso do barrio da Cuña.

Isto obedece a varias circunstancias e un delas é a obediencia cega, a máis importante desde o meu punto de vista, obediencia cega que os gobernos locais tiveron aos gobernos autonómicos nos seus respectivos momentos. No goberno bipartito aquí houbo conselleiros que viñeron prometer centros de saúde, como o da Ponte, que recordaron vostedes hoxe e que nunca se chegou a construír, como tamén saben, e nos últimos anos o líder local do Partido Popular tamén tivo unha cega obediencia ao Partido Popular de Galicia e iso fixo que fixera xusto o contrario do que fai hoxe, que foi sorprendentemente votar en contra do criterio do seu grupo. A min don Jesús Vázquez hoxe sorpréndeme votando en contra.

Estes días os que van seguindo as redes sociais van percibindo cousas. Por exemplo, o alcalde o outro día cacháronlle un comentario que fixo dicindo que el non tiña intención ningunha de solucionar os problemas do rural porque no rural non lle votaban, así que o solucionase outro. E despois cando lle cacharon unha mensaxe que alguén capturou a pantalla, eliminou. E tamén, curioso, que nas redes sociais don Jesús Vázquez, segundo o alcalde, estalle facendo oposición, está contradicindo a esta fórmula de goberno que, como xa falamos hoxe, e nos anteriores plenos vai dar moito que falar porque é un novo invento de forma de gobernar e iso vai dar lugar a moitas análises políticas.

E agora mesmo, dona Rosa, o que estamos aquí hoxe a recibir, precisamente, os votos da submisión do Partido Popular de Ourense ao Partido Popular de Galicia que





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

decidiu facer investimentos en materia sanitaria noutras provincias ou noutras cidades galegas e a Ourense deixoulle as migallas, nada máis e nada menos que esa circunstancia.

Tamén é certo que se planifican ampliacións como a do complexo hospitalario que vostedes, e volvo meter o dedo na ferida, están intentado paralizar nesa acudida ao xulgado co BNG porque na modificación de crédito que presentou o goberno municipal, que era... Vostede ten pendente de me dicir aínda unha cousa antes de que acabe o pleno.

Pero digo que vostedes están intentando bloquear esa ampliación do complexo hospitalario, esa modificación de crédito que tivo a ben traer o goberno municipal e na que houbo técnicos que lle dixeron con base en convenios que se estableceron coa Administración autonómica que necesitaba o concello achegar tanto diñeiro para esa ampliación do complexo hospitalario e vostedes votaron en contra. Así que agora cada pau vaia termando a súa vela.

Moitas grazas.

SR. OJEA BOUZO (DO): Grazas, alcalde.

Vou comezar facendo algunhas consideracións sobre a exposición de motivos da moción. Comézase falando sobre o que entendo un xuízo de valor, fala de que o goberno mantén unha actitude de desleixo cara ao barrio da Cuña. Iso, loxicamente, teño que dicir que non é certo. Este goberno non ten unha actitude de desleixo nin cara ao barrio da Cuña nin cara a ningún outro da cidade, está pendente das necesidades de todo o territorio municipal, pero sorpréndeme porque no caso concreto da Cuña si que se teñen feito por parte deste goberno municipal diferentes actuacións. Por pórllles un exemplo, na praza de santo Cristo e na súa contorna non hai demasiado tempo que se arraxaron un montón desas pedras que se descolocan co paso dos camións sobre todo e dos vehículos. Algunhas estaban realmente rotas e nalgúnhas había un risco real de caída por parte dos peóns e de estragar rodas dos vehículos. Quero dicir, dáme a impresión de que non se deu unha volta por esa contorna porque se non se tivese molestado en preguntarlles aos veciños diríanlle que nesa contorna en concreto, por pór un exemplo, da praza de Santo Cristo que non hai demasiado tempo infraestruturas arranxou unha boa cantidade de pedras que estaban mal colocadas. Iso por pór un exemplo.

Logo falan duns casos concretos de sinais mal colocados ou de puntos concretos nos que se pode mellorar. A ver, nós estamos de acordo como todo o mundo, imaxínome, que a accesibilidade debe mellorarse en todos os aspectos posibles. Agora, eu non sei se estes casos concretos que poñen en relación a un sinal de tráfico, etc., non sei se o fan tras consulta con algún profesional de sinalización viaria ou de seguridade ou se o fan pola súa particular percepción do asunto. Nós pensamos que antes de cualificar como de mal colocado un sinal ou mal colocado un paso de peóns ou de mal colocado un aparcamento calquera debémonos asesorar cos técnicos. Xa cando baixamos así ao concreto, porque moitas veces o que a un profano lle pode parecer un sinal mal colocado ou un paso de peóns mal colocado, pois, ao mellor, ten unha explicación desde o punto de vista técnico. Non podemos esquecer que os profanos facemos unha análise desta clase de situacións desde a nosa perspectiva particular e desde a nosa situación concreta, que non é a mellor a





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

que ve outra clase de persoas con outras clases de limitacións de mobilidade ou de visibilidade ou o que sexa. Quero dicir que eu penso que a cuestión non é poñer exemplos concretos porque diso xa se ocuparán previa instrución os técnicos de seguridade, os bombeiros, os policías, pois, díselles que comprobén que esta clase de cousas estea ben pero habería que aterse aos seus criterios ao respecto. O cal non quere dicir que en cada momento un comunique o que lle parece que está mal nesta clase de aspectos concretos pero que despois os técnicos decidirán se efectivamente están mal ou se están ben ou se dá igual, etc.

No caso xenérico, evidentemente, a accesibilidade ás persoas con mobilidade reducida ou con visibilidade reducida ou con calquera outra carencia sensorial ou motriz, pois loxicamente haberá que tratar de corrixilas.

Pero agora indo xa máis ao plano xenérico, unha das cuestións que este goberno ten previsto facer para mellorar a accesibilidade de toda esa zona e polo tanto ao centro sanitario son unhas escaleiras mecánicas que estarían vinculadas á modificacións de crédito a que vostedes votaron en contra. Entón, aquí estamos xa no plano das responsabilidades políticas, que realmente nos atanguen e non nas responsabilidades puntuais ás que me refería anteriormente, que serían máis ben dos técnicos.

Votar en contra dunha modificación de crédito na que estaba previsto unhas escaleiras mecánicas para esa zona vai en flagrante contradición con ese desexo manifestado na moción de que queren mellorar a accesibilidade nesa zona. Na práctica estanse contradicindo.

Por non falar xa da cuestión máis xeral de que a accesibilidade garda relación co estado dos autobuses para cuxo cambio, cuxa compra tamén votaron en contra.

Ou sexa, que seguiremos repetindo estes mantras como se están cualificando porque

ALCALDÍA: Temos que parar o tempo.

SR. OJEA BOUZO (PSdeG-PSOE): Realmente procede facelo.

Máis nada de momento.

SRA. MOURE IGLESIAS (PP): Bo día a todos.

Nesta moción o Partido Socialista trata dous puntos fundamentais. En primeiro lugar, fala de mellorar a accesibilidade ao Centro de Saúde da Cuña e tamén fala nun segundo punto de instar á Xunta de Galicia a que se executen as novas obras dese centro de saúde A Cuña-Mariñamansa debido ás necesidades dese barrio.

Hai un terceiro acordo que se engade a estas primeiras peticións, por parte do Bloque Nacionalista, con independencia de que nós entendamos que é un pleno cheo de emendas e que deberíamos ser todos un pouquiño máis respectuosos coas peticións dos





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

demais. Digo que é algo a título persoal, porque emendar é o que é. Pero independentemente diso o Partido Popular nada ten que dicir a esas dúas peticións, tanto respecto a que se mellore a accesibilidade do centro de saúde. Cónstame que a Cuña é un barrio que foi moi ben tratado, aínda así non o dixo dona Rosa, que a traizoou un pouquiño o subconsciente porque na moción, na exposición de motivos, fala de que ese barrio foi un pouco deixado nos dous últimos anos, pero ao chegar aquí ao escenario, pois, claro, tería que falar mal do Partido Popular porque é a súa misión nesta corporación, entón xa o engadiu ata os 6.

Con independencia de que o Partido Popular xa manifesta o seu acordo con esas dúas primeiras peticións, ás que nada temos que engadir, si nos gustaría recalcar que tanto desde a Xunta de Galicia como desde o grupo municipal estamos a favor da creación dese novo centro de saúde. E non é que estamos nós a favor, senón que a propia Xunta de Galicia xa o prevé nese plan de infraestruturas de asistencia primaria, de atención primaria, que xa anunciou o conselleiro de Sanidade no mes de novembro do ano pasado.

O señor Seara debe ser o único que aínda non sabe que a Xunta de Galicia xa ten incluída a creación e execución dese novo centro de saúde no seu plan de infraestruturas. Ese plan está moi avanzado, verá a luz esta mesmo ano e, como lles dicía, cóstanos que a consellería é sensible á situación de escaseza de espazo que ten actualmente ese centro de saúde, que, como aquí se apuntou, quedou claramente pequeno para o volume considerable de asistencias que ten. Cóstanos que é o terceiro da cidade en volume, detrás do da Ponte e do de Valle-Inclán. Polo tanto, como lles dicía, conscientes desas necesidades, tanto a Xunta de Galicia xa o incluíu nese plan de infraestruturas que proximamente verá a luz e, polo tanto, todos de acordo en que ese centro de saúde ten que ser unha realidade canto antes.

Ao fío disto engadir que o compromiso da Xunta de Galicia coa sanidade pública desta cidade é patente porque só a título de exemplo, porque podería estar aquí moito máis tempo, hai que dicir que xa está en marcha, e neste verán foi anunciado un dos maiores investimentos nos centros de atención primaria que se están a executar agora mesmo en Galicia. E é o novo centro integral de saúde que se sitúa, como todos saben, na parcela que agora mesmo está ocupada polo Centro de Saúde Nóvoa Santos, que suporá un investimento duns 9 millóns de euros e que vai ser un centro punteiro en atención primaria cuns 5000 m² na nosa cidade. A isto poderíamos seguir, como lles dicía, falando do investimento dos 3,5 millóns que fixo a Xunta de Galicia no Centro de Saúde do Couto, aínda que lembrar estes datos a moitos grupos, ás veces, prefiren esquecerlo.

Seguiremos falando dos investimentos que a Xunta de Galicia ten proxectados para a nosa cidade principalmente en materia sanitaria e, polo tanto, como lles dicía, desde o Partido Popular apoiaremos sempre todo aquilo que sexa beneficioso para a cidade, para Ourense, apoio que o Partido Popular hoxe de aquí cunha clara sensación de fastío de ver cal é a actitude dos grupos políticos fronte a todos os investimentos que se formulan na cidade.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Aos señores do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego temos que dicirles que en política non vale todo, todo non vale. A actitude do día de hoxe destes grupos municipais é totalmente incomprensible.

Deixarei para a miña segunda intervención o resto da exposición. Moitas grazas.

ALCALDÍA: Eu teño que dicir que estas últimas palabras que dixo Flora Moure realmente, ía dicilo antes e agora lembroumo, había antes unha xente que dicía nas manifestacións na rúa, creo que o Bloque, que dicía “PSOE e PP a mesma merda é”, dicían. E eu teño que dicir, é a miña opinión, eu non creo que o PP tivese feito o que fixeron hoxe o PSOE e o Bloque, é dicir, por amolar a cidade de Ourense e pensar que quitan rédito político, eu creo que se o PP estivese na oposición, eu creo que o PP nunca faría iso. Dáme a sensación, que o PP nunca o faría o que fixeron hoxe o PSOE e o Bloque. Así que, dende logo, non son o mesmo.

SRA. MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE):

Cando non se teñen argumentos, só se utilizan mantras. Iso está claro.

Sigamos.

ALCALDÍA: Quen vai falar!

SRA. MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE): Si, xusto.

Bo día de novo. Contestándolle un pouco ao señor Armando Ojea, vostede cre que o Partido Socialista ía vir a este pleno sen estudalo cos técnicos as propostas que lle imos facer agora?

Nesta miña segunda intervención, comentarei que os usuarios do centro de saúde sabemos que as persoas de mobilidade reducida que veñen nun vehículo adaptado, nun eurotaxi por exemplo, unha ambulancia ou teñen que chegar co vehículo á porta do centro de saúde, encóntranse que teñen que ir pola avenida da Universidade, en fronte do número 16. Por certo, que non hai nin sequera ningún tipo de sinalización que hai aí un centro de saúde, que agora nin sequera case se ve. Ou sexa, que imaxínense.

E, ben, invito ao señor Armando Ojea a que vaia por alí, igual que fun eu. Á parte son usuaria dese centro de saúde.

Alí temos un rebaixe de beirarrúa pintado de amarelo e un sinal que di excepto vehículos autorizados, por que? Porque dan a un xardín, a unha zona axardinada, que hai algúns usuarios que teñen alí os garaxes. Pero como pasamos para o centro de saúde se temos coches aparcados alí? Pódenme vostedes explicar, se non se coloca un vao permanente? Como entran? Porque eu fun coa miña nai moitas veces e vino. Ter que chamar á Policía Municipal. Entón, non me estean contando que non se poden dar solucións técnicas.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

A maiores pedimos que se mellore ese camiño, que está hoxe cheo de buratos, por onde teñen que pasar todos os coches para chegar á porta principal do Centro de Saúde da Cuña.

E facemos máis suxestións. Por exemplo, subindo desde a rúa avenida de Zamora por Vasco Díaz Tanco, á dereita, atopámonos que se facemos un rebaixe de beirarrúa, que son 4 pesos, todo sexa de paso, poderíamos facilitar o acceso á porta principal do Centro de Saúde da Cuña. Simplemente sería facendo un rebaixe de beirarrúa, aproveitando o rebaixe que temos en fronte e que teríamos que facer un novo paso de peóns, que no canto de estar en liña recta estaría en liña inclinada. Por certo, todas estas propostas estudáronse, por iso volvo repetir, señor Armando Ojea, con técnicos. Pero tamén os cidadáns vemos os déficits e as eivas que temos.

Tamén a rúa Vasco Díaz Tanco, subindo á man esquerda, encontramos unha especie de illa, que hoxe ten alí un sinal que di taxi. Cando hai, hai un taxi. Podémola correr a rúa doutor Peña Rey e aquel espazo que queda alí podémolo utilizar para ter unha aparcamento reservado para usos sanitarios, desde 8 da mañá a 20 horas. Tamén está estudado con técnicos isto.

Isto que nos axudaría? A que cando vén unha urxencia pode aparcarse alí. Ou cando os médicos teñen que saír visitar as persoas aos domicilios poden ter un coche para saír. E os veciños pódeno utilizar ata ás 8 da mañá e a partir das 20 horas. Iso é dar solucións aos problemas que existen na Cuña.

Esta é unha solución técnica estudada, como dixeran, polos técnicos pero cremos que redundaría en beneficio dos cidadáns que estamos afectados porque temos que ir a ese centro de saúde, que como ben recoñeceu o grupo popular, é un dos máis importantes da cidade. E arranxárase con pouco diñeiro, sería soamente vontade política.

Tamén o concello mentres non se desenvolve un novo PXOM podería elaborar un plan especial de dotacións e infraestruturas no mesmo solo, destinado a facer o centro de saúde, co cal axilizaríamos a construción dun novo centro de saúde.

Os cidadáns agardan de nós altura de miras e que sexamos capaces de facer cousas para mellorar a nosa cidade e máis nun momento de pandemia, como é o actual, que temos aínda enriba que para esperar estar fóra.

Acabo. Simplemente temos que ser áxiles, os investimentos e as arcas municipais xa dixeran que algúns deles eran moi poucos para mellorar a accesibilidade deste centro de saúde. E simplemente dicir que temos que, efectivamente, vostede falou de escaleiras mecánicas, rampas mecánicas venderon vostedes no ano 2020 pero non existe ningún proxecto como tal.

Traballemos polos ben da cidade, melloremos a accesibilidade, impliquémonos todos en construír un novo centro de saúde, que é o que esperan os cidadáns de nós.

Grazas.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

ALCALDÍA: Home, imos ver, modificación de crédito para facer o proxecto e para facer as escaleiras mecánicas, pero como non existe proxecto? Algúns proxectos están feitos e outros vanse facer. Vostedes votaron en contra diso. Que pasa? Que se vostedes dixeran, oia, facede o proxecto, votamos a favor. Vale, pero é que o proxecto é o que menos custa da escaleira mecánica. E, efectivamente, dicimos escaleiras mecánicas para resumir. Realmente son corredores mecánicos ou ramplas en caso de que teñan máis profundidade, porque hai máis de 12 graos. Máis nada.

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG):

Unha mentira por máis que se diga reiteradas veces non se acaba convertendo en verdade. Dígoo porque como as veciñas e veciños de Ourense, e de fóra de Ourense, que vexan a repetición deste pleno van poder comprobar, primeiro, que nós non votamos en contra da modificación puntual para que se faga un centro de maiores na antiga estación de autobuses, porque o que se está dicindo é retorcer a realidade e manipular. Nós o que pedimos é que quede enriba da mesa para mellor estudo. Eu creo que explicamos cales eran as razóns, non as vou reiterar. Hai razóns de tipo xurídico que nós, digamos, permiten ou non din que temos que ser cautos pero é que, ademais, hai outras cuestións que se deberían de resolver antes de chegar aquí a pedirnos que pechemos os ollos e que votemos un cambio de cualificacións sen máis. Home, eu creo que por responsabilidade non o debemos facer. E, desde logo, nós non o imos facer.

ALCALDÍA: Acaba de dicir que non e antes dixo que.

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): E vou repetir o que xa dixen antes cando debatemos sobre esta cuestión. Informe técnico, a parcela catastral pasa a ter 3 cualificacións e isto dío o técnico, non o di o portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Todo isto sempre coa intención da Administración autonómica sexa manter os ditos usos nos ditos espazos, cousa que se descoñece por non ter sequera un avance, anteprojecto ou calquera documentación do mesmo, que, polo menos, de forma indiciaria indique a devandita intención.

Mire, a Administración non se entende con outra Administración

ALCALDÍA: Pero esa é outra moción, eh?

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): A Administración non se entende con outra Administración por indicios nin por presuncións

ALCALDÍA: Teño que chamalo á orde, de cuestión de orde.

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): Perdoe, antes aquí falouse do que a cada un lle deu a gaña

ALCALDÍA: Cuestión de orde, señor Seara.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): Falando doutro tipo de cuestións, non me vai dicir agora a min que non podoo falar diso

ALCALDÍA: Si, dígollo, porque é a terceira vez que trae este tema cando

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): Non, claro, vostede pode repetir como un mantra o que lle peta e os demais non.

ALCALDÍA: Home, é que. Leva case dous minutos co tema

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): Se non lle interesa o que estou a dicir, é porque realmente sabe o que estou dicindo é rigorosamente certo.

E para rematar, e xa entrando no fío da moción que nos ocupa, falaba a señora Flora Moure das bondades, das marabillas do goberno galego con Ourense, especialmente no tema da atención primaria, no tema da saúde, da sanidade en xeral, pero no tema da atención primaria. Ben, pois, home, deberíamos comezar por normalizar unha situación que eu creo que é absolutamente anómala, que é o tema da presencialidade. 17 meses despois do inicio da pandemia calquera patoloxía distinta da covid require semanas de agarda, cunha porcentaxe de atención presencial que non chega ao 50%, o que está a provocar, e deberíano de saber e seguramente si que o saben, un crecente malestar na poboación e non é posíbel xestionar unha situación excepcional sen recursos. Acaba de facer aquí un brinde ao sol, efectivamente, dicindo que van facer o divino e o humano, pero, desde logo, para facer o divino e o humano cómpren recursos e deses a Xunta, máis ben poucos.

ALCALDÍA: Comentáballe dese tema porque, como dicía a miña nai, que en paz descanse, sabe ben que as fixo. Sabe ben o que impediron hoxe aquí e por iso se estaba escusando todo o rato, señor Luís Seara.

Pero fíxate que hoxe me chama a atención porque La Región faille o xogo ao PSOE e ao BNG. Saben ben que as fixeron. Entón, como saben ben que as fixeron, La Región acaba o titular “O pleno paraliza a construción da residencia da Fundacións Amancio Ortega en Ourense”, o pleno. Todos xuntos, cando realmente debería dicir PSOE, BNG e os 3 non adscritos. Pero como saben ben que isto é grave, métello ao pleno para que así tamén leve as culpas o alcalde, cando realmente, se isto hoxe non saíu adiante foi por PSOE, BNG e os 3 non adscritos. Volverémolo traer ao pleno, non se preocupe. Se vostede repite constantemente nós non paralizamos nada, volvémoslo traer ao pleno dentro de 15 días e aí xa se verá que fan falla 14 votos e que vostedes non van dar o voto necesario para iso. Máis nada. Así e tremendamente claro.

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS):

Eu non lle vou volver recordar ao señor do BNG que hoxe me mandou un zosca e non o aclara. Tivo varias oportunidades de facelo. Eu entendo que vostede, don Luís Seara, hoxe estea tan cabreado porque se meteron nun bulleiro complicadísimo de saír del. Vostedes hoxe, BNG, Partido Socialista e non adscritos, pero sobre todo BNG e Partido





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Socialista tiveron o tremendo cinismo político de traer aquí unha moción para mellorar os parques da cidade, facendo uns días que intentarían bloquear que se mellorasen os parques da cidade votando, ben, non permitindo que se fixese esa modificación. Vostedes hoxe piden melloras nas infraestruturas sanitarias e veñen de impedir que o concello cumpra co convenio de ampliación do complexo hospitalario. Vostedes veñen pedirnos que melloramos desde o punto de vista da calidade ambiental e bloquean que se merquen autobuses na cidade. Todo isto é de supernota, por iso é normal que vostede hoxe estea tan excitado e tan incómodo con este papel político que decidiu xogar, que supoño que o farían unha noite que estaban despistados e decidiron utilizar este criterio político no canto doutro. E a maiores deciden bloquear que os veciños de Ourense paguen menos no imposto de vehículos. E todo o demais son floeos que levamos toda a mañá soportando. Pero despois os veciños decidirán quen ten máis ou menos razón.

Se nos centramos única e exclusivamente na moción que defende hoxe aquí dona Rosa, evidentemente, témoslle que dar a razón e temos que pedir melloras para o Centro de Saúde da Cuña e melloras para a súa contorna porque non conta ningunha mentira nesta moción, pero, evidentemente, o papel que teñen hoxe aquí e o que están xogando vostedes, porque, miren, a min, a risco de que me acusen de ser o portavoz de Democracia Ourensana, como non son sospeitoso diso e cando lle teño que atizar, atízolle, sobre todo, creo que quizais sexa dos máis críticos co goberno municipal e se fose por min don Gonzalo Pérez Jácome non sería o alcalde de Ourense, pero se fose por vostedes, si. Recórdolles que nesa manda que teñen dentro da organización do Partido Socialista non foron capaces de se pór de acordo para falar con estes señores do PP para mudar o alcalde. Isto non é culpa miña. E seguimos, porque hai uns días o alcalde bríndalle a oportunidade ao Partido Socialista de falar e o señor Villarino decide non ir. É que, de verdade, eu vou á reunión, escoito o que me quere dicir o alcalde e despois tomo as decisións que teña que tomar pero é que como se concibe unha cidade na que o líder do grupo da oposición non se reúna co alcalde. A min que mo expliquen, é que non alcanzo a entender a súa estratexia política, pero, ben, é a súa. Xa está, don Luís Seara que desculpe por tantas referencias, pero como hoxe me dixo que tiña que pagar peaxes e non me quere aclarar por qué.

Eu xa acabei a miña quenda, ou é que non conta?

ALCALDÍA: Non contaron.

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS): É que non contou.

Entón non acabei, porque non contou.

Miren, eu voulles dicir por qué don Luís Seara di que eu estou pagando peaxes. Xa que non o di el, vouno dicir eu. Na xunta de portavoces desde o principio do mandato tiven sempre unha reivindicación, que era que o persoal do grupo municipal se lle pagase en función do seu traballo, porque eu penso que hai que dignificar o traballo das persoas. E a unha persoa que se lle pide que faga traballo de asesor político non se lle pode pagar como auxiliar político. Verán pola prensa, hoxe concretamente, como se fala desa cuestión e don Luís Seara fala o mesmo do que dixo hoxe aquí, de que eu estou pagando unha peaxe. Simplemente porque o alcalde na última reivindicación, despois de facer moitísimas





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

reivindicacións sobre este tema porque, díganme o resto dos portavoces se estou mentindo, sempre o dixen na xunta de portavoces pedín que se lle regularizase a situación á persoa que traballa no grupo municipal. Se iso é pagar peaxe, non teño ningún inconveniente en asumir que pago unha peaxe. Pero eu creo que hai que defender as persoas que traballan e dignificar o seu traballo. E a partir de aí, se teño que negociar co alcalde calquera cousa, vou negociar sen ningún problema. Constantemente vou negociar con el cousas.

Graciñas.

SR. OJEA BOUZO (DO): Grazas, alcalde. Moi breve.

Simplemente dicirlle á señora Rosa que, efectivamente, coñezo e frecuento a zona da Cuña, visito a amigos e, ademais, ten a sorte de que hai alí unhas tendiñas que están abertas os domingos e un pode aproveitar ás veces para mercar cousas.

Sinxelamente, como xa dixeron outros voceiros, é difícil, por non dicir imposible, votar en contra das propostas porque están nun grao de xeneralidade totalmente asumibles. Loxicamente hai que mellorar esa accesibilidade, deixando sempre que sexan os técnicos os que digan dentro das circunstancias de cada circunstancia concreta como hai que facelo e alégrome de que consulten cos técnicos esta clase de cousas, desde logo. Ese extremo non constaba na moción, por iso o expresei.

Tamén o tema de que a Xunta de Galicia faga un novo centro tamén é perfectamente asumible a cuestión do BNG das liñas de autobuses, co cal votaremos a favor tanto a moción como a proposta do BNG.

O que si, e volvo insistir, é totalmente incongruente que, por un lado, se pidan unhas melloras da natureza da que estamos a falar e que, por outro lado, se vote en contra das modificacións de crédito que as posibilitan. Estas cousas fanse con cartos, e os cartos pois teñen que seren aprobados na maneira en que se formula.

Eu non sei se isto que, imaxino que ao señor Villarino lle chamará disonancia cognitiva, non sei a que se referirá, non sei como se explica isto, que por un lado se pide unha clase de cousas, pero que logo, á hora de levalas á práctica, ou que se esixe, que é votar a favor dunhas modificacións de créditos, pois non se faga. Non sei se é que o PSOE vive no pensamento máxico do que falaba Frazer no século XIX, pero outra explicación non lle atopo.

Nada, volveremos a repetir que votaremos a favor das 3 propostas, ben, das 2 das que consta a moción e a emenda de engádegas do BNG.

De momento, máis nada.

SRA. MOURE IGLESIAS (PP): Grazas, señor alcalde. Bo día de novo.

Hai que manifestar que a Xunta de Galicia, como todo o mundo sabe, fixo un primeiro investimento de 52 millóns na ampliación do hospital e que seguirá cunha





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

segunda ampliación de 53 millóns que xa está proxectada xunto con reformas da UCI cun investimento do 9,4 millóns. Estamos falando dun total investimento de 160 millóns de total nos hospitais da cidade. E, polo tanto, todo o que pode dicir o señor Seara respecto de que nós cremos mentiras, mire, nós non estamos aquí para contar mentiras, estamos para falar de datos e o mellor é que non hai mellor antídoto contra as mentiras que falar de datos reais. Das cidades galegas teño que dicirle que só en Vigo investiuse máis a Xunta en atención primaria. A seguinte cidade na que máis se investiu é en Ourense co Couto e o CIS aquí na cidade.

Poderíamos estar falando así eternamente desas mentiras que vostedes sempre queren que calen na cidadanía, de que a Xunta de Galicia non inviste na cidade de Ourense, pero, mire, eu por unha vez, sen que sirva de precedente, voulle pedir ao señor Jácome que repita en bucle o que se acaba de falar neste pleno porque, se alguén está atacando a posibilidade de facer infraestruturas na cidade, agora mesmo son vostedes. E eu non quería volver sacar o tema, porque vostedes están todos moi exasperados aquí hoxe, pero é que, indubidablemente, teño que lles dicir que paralizar a modificación de crédito, implica tamén paralizar o convenio que Ourense ten que asinar coa Xunta de Galicia para que se poida ampliar o CHUO. Vóullelo dicindo xa para que vostedes vaian tomando nota de todas aquelas cousas nas que vai interferir iso que vostedes seguen a dicir que é en beneficio da cidade.

Mire, eu non me podo ir de aquí hoxe sen recordarlles a vostedes, como lles dixen antes, que o papel que tiveron vostedes aquí hoxe foi bochornoso. E do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista, por desgraza, xa non nos asusta nada. A min no día de onte custábame moitísimo crer que puidesen ter a descarado do que hoxe se fixo aquí. E, polo tanto, insisto, isto debe verse en bucle, porque, mire, calquera que o vexa e o volva ver verá que os argumentos peregrinos que tanto o Bloque Nacionalista como o Partido Socialista que non houbo ningún tipo de argumento porque o apuntei literalmente. A señora Natalia fala de liortas e fala de demagoxias e fala de respecto e fala de coherencia. E o señor Seara, miña nai, deunos un discurso xurídico por enriba dos técnicos todos do concello no día de hoxe. É que a vostede se lle pode aplicar claramente o da dobre vara de medir, porque a vostede, cando quere, teñen que ser os técnicos e cando non lle vén ben,ponse vostede por enriba dos técnicos e dos xurídicos da Concello de Ourense.

Pero, mire, de vostede xa non nos asombra absolutamente nada. Por favor, que se repita en bucle.

Pero, mire, agora hai que falar dos non adscritos. Eu hoxe teño que me dirixir a eles porque o que pasou hoxe aquí respecto á decisión do primeiro punto foi máis ca vergonzoso, porque estes señores pertencen a un partido político

ALCALDÍA: Por favor.

SRA. MOURE IGLESIAS (PP): Cunha disciplina de voto, pero o de vostedes é utilizar os seus votos por intereses persoais, por rabia e odio, que é o que vostedes están utilizando. Sexan útiles para a cidade. Por favor, non me interrompa que eu a vostede non a interrompín.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

ALCALDÍA: Si, María, unha chamada á orde. María, unha chamada á orde.

SRA. MOURE IGLESIAS (PP): Sexa útil para a cidade. É unha honra ser concelleiro desta cidade para facer cousas útiles

ALCALDÍA: María, María, dúas chamadas á orde. Dúas.

SRA. MOURE IGLESIAS (PP): Vostede o único que ten é odio.

ALCALDÍA: María, María, 3 chamadas á orde. Abandona o pleno, por favor.

SRA. MOURE IGLESIAS (PP): Sexan útiles para a cidade. É unha honra ser concelleiro desta cidade pero non para o que vostedes dedican os seus votos.

Moitísimas grazas.

ALCALDÍA: María, por favor, abandona o pleno por tres chamadas á orde.

Que bochorno, rouban a acta e aínda teñen algo que dicir.

A concelleira María del Mar Fernández Dibuja é expulda do salón de plenos ás 13.25 horas.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a emenda do BNG.

En consecuencia, apróbase a moción coa redacción dada pola emenda do Bloque Nacionalista Galego.

5.8 Moción do Grupo Municipal de Ciudadanos relativa á necesidade de instalacións para a práctica da escalada e a ximnasia

Exposición de motivos:

O pasado mes de xuño, o grupo municipal de Ciudadanos presentou unha moción relativa á falta de infraestruturas para a práctica da escalada en Ourense. Na exposición de motivos faciamos referencia ao gran traballo que leva realizado a Asociación de





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Escaladores Ourensáns (ASESOU), unha das Escolas de Base máis importantes de toda Galicia e que conseguiu levar este deporte a todos os públicos.

Todo iso, a pesar da falta de instalacións deportivas dunha modalidade en clara expansión en España durante os últimos anos, e que alcanzou a gloria nos xogos olímpicos de Tokio 2021 coa primeira medalla de ouro de Alberto Ginés, un mozo de 18 anos, polo que se espera un incremento dá afección por este deporte en Ourense.

A moción deste grupo municipal solicitaba a creación dá infraestrutura necesaria para dar cabida á demanda de usuarios simultáneos que existen actualmente en Ourense coas características específicas que marca esta disciplina e que foi aprobada por unanimidade cunha emenda de engádegas do BNG na que ademais se pedía “a inclusión en ditas instalacións, de espazos para a práctica de ximnasia, dada a carencia de instalacións para a práctica dá mesma e a compatibilidade que existe entre ambas disciplinas deportivas”, no referente a determinadas características físicas do espazo como á necesidade dunha altura específica.

Todos os grupos municipais cremos no compromiso que debe ter esta cidade co deporte e a necesidade de recoñecer o labor que realizan estes clubs na formación e promoción do deporte, así como a creación de emprego.

Agora ben, é necesario que este pleno chegue ao mesmo acordo para construír unhas instalacións coas características específicas e oficiais para ambas disciplinas que requiren dun espazo propio, polo que desde o grupo municipal cremos que a adquisición do complexo deportivo Bamio, proposta realizada por Democracia Ourensana o pasado mes de decembro e que contou co noso voto a favor, sería unha boa opción para albergar estas disciplinas deportivas nas que a cidade é actualmente deficitaria de instalacións.

Proposta para a súa aprobación:

1.- Instar ao Goberno local a poñer en marcha os mecanismos administrativos necesarios para a compra e adaptación do complexo deportivo Bamio como unha nova instalación deportiva para a cidade.

Emenda presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:

SUBSTITUCIÓN DOS PUNTOS DA PROPOSTA:

1. Instar ao Goberno local a poñer en marcha os mecanismos administrativos necesarios para a compra e adaptación do complexo deportivo Bamio como unha nova instalación deportiva para a cidade.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

POLO SEGUINTE:

1. Instar ao Goberno local a que dende o Consello Municipal de Deportes se acade o consenso das forzas políticas, escoitando tamén as achegas do colectivo de escaladores e ximnastas, para dotar a cidade de Ourense das infraestruturas máis axeitadas para a práctica destas disciplinas deportivas e seguir na procura da mellora das xa existentes, tendo como eixo fundamental o fomento do deporte base nesta cidade.

SENDO O SEGUINTE PUNTO DE ACORDO O DEFINITIVO:

1. Instar ao Goberno local a que dende o Consello Municipal de Deportes se acade o consenso das forzas políticas, escoitando tamén as achegas do colectivo de escaladores e ximnastas, para dotar a cidade de Ourense das infraestruturas máis axeitadas para a práctica destas disciplinas deportivas e seguir na procura da mellora das xa existentes, tendo como eixo fundamental o fomento do deporte base nesta cidade.

Emenda presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:

TEXTO INICIAL DA PROPOSTA DE ACORDO

1. Instar ao Goberno local a poñer en marcha os mecanismos administrativos necesarios para a compra e adaptación do complexo deportivo Bamio como unha nova instalación deportiva para a cidade.

PROPOSTA DE SUSTITUCIÓN

1. Instar o Goberno Local a elaboración dun informe técnico sobre a situación na que se atopan actualmente as instalacións do Complexo Deportivo Bamio, en tanto en canto, o informe realizado en 2018 alertaba de graves deficiencias estruturais nas instalacións que farían inviable a súa reforma, tendo que ser demolidas todas as construcións existentes no complexo.

REDACCIÓN FINAL DA PROPOSTA DE ACORDO





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

1. Instar o Goberno Local a elaboración un informe técnico sobre a situación na que se atopan actualmente as instalacións do Complexo deportivo Bamio, en tanto en canto, o informe emitido en 2018 alertaba de graves deficiencias estruturais nas instalacións que farían inviable a súa reforma, tendo que ser demolidas todas as construcións existentes no complexo.

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS): Grazas, señor alcalde.

Para ir rematando o pleno, un breve relatorio. Como saben trouxemos nos pasados plenos unha moción na que pediamos que se dotase de infraestruturas para a práctica da escalada, nesa moción, nesa sesión, o BNG introduciu unha emenda de adición en que se pedía que se dotase tamén dunhas novas instalacións para ximnasia, para a mellora da ximnasia. Aceptamos esa proposta e foron pasando as semanas e eu preguntei, isto foi antes de que o consello municipal estivese presidido por don Mario Guede, estaba presidido polo señor alcalde e pregunteille en varias ocasións como podía avanzar isto das novas instalacións para a ximnasia e para a escalada.

Sobra dicir que agás os deportes maioritarios, para os deportes minoritarios hai escaseza de infraestruturas, supoño que nesta cidade como en calquera outra cidade, aínda que nos últimos anos, por exemplo, no caso da ximnasia si que houbo algunha mellora. No goberno bipartito se lle concedera o espazo que hai no campo da feira. O certo é que falando concretamente cos responsables da ximnasia pois cóntanche unha serie de limitacións que teñen no día a día para a práctica das diferentes modalidades deste deporte.

Acontece o mesmo coa escalada, que vai con base nun club ou nuns clubs que están apaixonándose co exercicio da súa actividade. Aquí gustaríame dicir que, eu entendo que calquera que lidera un club faino porque ten esa necesidade de facelo porque ten esa paixón e eu estes días percibín nos que lideran, tanto a ximnasia como a escalada, unha paixón desmedida por quitar adiante as súas actividades. E o certo é que esa paixón tradúcese en que cada día, cada ano hai máis nenos, nenas, mozos, mozas que deciden incorporarse a este deporte. Entón, chega un momento como o actual no que están saturados en canto a instalacións e non teñen a capacidade para garantir que practiquen deporte todos aqueles que desexan practicar estas actividades deportivas.

Vaia por diante que non estou a falar de crear espazos para celebrar grandes eventos, que tamén, se pode ser, pero de entrada estamos a falar de crear espazos para que se poidan practicar estes deportes nunhas condicións dignas.

Dicíalles que como estivemos preguntando en diferentes consellos municipais de deportes, agora incorporouse don Mario Guede á presidencia, pois unha das cuestións que nos trasladaron no seu momento era dificultade para encontrar un lugar no termo municipal que cumprise coas condicións para crear esta infraestrutura. E unha das condicións que é común aos dous deportes é a altura necesaria para a práctica do deporte. Non ter a altura suficiente prexudica seriamente e incluso hai diferentes modalidades que non poden practicar ou que quedan como deficitarios ou que despois son, digamos, que teñen diferenzas á hora de participar en campionatos con respecto a outros lugares onde





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

poden practicar. Estou falando no conxunto das dúas modalidades deportivas para respectar a emenda que aceptamos do BNG e para non pór en valor uns máis cós outros. O certo é que a altura é unha das condicións necesarias que precisan as dúas actividades deportivas.

Entón, como saben tamén vostedes e isto coméntollelo aos veciños de Ourense, nós fomos o único grupo político que no seu momento apoiou a compra do Bamio para dedicalo a un novo espazo deportivo para a cidade. Neste caso foi o compañeiro Laureano Bermejo cando estaba en Ciudadanos quen defendeu esta postura.

Continúo na seguinte intervención. Grazas.

Os non adscritos renuncian a participar nesta quenda.

SRA. REZA ÁLVAREZ (BNG): Bo día de novo a todos e a todas.

Co permiso do señor alcalde gustaríame dicirlle unha cousa á señora Moure. Dicirlle que todo ese relato que fixo dos investimentos da Xunta de Galiza en infraestruturas en Ourense supoño que tamén llas estaría facendo o señor alcalde, que considera que o Partido Popular trata Ourense como a borrallenta de Galiza. Supoño que tamén llas diría a el.

E tamén dicir que sensación de fastío pois é a que temos nós con respecto ao Partido Popular porque ten convertido esta provincia no vagón de cola de Galiza e tamén do Estado.

E tamén vergonzoso o papel de Democracia Ourensana e tamén do Partido Popular e os veciños e veciñas de Ourense estamos fartas de ter que tragar con todo con tal de manter a Baltar e o clan Baltar na deputación. Ese a vergonza que sentimos.

Moitas grazas, señor alcalde.

Con respecto á moción que presenta Ciudadanos é unha moción que, por un lado, fala da necesidade de instalacións e, por outro lado, está falando tamén da compra do Club Deportivo Bamio, porque o que pide no seu punto de acordo é do complexo deportivo Bamio.

Respecto á compra do complexo deportivo Bamio todos coñecemos o informe que fixo o arquitecto, o técnico do concello, no seu momento, no ano 2018. Nese informe falaba de que, como consecuencia da falla de actividade e de mantemento na edificación, se producía unha serie de deficiencias, que había numerosas entradas de auga, que estaban deteriorando os acabados das distintas edificacións, tamén dicía que se detectaran afectacións estruturais que afectaban ás vigas, a algunhas vigas e que cumpría solucionar con prema. Tamén falaba de que como consecuencia de actos vandálicos que houbera que apuntalar unha serie de estruturas que estaban comprometendo tamén o complexo deportivo Bamio. E, ademais, presentaba unha serie de fotos da visita que fixo e tamén dicía que á vista da existencia de importantes deficiencias de índole estrutural, considérase





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

que se deberá dar traslado ao actual propietario do inmóbel co fin de que realice as operacións de reparación necesarias que garantan a seguridade estrutural do inmóbel, conforme co deber de conservación disposto no artigo 135 da Lei de solo de Galiza.

Todos somos coñecedores desta situación e deste informe, o que nos gustaría saber é se se lle informou ao actual propietario e se o actual propietario fixo algo ou simplemente está agardando durante 3 anos a ver se llo merca, ou máis tempo, se llo merca alguén e en 3 anos ten un beneficio de 250000€.

E por que presentamos unha emenda de substitución? Porque nos gustaría saber se no 2018 dicía que había danos estruturais que estaban comprometendo o edificio e que había que solucionar con prema, 3 anos despois queremos saber como está a situación porque imos comprar algo que está en ruína. Entón, por iso presentamos esa emenda de substitución.

Con respecto á necesidade de instalacións deportivas concordamos totalmente e amósase perfectamente que non hai instalacións deportivas cando á hora de reparto das instalacións se teñen dado instalacións a nenas e nenos que teñen 6 anos nun horario de 7 a 9.30 da noite, cando estaban as instalacións para os clubs, para que se compartan actividades que son incompatíbeis, co cal un deses clubs vai ter que deixar de facer actividade ou vai ter que renunciar porque non o pode facer. Cando se lles dá as 5 da tarde e os nenos saen ás 5 e media da tarde e tampouco, cando, como ben dicía o maior club de escalada de Galiza, o número 1, o que ten maior número de licenzas, é verdade que dende o Consello Municipal de Deportes sempre se colaborou con eles e sempre se lles axudou para que puidesen medrar, pero tamén hai que ver as necesidades que teñen a día de hoxe. E as necesidades que teñen a día de hoxe coas instalacións que hai non dan abasto e non poden ser satisfeitas.

Despois tamén falaba da ximnasia rítmica, efectivamente, moitas veces as ximnastas, os clubs teñen que andar peregrinando cunha moqueta de 12x12 por distintas instalacións e teñen que pagar ese traslado porque á altura tamén lles afecta, que non atopan espazos con suficiente altura. E despois saber que na anterior temporada houbo 3 clubs que abandonaron o concello, decidiron marchar porque aquí non tiñan instalacións e como lle pasa á escalada e a ximnasia eran 3 clubs, dous de ximnasia e un de wushu, non podían seguir crescendo. Ou a solución que se lle dá o skate, a nós non nos parece normal que o skate se lle dea unha solución a base de cargarnos dous parques e unha zona infantil de xogos. É necesario facer unha instalación de skate? Si, pero fagámolo dun xeito que non nos carguemos outras cousas, supoño que terá que haber alternativas e hai alternativas. E nós xa temos falado das nosas alternativas, tanto en anteriores plenos como que levabamos no programa esa serie de alternativas.

Moitas grazas.

SR. GUEDE FERNÁNDEZ (PP): Bo día. Grazas, señor alcalde.

Eu, antes de nada, quixera comentar as mencións legais en canto ás competencias que temos no concello con respecto ás instalacións deportivas. Entón, en principio, direi





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

que a Lei de bases de réxime local entende que os concellos temos a responsabilidade de todo o que é o deporte de iniciación e o deporte de promoción e proporcionar instalacións deportivas para este tipo de actividade.

Se nos imos á Lei do deporte de Galicia do ano 2010, especificáanos que son as federacións deportivas galegas, xunto coa tutela da propia autonomía, as que teñen as competencias na tecnificación deportiva. E se nos imos a un nivel máis alto, ao terceiro nivel, entramos xa que o alto rendemento lle corresponde ao Consello Superior de Deportes a través das federacións españolas dos diferentes deportes.

Con todo isto que quero dicir? Que hai que definir a tipoloxía de deporte para saber que tipo de instalación é a axeitada aos clubs que a solicitan. Entendo eu que todos os clubs queren as mellores instalacións, iso indubidablemente que si. Pero se a instalación vai ser para un uso digamos de máximo nivel loxicamente ten que haber a colaboración doutras administracións e ten que haber tamén a solicitude das propias federacións, tanto galegas ou nacionais para ese tipo de actividade. Entendemos que se nós temos aquí unha pista cuberta de atletismo, que non é a pista cuberta de atletismo de Ourense, é a pista cuberta de atletismo de Galicia, porque apostou a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Atletismo por situar aquí na nosa cidade a única pista homologada que hai de Galicia. E por iso hai que pór de manifesto e ter en conta o anteriormente dito para que requisitos ten que ter as novas instalacións porque dependendo se é para iniciación, se é para perfeccionamento, se é para tecnificación ou se é para alto rendemento, pois a instalación pode cambiar, entón necesitaría do apoio doutras administracións. Entón é iso importante por un lado.

Despois, por outro lado, facer fincapé en que nós aquí desde o Consello Municipal de Deportes aténdense 40 disciplinas deportivas, 40 e non pararon de medrar nos últimos anos. Como ben dicía Pepe, a boa xestión que están a realizar as xuntas directivas deses clubs, unido, creo eu, á boa tutela que se lles está dando desde o Consello Municipal de Deportes, que se lles facilitan os medios necesario tanto en instalacións, aínda que loxicamente non se pode atender ao mesmo horario a todos os clubs o mesmo día e á mesma hora, e tamén que desde o Consello Municipal de Deportes en tempo e forma se están a sacar as axudas axeitas para pór en funcionamento. Póñolle un exemplo, señora Rhut, Concello de Ourense as subvencións por concorrencia competitiva para os clubs desta cidade no ano 20-21 sacounas no mes de abril e vainas agora neste mes próximo a publicar os baremos para distribuír ese diñeiro, no mes de abril. O Concello de Pontevedra, que goberna o seu partido, sacou o 25 de agosto a concorrencia competitiva do ano 20, non do 21, do ano 20, por 300000€ para os 65 clubs que forman o deporte base nesa cidade.

Entón, falar pódese falar moito pero, como moitas veces di o señor alcalde, os datos son os datos e, polo tanto, a iso nos remitimos. Insisto que tanto desde o Consello Municipal a día de onte fixéronse públicas a distribución dos horarios para os clubs deportivos. E pódolle dicir que os clubs de ximnasia teñen 97,5 horas semanais para facer a súa actividade e teñen as instalacións da feira, utilizan o anexo, utilizan tamén a cancha central e utilizan tamén o Ferro Couselo.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Despois continúo.

SR. JONES ROMERO (PSdeG-PSOE): Bo día.

Xa estamos na última moción e, señor Araújo, permítame que lle faga así unha pequena broma. Hoxe vostede está especialmente agarimoso co alcalde. Ben, o agarimo é recíproco porque un bota en cara o tema dos 60 millóns de euros e sae o outro dicindo o mesmo. E esta moción, vostede chíscalle o ollo ao alcalde, pero descaradamente. Si, si, explícolle por qué.

Estamos de acordo, ten 5 parágrafos a moción, estamos de acordo con case toda ela, claro, agás co último parágrafo. Vostede fai un relato, e faino ben, de que, efectivamente, no mes de xuño vostede, o grupo de Ciudadanos, acadou a unanimidade no pleno para dotar a esta cidade de instalacións novas para a práctica da escalada, unha práctica en auxe, precisamente acadamos unha medalla de ouro, dado que os que nos gusta o deporte sempre nos alegamos de que o noso español acade tales logros, e coa emenda de engádegas do Bloque, pois, tamén se incluíu nesa petición ao goberno local de dotar tamén para a ximnasia. E aí estamos de acordo. Isto foi no mes de xuño, vostede xa forma parte do Consello Municipal de Deportes e si que é certo que houbo varias sesións en que se comezou a falar disto, pero non pasaron nin 3 meses e, xa aproveitando a conxuntura, vostede mete a machada e di e por iso temos que mercar o Bamio.

Cando o Grupo de Democracia Ourensana trouxo a esta moción alá polo mes de decembro de 2020 unha petición parecida, polo menos o alcalde tivo a ousadía, pero polo menos o fixo, de dicir por un prezo estimado de 750000€. Claro, esa cifra estaba absolutamente lonxe da realidade, porque, ao final, de acordo co propio informe dos técnicos, a cousa íase arredor dos 3 millóns e medio e 4 millóns. Vostede aquí, claro, esas cifras son tan mareantes que nin sequera se atreveu cando redactou a moción a dicir imos dotar a escalada e vains custar 4 millóns de euros. Porque, ademais, estou seguro de que a asociación de escaladores, que tamén nós falamos con eles, non queren unha instalación de 4 millóns de euros, estou seguro de que non. E se vostede bota unha ollada en internet, eu estiven a facer a distintos rocódromos municipais que hai ao longo do territorio español, depende se é exterior ou cuberto, pero a cousa vai entre 80000 e 100000€, máis ou menos, porque se necesita unha parede arredor de 3 metros e outra máis, digamos, profesional, entre 12 e 15 metros. Pero, dende logo, non atopará vostede un rocódromo que custe 4 millóns de euros, que iso, ao final, é o custo real da adquisición do Bamio. Decía o alcalde, decía ben, é unha cuestión política. Unha cuestión política que nos custa 4 millóns de euros.

Menos mal que aquí a min, que estou representando ao meu partido, non nos pode botar en cara que como votamos en contra desa modificación de crédito que tamén votamos en contra do Bamio. Por que o alcalde non meteu nesa modificación de crédito tamén os 4 millóns para mercar o Bamio? Por que vostede non fixo alegacións da modificación de crédito para meter os 4 millóns de euros nesa modificación orzamentaria de 62? Porque sería un escándalo.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

E aquí, señora Rhut Reza, vostede preguntábase se a empresa fixo algo. Si, intentar especular. Pero xa lle dixemos no mes de decembro, intentar especular pura e duramente, porque quería vender por 750000€ e ademais que o concello non lle esixira 200000 e pico euros máis que estaba debendo e que debe e que a día de hoxe segue a deber de ive. Ese é negocio.

E, polo tanto, eu preguntome, señor Araújo, se vostede ten datos novos, se hai un informe recente que diga que antes estaba en ruína, agora xa non o está, que o que estaba regular, agora xa está perfecto, porque, se non, dígame vostede como xustificamos 4 millóns de euros para unha instalación. Insisto, no mes de xuño acadou vostede, xunto coa emenda de engádegas do Bloque Nacionalista Galego, o acordo unánime do pleno para acadar unhas instalacións axeitadas para estas prácticas deportivas. Perfecto. Comezamos xa a falar diso, aquí está o presidente do Consello Municipal de Deportes que o pode dicir. Comezamos xa a falar diso nas reunións, pero, home, vostede 3 meses despois e xa quere que compremos o Bamio, que é unha auténtica ruína, e cando digo ruína non o digo no senso coloquial do termo, senón tamén no senso xurídico do termo.

Entenderá vostede que non pode ter o noso apoio.

Seguirei na miña segunda quenda.

ALCALDÍA: Agora vou intervir eu, ademais é un tema que o levei sempre desde que na oposición xa tratábamos este tema, sempre intentamos comprar o Bamio como unha instalación municipal para todos os cidadáns de Ourense. Levamos realmente varios anos con esta tema, na oposición xa o faciamos.

Realmente ten razón o que dixo señor, case todos tiñan razón, o que pasa que utilizan verdades a medias. Agora mesmo o señor Wilson Jones cando marchaba dixo que o Bamio é unha ruína. E o señor Wilson Jones ten toda a razón. O Bamio é unha ruína, incluso se queren utilizamos linguaxe groseira e digo que o Bamio é unha puta ruína. Interesa mercar esa ruína? Depende do prezo, home. Que é unha ruína? Si, depende do prezo. En caso de que sexa sinistro total non interesa mercar esa ruína. Un coche que sexa sinistro total dásllo a un cemiterio de coches e que cho faga. A pregunta é se non é sinistro total. E vostede fixeron verdades a medias, porque se vostedes len o informe que di o técnico do concello que se encargou tras unha moción de Democracia Ourense di que, efectivamente, no Bamio hai que gastar arredor de 2700000€ para poñelo como deus manda, 2700000€, máis ou menos. Se logo facemos un rocódromo posiblemente poida ir 4 millóns ben. Pero o que tamén di ese informe é que o que está no Bamio actualmente, esa ruína, non vale 0 euros. O que di o informe do técnico do Concello de Ourense é que iso vale arredor de 3 millóns de euros. O que está aí, esa ruína, vale 3 millóns de euros. Ben, se lle resulta que as persoas que venden o Bamio nolo venden arredor de 500000€, que poderían ser incluso menos porque ten unha débeda acumulada de débedas que non paga e se hai unha forma de recobrar esa débeda, que ao mellor non se cobra, xa miraremos. Ben, se nolo venden arredor dos 500000€, algo que vale 3 millóns, home, a operación non parece mal feita, porque hai 2 millóns e medio de diferenza que queda para o concello. É dicir, estamos comprando algo que vale 3 millóns de euros, comprariámolo por medio millón de euros. É dicir, o concello estaría gañando 2 millóns e medio de euros.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Ben, hai que facer unha reforma, arredor de 3 millóns de euros, pero é que cando fagas esa reforma o Bamio valerá 6. Oia, se eu merco unha casa por 100000€ e métolle 100000 de reforma, o normal é que valla 200000. Iso é o normal. Pois diso vai o tema. Entón, oia, por favor, non mintan. Isto é como se nun coche Roll Royce nolo dan por 10000€, oia, se mo dan por 10000€ é unha ganga, porque, coño, só as pezas valen máis.

Entón, eu creo que nese sentido é onde están mentindo. O Bamio é unha gran instalación municipal en potencia e custaríanos arredor de 3 millóns e pico. É dicir, a compra do soar, que é o de menos, máis a reforma. Pero é que esa reforma que temos que facer teríamola que facer se mercamos un soar en calquera sitio de Ourense. Mercas un soar para facer unha instalación, oe, haberá que facer unha reforma. E vostedes saben o que custou o anexo do Pavillón, soamente o anexo do Pavillón, unha reformiña cando se cambiou hai pouco, non todo o anexo, senón o que é, a última reforma creo que se fixo, custou 2 millóns de euros. Non o pavillón o que fixo agora a Xunta de Galicia, que o último o fixo a Xunta de Galicia. Cando o fixo o Concello de Ourense no seu día, ademais pediuse unha subvención que se perdeu, porque se chegou tarde a esa subvención, no mandato do Partido Popular, pois custou arredor de 2 millóns de euros. Creo que a subvención que se perdeu era menos. A subvención era menos contía, o anexo custou arredor de 2 millóns de euros pero aquela subvención que se perdeu da Xunta creo que era de 200000€. O que se perdeu foron os 200000, non os 2 millóns. Os 2 millóns era o que custara antes diso. Aí equivoqueime.

Pois o que che quero dicir é o seguinte, home. Calquera sabe que é unha ganga que esa instalación, que se ti gastas 3 millóns de euros máis medio da compra, home, iso vale moitísimo máis. Entón, cremos que é unha cousa interesante.

Respecto ao que dicía Wilson Jones, que para o rocódromo non fai falla 4 millóns de euros. É que non nos imos gastar 4 millóns de euros nun rocódromo. O rocódromo sería un beneficiado máis, é dicir, sería unha instalación máis dentro do complexo deportivo do Bamio. Non vai ser todo rocódromo, vai ter moitísimas máis cousas. Poderíamos ter unha escola de tenis, que non se ten. Poderíamos darlle cabida a moitísimos clubs de ximnasia que están peregrinando e que teñen que ir, algúns creo que xa fóra do municipio de Ourense, por desgraza. Poderíamos facer unha instalación de *karts* eléctricos, onde evitaríamos o problema do ruído que se tiña antes, que sería única en toda Galicia, unha instalación cuberta de *karts* eléctricos. Poderíamos ter unha piscina aberta para os veciños. Eu creo que sería unha instalación municipal moi interesante.

Nós estamos de acordo coas mendas que presenta o BNG e o PSOE. O PSOE faime graza porque o que pide na emenda di o seguinte, di que, de novo volve facer o mesmo, que temos que facer que se chegue a un consenso coas forzas políticas, escoitando tamén os colectivos de escaladores e ximnastas, que chegue outra vez un consenso coas forzas políticas. Este é un xogo de maiorías, hai que ter maioría e conseguilo, non chegar a un consenso. E xa temos claro o que pomos aquí. É dicir, queren facer isto, si ou non? Eles sempre marear a perdiz, como cando foi cos autobuses. Non, que un técnico diga... Sempre aprazando. Por que? Canto máis aprace o PSOE, menos obras se fan en Ourense.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

E o que queren é que cheguemos ao final do mandato con cero obras. Iso é o que realmente busca o PSOE, por iso marean a perdiz.

E respecto ao que propón o BNG pois realmente tamén outra vez din o mesmo. É de chacota o BNG. O PSOE fixo esa emenda e o BNG fai outra emenda e di o seguinte. Di que hai que facer a elaboración dun informe técnico, outro, porque di que o informe técnico do ano 2018 alertaba de graves deficiencias, coño, se o informe do 2018 alertaba de graves deficiencias, asegúroche que o de 2021 non vai dicir que está mellor. Home, mellor non vai estar. Terá que estar igual ou peor, pero, vamos, mellor non vai estar.

O Bamio as deficiencias que tiña no 2018 seguen a ser as mesmas. Tranquilo, que os piares seguen a ser os mesmos. Necesita unha gran reforma, necesitaba 3 millóns de reformas no ano 2018 e necesítaos agora tamén. E aquí hai unha grande oportunidade. E simplemente a súa malicia política para que non se faga nada é o único que pode evitar que non se merque o Bamio.

Máis nada. Nós imos votar a favor da moción de Ciudadanos.

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS):

Xa imos ir rematando.

Por ir contestando segundo foron intervindo, no caso, por exemplo, de don Mario Guede diría, primeiro, que soñemos cunha instalación para estas dúas modalidades deportivas e a continuación axustemos todo o necesario para que se poidan practicar.

Eu o que lles traía hoxe aquí, sen entrar en tecnicismos, é a necesidade dunha instalación para as persoas que practican o deporte de base e o recoñecemento aos clubs que están fermentando estes deportes e que agora mesmo precisan de instalacións porque neste ano e nos próximos non van poder practicar deporte todos os mozos e mozas que o queren facer. E eu penso que unha sociedade é moito máis sa e saudable se se practica deporte que se se dedica un a outras cousas. Así que haina que só sexa por esa razón.

Despois evidentemente o que vostede explicaba, don Mario, que eran as competencias que ten cada Administración, pois evidentemente agradézolle a explicación pero eu penso que aquí, e volvendo á palabra soñar, soñemos cunha Administración autonómica que se sume a este proxecto e que nos axude na cidade de Ourense, e esta é unha demanda que terá que lle facer o goberno municipal, que se sume a esta nova instalación.

No caso do Bamio a min paréceme unha oportunidade. No seu momento razoáramolo no grupo municipal, parecíanos unha oportunidade a compra. Non quero entrar no prezo porque descoñezo cal ten que ser. Iso terá que ser unha taxación oficial e un procedemento administrativo, e no medio haberá embargos e haberá débedas e demais. Quero dicir, eu creo que agora mesmo aquí falar diso non é o noso papel, o noso papel é ter a intención ou non de dotar a cidade dunha instalación destas características. E despois eu, polo menos, fíome completamente sempre do que din os técnicos municipais e eles





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

encamiñarannos a saber como hai que facer o procedemento para a compra desta instalación. O outro, señor Jones, comprenderá que vén vostede un pouco a se sumar a ese rosario que levamos esta mañá de pór pegas para non facer as cousas. E nisto mira que o tiña fácil vostede, mira que se meteu aí noutro bulleiro para falar.

Eu insístolles moitísimo en que a cidade ten dereito a esta instalación, hai demanda. Miren, no caso da escalada, eu pregunteille cantos metros cadrados necesitarían como mínimo para a práctica deste deporte, das bases, o que está agora mesmo. E fálame só a escalada de 1000 m², só a escalada. E logo os da ximnasia, que necesitan tamén unha instalación. Quero dicir, que ao mellor o espazo non daba para moitos máis deportes. Descoñezo tamén, porque iso terá que haber un estudo que faga unha distribución do espazo e que vexa cal é o aproveitamento. Pero Bamio é unha instalación que no seu momento funcionou, no seu momento a cidade asumiu que ese lugar é un lugar para a práctica de deportes diferentes ao que había na oferta deportiva do seu momento e que agora mesmo pode volver ser unha oportunidade e como tal o formulamos aquí, sen ninguén tipo de condición para que sexan precisamente os técnicos e os informes municipais, desde o punto de vista técnico e económico, os que nos digan cara a onde temos que ir, se realmente temos a intención de compralo, ou se temos a intención de bloquealo, pois evidentemente se bloqueará.

Moitas grazas.

ALCALDÍA: Araújo, por favor, as emendas acéptaa?

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS): Non.

ALCALDÍA: Araújo rexeita as emendas, co cal teremos que botalas por separado.

SR. BERMEJO ANSIA (NON ADSCRITO): Ola. Si, rapidísimo.

Levo fixándome un rato nuns plenos, nos últimos plenos e saco unha serie de conclusións, que non sei se a xente estará de acordo comigo. Eu vexo baixar os impostos, por exemplo, impostos municipais, non; a compra, adquisición do Bamio, non; autobuses novos, non; residencia de Amancio Ortega, non; modificación de crédito, non; o que paga a Xunta traelo para Ourense para que nós cubramos os gastos que agora mesmo está facendo a Xunta, iso si; infraestruturas deportivas, non.

Señores, a min dáme exactamente igual quen traia o proxecto, se é bo, se é interesante, se estamos dotando a cidade de infraestruturas que non tiñamos e que necesitamos e que a xente está demandando, o meu voto, como noutras ocasións, sempre vai ser si.

Máis nada. Grazas.

SR. CARIDE DOMÍNGUEZ (NON ADSCRITO): Grazas, señor alcalde.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Agora que estamos máis calmados quixera compartir unha reflexión. Máis alá da lexítima crítica política, eu penso que en política é moi importante respectar as opinións e os votos acertados ou errados dos discrepantes. Iso é fundamental, en primeiro lugar. E, en segundo lugar, é fundamental ter rigor, porque hai un vello apotema xurídico que di que as cousas son o que son, non que as partes queren que sexan.

Teño a sensación de que hoxe faltaron ambas as cousas neste pleno e avogo por que nos vindeiros plenos non falten. Que se respecten as votacións, que se discuta politicamente e se critique todo o que haxa que criticar, pero que se respecte sobre todo as decisións e as votacións porque son lexítimas e soberanas. E sobre todo que haxa rigor. Eu entendo que é máis fácil trasladar mensaxes á cidadanía, pero ás veces non se pode distorcer a realidade das cousas.

Fóiseme o tempo.

SRA. REZA ÁLVAREZ (BNG): Bo día de novo a todos e a todas.

Entendemos que o señor Guede compartirá que Ourense é deficitaria en instalacións e non só o que está acontecendo con algúns clubs que teñen que marchar, senón que tamén é moi grave o que está a pasar no Pavillón dos Remedios porque non entendemos como a día de hoxe é posíbel que a oferta de cursos públicos que se ofertaban no Pavillón dos Remedios non se está dando porque na piscina de 50 antes impartíanse cursos de perfeccionamento e a día de hoxe eses cursos non se están impartindo e antes impartíanse. As nais e os pais esta semana foron polas tardes a escribir os seus e as súas nenas estiveron esperando a cola e cando chegaban ao mostrador para inscribir aos nenos e ás nenas aos cursos de perfeccionamento non había ningún curso de perfeccionamento. E ninguén os avisou, porque ninguén avisou de que se ían eliminar eses cursos. Chegaron alí e tiveron que dar a volta. Ían botando fume, normal. Vanse ofertar eses cursos nos Remedios, eses cursos públicos que se ofertaban? Porque debe haber unha oferta pública, saber nadar é moi necesario. Saber nadar salva vidas. Entón, vanse recuperar eses cursos? Queremos saber, porque se non moitas familias que non teñen recursos e que teñen varios fillos van ter que pagar ao mellor 35€ ou 40€ para que poidan defenderse un pouco mellor o seu fillo ou a súa filla nadando. Entón, desde o BNG pensamos que é necesario recuperalos. Non sabemos por qué non se están ofertando, non sabemos se é porque faltan monitores, non sei se é por iso. Non sei se é pola carencia de instalacións. É verdade que se xubilaron nos últimos anos 5 monitores e non se repuxo ningún, igual que se contrataron conserxes que se xubilaron, por que non se contrataron monitores? Iso non sabemos. Ao mellor é porque non hai instalacións suficientes para que poidan estar os clubs e os usuarios, entón os aboados dicímoslles non, non temos instalacións para vós, sentímolo, ide a un sitio privado e alí aprenderedes a nadar.

E antes vostede falou de que era necesaria a colaboración entre administracións e é verdade, é necesaria a colaboración entre administracións. E vostedes aquí fixeron un pacto entre o Partido Popular e Democracia Ourensana e repartiron os postos e as cadeiras da deputación e do concello. O que non entendo é como non se poden sentar para falar da necesidade de instalacións deportivas que hai no Concello de Ourense e que poden servir tamén ao resto da provincia. Hai moitos deportistas do resto da provincia que veñen a





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

Ourense a practicar deporte, moitos. Entón, por que non falaron do futuro de Expourense? Por que non sentaron a falar de que Expourense pode ser un lugar que acolla esas instalacións? Que haxa colaboración entre ambas as institucións. Non creo que lle resulte tan difícil.

E despois, claro que hai alternativas. No BNG tiñamos esa alternativa da finca de Santamariña, do pavillón de ximnasia, da piscina, que está nalgún caixón durmindo, que non vai para adiante nin para atrás. Tamén tiñamos un proxecto de cidade deportiva para o Couto, que se fixera un campo novo e que o actual se convertese nunha zona multiusos onde tamén se puidese facer un pavillón. Ao mellor alí tamén cabía a escalada, ao mellor tamén cabía o skate, non o sei. Alternativas hai máis, hai máis alternativas ca esas. Polo tanto, senten a falar e decidan que se pode facer e onde se pode facer. Pero, dende logo, no Bamio estamos collendo un solo rústico e funcionou? Si, funcionou, claro, sen licenza.

Moitas grazas.

SR. GUEDE FERNÁNDEZ (PP):

Digamos, en principio, que isto nace xa no ano 2018. Daquela, xunto co informe técnico, tamén desde o Consello Municipal de Deportes enviouse un informe técnico en canto á posible utilidade do Bamio como instalación deportiva e onde nós, daquela, consideramos que toda nova instalación deportiva, ou sexa, calquera instalación deportiva benvida sexa, o único desde o 2018 xa houbo 3 plenos e neses plenos esixíase que por parte de Patrimonio do concello, cos informes pertinentes, incluso o informe de fiscalización, se traía unha proposta, se non, señor Araújo, isto de instar, claro, ten que ter un pouco de substancia todo isto. É que non se pode vir aquí porque isto loxicamente queda en nada. Por iso eu son partidario de que cando falamos de infraestruturas deportivas, ou en xeral, temos que ser persistentes pero non impacientes. Aquí falamos en varias ocasións da finca Mariñamansa, dunha nova instalación para ximnasia aí que contemple o foxo, que poida acoller todas as disciplinas que poida abarcar novas disciplinas como están xurdindo agora, como é o caso da escalada, que se está potenciando, pero tamén falamos do barrio da Ponte, unha moción do Partido Socialista, creo que do ano 18, tamén falamos de que esa posible instalación se puidese localizar na Ponte. E como non, apoiámola, por que? Porque o ratio de persoas na Ponte e de clubs na Ponte e de colexios arredor do instituto Blanco Amor, do 12 de Outubro ou da Anexa pois é un espazo ideal para poder ter unha instalación dese tipo. E por iso temos que falar qué instalación queremos, qué se vai desenvolver nesa instalación. Pensade que, por exemplo, a pista de atletismo ao cabo dun ano houbo que triplicar o número de asentos porque era unha instalación que a demanda obrigaba a esas novas localidades. Polo tanto, asegúremonos ben o que queremos.

Nós non estamos en contra nin a favor de que se hai novas instalacións intentar sacar o máximo rendemento, pero loxicamente son castelos no aire. Aquí o lóxico é que veña unha proposta firme con todas as da lei e que despois loxicamente poidamos decidir se a apoiamos ou non a apoiamos.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

E, en canto aos clubs que vostede repite e volve repetir que se foron fóra, é mentira. E vólvollo dicir é autenticamente mentira. Un deles nin tan sequera se rexistrou no concello, o Club de Taichi ou de Wushu nin está rexistrado no Consello Municipal de Deportes. Ningún dos 3 solicitou instalación no Concello de Ourense. O Club Marusia, que veu de Ribadavia e se rexistrou no ano 17, cando pediu instalacións, concedéronselles instalacións. Pódelle gustar máis ou pódelle gustar menos, pero déuselle instalacións no campo da feira. E cónstame que teñen no Paco Paz e que tamén tiveron en Expourense, é dicir, a conveniencia que eles poidan ter en Coles non significa que sexa porque desde o Consello Municipal de Deportes se lle denegou as instalacións. Entón, centremos ben o tema porque estamos atendendo a máis de 60 clubs e máis de 40 disciplinas deportivas. O deporte segue a crecer e as instalacións teñen que seguir crescendo pero teñen que seguir crescendo en orzamentos e en dotacións. E aí é onde temos que estar unidos todos.

Moitas grazas.

SR. JONES ROMERO (PSdeG-PSOE):

Señor Araújo, vostede di aquí non estamos a falar de tecnicismos e de cartos. Menos mal, porque leva 5 horas e media falando de modificacións orzamentaria e botando a culpa enriba. Como que non hai que falar de cartos, cando se pretende a compra dun inmovible? Non é o mesmo 100000, 120000 que 3 millóns e medio, 4 millóns. Xa o alcalde recoñeceu que a cousa iría polos 3 millóns e medio de euros, pero vai máis, porque ese informe, repito, está desfasado.

Señores do Bloque, respecto á emenda de substitución, entendemos que non é necesario porque ese informe, a verdade, é que ía amosar unha situación aínda máis deplorable do que ten a día de hoxe. E, ademais, por outra razón e é que o concello si que ten que facer os deberes con esa empresa dona do inmovible en dúas facetas. Unha, ten que recadar o que debe. Está en vía executiva, pero, ademais, se segue coa vía executiva, e cónstame que hai un convenio entre o Concello de Ourense e a Axencia Tributaria para a realización de bens, é dicir, para avaliación, poxa e ben, pois, ao mellor, hai que seguir por ese camiño. Aí xa teríamos unha nova avaliación do ben. En segundo lugar, porque xa o adiantaba o técnico que fixo o informe en 2018 cómpre facer unha análise detallada de cómo isto iso, porque ao mellor tamén hai que iniciar dende Urbanismo, dende o Servizo de Disciplina Urbanística ao mellor un expediente, ben de reconstrución daquilo para que non vaia a unha ruína auténtica, ben directamente a un expediente de ruína. E aí tamén teríamos informes xa obxectivos e actualizados. Por isto entendemos moito máis acaída a nosa emenda porque como xa ben dixera o señor Guede, e ademais collendo na man os estatutos do Consello Municipal de Deportes, é o Consello Municipal de Deportes o encargado de velar pola nova creación e mellora de instalacións deportivas. E que mellor que alí, e por certo, señor Bermejo, quen dixo que estabamos en contra de instalacións deportivas?, o 90, o 95% dos proxectos, por non dicir o 100%, que se levaron, polo menos dende que eu son concelleiro, ao Consello Municipal de Deportes acadaron a unanimidade dos grupos políticos. E a vostede eu invitaríalle a que lese a acta do pleno no que se debateu isto o que dicía vostede do Bamio. De todo menos bonito. E, por certo, despois o señor Araújo non votou a favor, votou vostede. E vostede xa non está en Ciudadanos. Aquí é un delirio tamén isto.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

En fin, rematando, que a empresa pague o que debe e busquemos alternativas a esas disciplinas deportivas, que estamos todos a favor diso, pero non a custa de 4 millóns de euros, repito, e non a custa de levar a imaxe dunha empresa que é unha caloteira porque debe a tesourería, debe a Facenda, debe ao concello e imos facerlle a onda enriba condonando unha débeda e collendo un morto para o concello.

Máis nada.

ALCALDÍA: Simplemente dicir que no tema cando falei hai uns meses, achegueime aos rapaces que estaban facendo o tema da escalada e que realmente no Pavillón dos Remedios queda curto e exploramos outras vías, como é, por exemplo, en Oira e no campo de fútbol de Oira un lateral, pero realmente era un problema porque tapabamos unha parte da bancada. Realmente é difícil encaixar un sitio.

Antes dicía, creo, Rhut do BNG, dicía non estraguen, falando do tema do skatepark, non estraguen un parque, non fagan o skatepark, non estraguen un parque. Realmente é difícil non estragar algo porque en Ourense é todo un tetrís e non hai nada baleiro nin oco. Entón, realmente, fagas o que fagas, tes que coller algo que realmente tes que elixir entre as dúas opcións. É realmente moi difícil, eu quedei impresionado cando visitei Vitoria. Visiteina dúas veces, a primeira vez foi no ano 90 e logo xa a visitei con máis detemento hai uns anos, e chamoume a atención porque, claro, Vitoria era moito máis pequena que Ourense, medrou moitísimo, e, claro, ten unha chaira tremenda, que hai podes deseñar a cidade como che dea a gaña, fas marabillas. Ourense non podemos facer iso. Xa lle digo, non podemos nin facer un campo de fútbol, por iso dicía que o mellor era bo sitio facer un campo de fútbol onde está a antiga estación de autobuses porque realmente en Ourense o problema é o sitio.

Pois máis nada.

SECRETARIA: En caso de que prospere algunha das emendas, algunha, xa non se votaría a moción.

O Pleno do Concello, por dezasete votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego; e sete abstencións, do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos, adoptou o seguinte **ACORDO:** Aprobar a emenda do PSdeG-PSOE.

O Pleno do Concello, por dous votos a favor do Grupo Municipal do BNG; un voto en contra de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; e once abstencións do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos, adoptou o seguinte **ACORDO:** Rexeitar a emenda do BNG.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

En consecuencia, apróbase a moción coa redacción dada polas emendas do PSdeG-PSOE e do BNG.

6.- Mocións de urxencia

7. Parte de información, impulso e control

7.1 Rogos

O Carrabouxo

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): Último rogo. Recentemente trasladouse de localización a estatua do Carrabouxo, un traslado que nós non compartimos, pero o caso é que por máis que temos solicitado o expediente da actuación non se nos facilitou, polo que pregamos se nos remita o antes posible.

ALCALDÍA: Non hai expediente, señor. É unha decisión que tomei eu, vale?

A ponte romana

SR. ARAÚJO FERNÁNDEZ (CS): Eu quixera facerlles un rogo, xa o fixemos en varias xuntas de área, xa de hai tempo, hai meses incluso cando o Partido Popular aínda estaba na oposición, porque eu recordo tamén ao señor Guede fixera o mesmo rogo. Na ponte romana desde que houbera aquel temporal, eu polo menos asócioo a esa época, a ponte romana na parte que ten que ver coa capela dos Remedios está completamente a escuras e pode provocar situacións de risco para as persoas que transitan por alí de noite. Esta mesma situación ocorre no barrio da Ponte, na rúa Vicente Risco, nos edificios que están agora mesmo en fase de abandono, os edificios que hai xusto na rúa Vicente Risco, que, se queren, lles facilito o número, pero xusto fronte ao 12 de Outubro. Estas dúas situacións, concretamente no barrio da Ponte, provocan unha escuridade total pola noite, situacións de risco e agradeceríámoslle que tomaran nota e que puidesen buscar unha solución, aínda que fose transitoria.

ALCALDE: Moi ben, grazas.

O Carrabouxo

SRA. AGEITOS GUDE (PSdeG-PSOE): Bo día, señor alcalde. Grazas a todos. Tamén dedicar unhas palabras ao señor Vázquez, dicirlle que foi unha honra poder estar con vostede e todo o meu apoio na decisión que tomou.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

O meu primeiro rogo é en relación tamén á estatua do Carrabouxo e quería rogarlle ao señor alcalde e ao goberno municipal que, por favor, que faga cumprir a súa instrución de veladores actual vixente, xa que como vostede sabe hai unha protección e un respecto aos nosos bens patrimoniais.

7.2 Preguntas

Pasarela peonil da ponte do inferno

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): Antes de facer o rogos e preguntas, acabo de ver unha noticia que me acaba de chamar a atención e é a dimisión de Jesús Vázquez. Pois nada, desexarlle ao señor Jesús Vázquez sorte na etapa que vaia comezar, se fóra ou dentro da política e, en todo caso, nada, a vida continúa.

Hai xa unhas semanas que a pasarela peonil de madeira de comunica o pozo do inferno co Polvorín está pechada e queremos saber cando está previsto levar a cabo eses traballos e cando, polo tanto, teñen previsto reabrir esta pasarela.

ALCALDÍA: Perdón, repítame.

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): Dicia que hai xa semanas que a pasarela peonil de madeira que comunica o pozo do inferno co Polvorín está pechada, polo cal a xente ten que dar un rodeo para cruzar o Barbaña dun lado ao outro e queriamos saber cando está previsto levar a cabo eses traballos e cando teñen previsto abrir a dita pasarela.

ALCALDÍA: Moi ben, darémoslle conta por escrito con Infraestruturas.

Oficina de Rexistro

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): Hai algunhas semanas que se abriu a nova oficina de Rexistro e queremos saber cales son as razóns polas que non se está a limpar a devandita oficina como o resto das dependencias municipais.

ALCALDÍA: Pois contestarémolle tamén por escrito.

Acordo regulador persoal

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): En Xunta de Goberno Local do 26 de agosto aprobouse a modificación do Acordo regulador das condicións de traballo dos empregados públicos do concello consonte os acordos acadados coas organizacións sindicais na mesa de negociación. Preste atención, señor Armando, por favor, sen cuestionar o acordo para nada, o concello vén de proceder do mesmo xeito que coa modificación dos 62 millóns de euros, que é furtarlle competencias ao pleno e non o dicimos nós, senón unha sentenza é a 54/2021, do Tribunal Supremo, cunha cuestión idéntica no Concello de Lugo e na que di que a aprobación do Acordo correspóndelle ao pleno. A pregunta é, que teñen pensado facer diante desta situación?





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

SR. OJEA BOUZO (DO): Responderémoslle por escrito, señor Luís.

Broza barrios

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): Hai unhas semanas que denunciámos a situación en que se atopan algúns barrios da cidade, a práctica totalidade do perímetro rural en relación coa broza. Polvorín, Barrocás, Santa Cruz de Arrabaldo, A Granxa, etc. A pregunta é, teñen previsto rematar nalgún momento con esta situación e, polo tanto, limpar e obrigar a limpar a quen corresponda?

ALCALDÍA: Por escrito.

Obra homenaxe a Bóveda

SR. SEARA FERNÁNDEZ (BNG): No pleno anterior preguntamos se tiñan previsto pórse en contacto co autor da obra homenaxe a Alexandre Bóveda da rúa Barreira para reparala, algo que o autor xa amosou publicamente estar disposto a facer. Queremos preguntarlle se se levou a cabo algún contacto con Buciños para proceder ao dito arranxo.

ALCALDÍA: Por escrito.

Obra estación bus

SRA. AGEITOS GUDE (PSdeG-PSOE): Tamén a miña outra pregunta, quería saber, señor alcalde, se que desde que remataron as obras na nova instalación de autobuses

ALCALDÍA: Xa sería o segundo que fai. Dígame.

SRA. AGEITOS GUDE (PSdeG-PSOE): Si. Esta sería unha pregunta, o outro foi un rogo. Que, desde que remataron as obras da nova estación de autobuses e do novo aparcamento da estación empalme, existe unha grave problemática como todos sabemos en canto á reorganización do tráfico realizada na zona por parte do Concello de Ourense, que prexudica claramente aos veciños e ao colectivo de taxistas situados na esplanada desta estación. No mes de xullo o Grupo Municipal Socialista xa solicitamos os cambios e alternativas para habilitar un acceso rodado directo desde a rúa Eulogio Gómez Franqueira ás rúas lindeiras co fin de evitar, sobre todo, o rodeo que teñen que facer todos estes vehículos. O que queremos saber é que o que teñen pensado vostedes facer, o goberno municipal

ALCALDÍA: Si, si, xa está en marcha o tema. Contéstalle Telmo, si?

SRA. AGEITOS GUDE (PSdeG-PSOE): E tamén se van tomar algunha solución.

ALCALDÍA: Si, xa se toma. Telmo.





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

SR. UCHA ÁLVAREZ (DO): Pois si. Simplemente era iso, que xa está en marcha, que xa está en Infraestruturas o estudo por parte de Tráfico e que xa saíu en prensa unhas cantas veces. Estará solucionado contamos que nun par de meses máximo.

SRA. AGEITOS GUDE (PSdeG-PSOE): Moitas grazas.

Opinión sobre as termas

SR. REY REY (PSdeG-PSOE): Como non pode ser doutra maneira sumarme aos desexos de Luís e de Juana e desexarlle os mellores éxitos fóra da política municipal ao que foi o meu alcalde entre o ano 2015 e 2019. Moita sorte, Jesús, e que teñas unha feliz vida política fóra da vida municipal.

E na pregunta sería se está de acordo vostede, o señor alcalde, a concelleira de Termalismo, coas recentes declaracións de Gabriel Alén a un xornal afirmando que deron todas as solucións para abrir as termas, chegando a asegurar que a Administración autonómica non ten máis nada que facer e que as cuestións está en mans do concello, é dicir

ALCALDÍA: Ben, home, a miña opinión é que é obviamente unha información nesgada. É dicir, oia, nós non temos nada máis que facer. Non, claro, puxeche unhas condicións moi duras e agora non tes nada que facer. E di, agora está en mans do concello. Home, tes razón. Se ti me dis, oe, tes que subir o Everest, agora xa depende de Gonzalo que suba o Everest. Entón o que nos criticamos é que entendemos que a Xunta puxo o listón moi alto e é o que criticamos.

Persoas refuxiadas

SRA. GARCÍA LOZANO (PSdeG-PSOE): Bo día a todos outra vez. A don Jesús Vázquez desexarlle a mellor das sortes e moito ánimo porque me imaxino que para facer iso ten que ter realmente uns motivos moi fortes, porque ten que ser duro, xa que sabemos que a actividade municipal lle gustaba, por iso foi vostede alcalde desta cidade.

Con respecto á miña pregunta sobre as últimas manifestacións de dona Eugenia sobre o tema das persoas refuxiadas. Imos ver, temos entendido que a Cruz Vermella ten neste intre para solicitantes de asilo unha familia de dous adultos e 5 menores, 7 persoas. Entendemos que a concelleira en prensa lanzou unhas manifestacións de que ía ter unha reunión este luns pasado para decidir en que se pode colaborar. Nós temos ben claro que no anterior mandato fomos a primeira cidade galega en ter un protocolo de actuación. Ese protocolo de actuación ten un montón de articulado, queremos saber ese protocolo de actuación estará desenvolvido. Entón, queremos saber en que di este concello que vai colaborar con Cruz Vermella.

ALCALDÍA: Si, Eugenia, por favor.

SRA. DÍAZ ABELLA (PP): Vai ser moi breve. O que si desde o venres pasado que tivemos coñecemento de que ían chegar a esta provincia diversas familias de refuxiados





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

puxémonos en contacto con Cruz Vermella. A comunicación é fluída, pero é un programa de acollida internacional que levan eles no seu programa de acollida internacional que nos pediron a máxima discreción por protección, porque son normas, non de Cruz Vermella Ourense, senón de Cruz Vermella España e Cruz Vermella a nivel internacional. Ese programa de acollida ten varias fases, pero están desenvolvendo integramente eles, e vostedes, o Partido Socialista, deberan coñecelo porque a través do goberno de España é como se está desenvolvendo todo este proceso. Sabe Cruz Vermella, porque así llo trasladei, que no momento en que eles necesiten ou queiran ou estean en disposición nesas fases que eles teñen establecidas de que nós nos poñamos mans á obra, contamos con iso. Pero a día de hoxe, desde o xoves pasado en que comezou este proceso, o venres chegar un número e está chegando máis, pois é unha fase inicial e eu en xuntas de área, como sempre, darei a información que me estea permitida e que vaíamos cometer como concello.

ALCALDÍA: Hai algo máis? Non? Pois antes de levantar a sesión, por favor, eu quixera dicir algo. O señor Seara dixo que saltara a noticia, obviamente eu sóbuno momentos antes e non quixen dicir nada por respectar os tempos de comunicación que cada cal considere, pero xa que saltou a noticia, antes de que remate este pleno, quixera dicir algo do señor Jesús Vázquez, que hoxe presentou a súa renuncia, que será oficial a partir do próximo pleno, ben é certo que será a partir de mañá pero, señor secretario, entendo que se oficializa o próximo pleno a renuncia definitiva?

SR. SECRETARIO: Ante o pleno do concello.

ALCALDÍA: Esta renuncia do señor Jesús Vázquez farase efectiva no próximo pleno que celebre esta corporación.

Eu quixera dicir, como vostedes saben, as miñas diferenzas co señor Vázquez foron grandes no político, estando na oposición e tamén no grupo de goberno, aínda que menos, pero si que houbo grandes diferenzas. Eu critiquei moito ao señor Jesús Vázquez e na vida todos temos cousas malas e cousas boas, así que todos temos, todos temos cousas malas e cousas boas. E hoxe tócame, obviamente, dicir o bo, o malo critiqueino no seu día, e hoxe tócame dicir o bo. Respecto ao bo de Jesús Vázquez teño que dicir, eu creo, unha característica, que, á parte de ser unha persoa obviamente que ten unha traxectoria política e unha gran experiencia que lle pido que, como senador, siga defendendo Ourense, non será concelleiro, pero segue a ser senador e, obviamente, pídolle, por favor, que como senador que é siga defendendo Ourense no seu labor no Senado

SR. OJEA BOUZO (DO): Creo que dimitiu como senador.

ALCALDÍA: Ah, como senador tamén? Como senador dimitiu? Non o sabía. Vale. E o que quero dicir, resaltar hoxe e dar as grazas pola súa tremenda lealdade ao partido que realmente o acolleu. Foi tremendamente leal. É máis, eu son alcalde grazas a que ese señor foi leal, porque seguramente el non quixería que eu fose alcalde desta cidade, porque temos grandes diferenzas e el foi leal ao seu partido, o partido que o puxo aí. Entón é unha persoa tremendamente leal. Que significa unha persoa leal como Jesús Vázquez? Que podes confiar nel. Pódeche gustar ou non a súa política, critiqueino moitas veces, pero





CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

pódese confiar nel. Non se pode dicir iso de todas as persoas que están nesta sala. Saben moi ben a quen me refiro. Eu non tiven xente leal no meu partido. O señor Jesús Vázquez si, tremendamente leal. E grazas a iso eu son alcalde. Así que garzas por ter sido tan leal ao partido que o acolleu.

Máis nada e moita sorte.

SR. VÁZQUEZ ABAD (PP): Moitas grazas a todos, vou intentar ser breve porque leva un anaco bastante grande abondo emocionado, non sei se sería capaz de rematar as miñas verbas por moitas mensaxes que estou a recibir, incluso chamadas desde o propio Senado.

O único que quero dicir é que grazas a todos, que fago meus os fallos, os éxitos de todas as persoas que durante estes anos me acompañaron. É un pracer servir a Ourense e que ao mellor é o momento indicado para que todos pensemos en Ourense e poñamos os intereses de Ourense por diante de todo e por riba do que son as siglas do noso partido político.

Todo o mundo sabe que non comparto moitas das decisións que se adoptaron pero, en todo caso, abandono a política activa. Necesito volver á miña facultade, á miña outra casa, pero, dende todos os ámbitos, seguirei a loitar, desde logo, por Ourense. Ourense creo que merece políticos que primen Ourense e abandonemos as nosas diferenzas. Só así poderemos sacar esta cidade adiante.

Moitísimas grazas por todo e polo tanto a todos e a todas, a todos os funcionarios, Jácome. Moi bonito, estou a recibir cantidade de mensaxes do concello que, á parte son de funcionarios, de xente que traballou connosco e moi bonito esas mensaxes.

Moitísimas grazas.

ALCALDÍA: Grazas a ti.

—
E non tendo máis asuntos que tratar o Excmo. Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e trinta minutos, de todo o que, como secretario, dou fe.

